



PARLAMENTO  
DE GALICIA




## DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

---

X lexislatura  
Serie Pleno  
Número 73

**Sesión plenaria**  
23 de maio de 2018

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



## **ORDE DO DÍA** (continuación)

---

### **Punto 3. Proposicións non de lei**

#### **3.1 13046 (10/PNP-001110)**

##### **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

##### **Fernández Gil, César Manuel e sete deputados/as máis**

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia das medidas e accións de recoñecemento para as empresas que colaboran e participan no desenvolvemento da FP

Publicación da iniciativa, BOPG nº 158, do 04.08.2017

#### **3.2 27068 (10/PNP-001918)**

##### **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

##### **Torrado Quintela, Julio e tres deputados/as máis**

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da consideración de ‘proximidade’ para a liña ferroviaria atlántica de Galicia, así como a apertura, de xeito paralelo, dun proceso de diálogo para aumentar as frecuencias dos servizos ferroviarios ofertados e rebaixar o prezo dos billetes de tren

Publicación da iniciativa, BOPG nº 272, do 07.03.2018

#### **3.3 29370 (10/PNP-002139)**

##### **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

##### **Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co financiamento das entidades locais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 296, do 25.04.2018

#### **3.4 29758 (10/PNP-002185)**

##### **Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

##### **Rodil Fernández, Olalla e cinco deputados/as máis**

Sobre as medidas que debe adoptar e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir o acceso da sociedade galega aos contidos audiovisuais que distribúen as distintas plataformas en versión orixinal subtitulada en galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 299, do 03.05.2018

**3.5 29964 (10/PNP-002203)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fernández Prado, Martín e oito deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa construción dunha nova variante para Ribeira, entre a glorieta do final da autovía da Barbanza AG-11 e a estrada DP-7303

Publicación da iniciativa, BOPG nº 299, do 03.05.2018

**3.6 30345 (10/PNP-002243)****Grupo Parlamentario de En Marea****Vázquez Verao, Paula**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para promover o uso normal da lingua galega e facilitar o seu coñecemento no ensino infantil, así como nos centros de atención á infancia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 301, do 08.05.2018

**3.7 30400 (10/PNP-002251)****Grupo Parlamentario de En Marea****Cuña Bóveda, María de los Ángeles e doce deputados/as máis**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para salvagardar a asistencia sanitaria prestada polo Centro Galego de Bos Aires, así como o seu patrimonio, a súa obra social e o seu legado

Publicación da iniciativa, BOPG nº 301, do 08.05.2018

**3.8 30468 (10/PNP-002256)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis**

Sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co financiamento das obras de construción do porto exterior de Punta Langosteira e as súas conexións, así como a posición do Parlamento de Galicia en relación coa devolución polo Goberno central á cidade da Coruña dos peiraos de Calvo Sotelo, Batería e San Diego garantindo o seu destino a fins sociais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 301, do 08.05.2018

**Punto 4. Interpelacións****4.1 2127 (10/INT-000085)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Villoslada, Juan Manuel e cinco deputados/as máis**

Sobre a estratexia da Xunta de Galicia para fomentar o retorno, en plenitude de dereitos, das persoas galegas emigradas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 28, do 14.12.2016

**4.2 3070 (10/INT-000105)****Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre a situación das urxencias no Sergas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 48, do 19.01.2017

**4.3 30455 (10/INT-001007)****Grupo Parlamentario de En Marea****Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa protección do patrimonio cultural do Camiño de Santiago

Publicación da iniciativa, BOPG nº 302, do 09.05.2018

**Punto 5. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta****5.1 30960 (10/POPX-000091)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre a data prevista polo Goberno galego para a remisión ao Parlamento de Galicia da auditoría de KPMG que supostamente recomendaba a fusión das caixas de aforros galegas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 305, do 16.05.2018

**5.2 30961 (10/POPX-000092)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Fernández Leiceaga, Xoaquín María**

Sobre a opinión do Goberno galego referida aos resultados das últimas avaliacións coñecidas respecto do Sistema sanitario público de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 305, do 16.05.2018

**5.3 30965 (10/POPX-000093)****Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis**

Sobre o traslado á cidadanía de información veraz e completa respecto das motivacións da acción de goberno da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 305, do 16.05.2018

**Punto 6. Preguntas ao Goberno****6.1 22800 (10/POP-002750)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pazos Couñago, José Alberto e seis deputados/as máis**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para impulsar a participación de Galicia nos asuntos europeos nesta etapa de cambio

Publicación da iniciativa, BOPG nº 241, do 17.01.2018

**6.2 30909 (10/PUP-000164)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e cinco deputados/as máis**

Sobre a valoración do Goberno galego respecto dos cambios previstos pola Dirección da CRTVG na programación da Radio Galega a partir do mes de setembro de 2018

Publicación da iniciativa, BOPG nº 305, do 16.05.2018

**6.3 30952 (10/PUP-000165)****Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis e trece deputados/as máis**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto das modificacións que se pretenden introducir na grella de programación da Radio Galega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 305, do 16.05.2018

**6.4 26187 (10/POP-003113)****Grupo Parlamentario de En Marea****Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón**

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia, na defensa do dereito á vivenda, para afrontar a burbulla do alugamento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 264, do 21.02.2018

**6.5 26945 (10/POP-003203)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis**

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da inauguración o día 30 de decembro de 2017 das obras de ampliación da ponte de Rande, antes de que estivesen rematadas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 272, do 07.03.2018

**6.6 22975 (10/POP-002758)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Tellado Filgueira, Miguel Ángel e seis deputados/as máis**

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do inicio da segunda fase da conversión do aeródromo de Rozas nun centro tecnolóxico e industrial de avións non tripulados, así como as solucións elixidas para as licitacións de mellora dos servizos públicos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 247, do 25.01.2018

**6.7 24019 (10/POP-002908)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Egerique Mosquera, Teresa e sete deputados/as máis**

Sobre as circunstancias e condicións do traslado desde Bos Aires a Galicia do cadro de Castelao *A derradeira leición do mestre* para a súa exhibición no museo da Cidade da Cultura

Publicación da iniciativa, BOPG nº 251, do 01.02.2018

**6.8 30121 (10/POP-003531)**

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca**

Sobre as previsións da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto da reformulación do Centro Dramático Galego tendo en conta todos os axentes das artes escénicas implicados

Publicación da iniciativa, BOPG nº 299, do 03.05.2018

**6.9 30149 (10/POP-003535)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Quiroga Díaz, José Antonio e tres deputados/as máis**

Sobre as razóns do Goberno galego para non ampliar o prazo de presentación de alegacións en relación coa tramitación do expediente para declarar a Ribeira Sacra como ben de interese cultural, coa categoría de paisaxe cultural

Publicación da iniciativa, BOPG nº 302, do 09.05.2018

**6.10 30959 (10/PUP-000166)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio**

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da oferta de prazas en escolas públicas infantís da Comunidade Autónoma de Galicia para o vindeiro curso 2018-2019

Publicación da iniciativa, BOPG nº 305, do 16.05.2018

*Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.*

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a data prevista polo Goberno galego para a remisión ao Parlamento de Galicia da auditoría de KPMG que supostamente recomendaba a fusión das caixas de aforros galegas. (Punto quinto da orde do día.)**

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 14.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 15.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 16.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 17.)

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a opinión do Goberno galego referida aos resultados das últimas avaliacións coñecidas respecto do Sistema sanitario público de Galicia. (Punto quinto da orde do día.)**

Intervención do autor: *Sr. Fernández Leiceaga (S)*. (Páx. 19.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 20.)

Réplica do autor: *Sr. Fernández Leiceaga (S)*. (Páx. 22.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 23.)

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre o traslado á cidadanía de información veraz e completa respecto das motivacións da acción de goberno da Xunta de Galicia. (Punto quinto da orde do día.)**

Intervención do autor: *Sr. Villares Naveira (EM)*. (Páx. 25.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 26.)

Réplica do autor: *Sr. Villares Naveira (EM)*. (Páx. 27.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 28.)

**Proposición non de lei do G. P. Popular, por iniciativa de D. Martín Fernández Prado e oito deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa construción dunha nova variante para Ribeira, entre a glorieta do final da autovía da Barbanza AG-11 e a estrada DP-7303. (Punto terceiro da orde do día.)**

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 30.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 31.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sr. Rivas Cruz (BNG)*. (Páx. 32.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Fernández Fernández (S)* (Páx. 33.) e *Sr. Cal Ogando (EM)*. (Páx. 35.)

*A señora Prado del Río (P) intervén para posicionarse respecto da emenda.* (Páx. 36.)

**Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paula Vázquez Veroa, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para promover o uso normal da lingua galega e facilitar o seu coñecemento no ensino infantil, así como nos centros de atención á infancia.** (Punto terceiro da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 38.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Vázquez Veroa (EM).* (Páx. 38.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 42.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Burgo López (S)* (Páx. 43.) e *Sr. Fernández Gil (P).* (Páx. 45.)

*A señora Vázquez Veroa (EM) intervén para posicionarse respecto da emenda.* (Páx. 48.)

**Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> María de los Ángeles Cuña Bóveda e doce deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para salvagardar a asistencia sanitaria prestada polo Centro Galego de Bos Aires, así como o seu patrimonio, a súa obra social e o seu legado.** (Punto terceiro da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 49.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Cuña Bóveda (EM).* (Páx. 50.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Díaz Villoslada (S)* (Páx. 53.) e *Sra. Arias Rodríguez (P).* (Páx. 54.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sra. Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 57.)

*A señora Cuña Bóveda (EM) intervén para posicionarse respecto das emendas.* (Páx. 58.)

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Monserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co financiamento das obras de construción do porto exterior de Punta Langosteira e as súas conexións, así como a posición do Parlamento de Galicia en relación coa devolución polo Goberno central á cidade da Coruña dos peiraios de Calvo Sotelo, Batería e San Diego garantindo o seu destino a fins sociais.** (Punto terceiro da orde do día.)

*O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 60.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 61.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Díaz Villoslada (S)* (Páx. 63.) e *Sr. Sánchez García (EM).* (Páx. 65.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sr. Trenor López (P).* (Páx. 67.)

*A señora Pontón Mondelo (BNG) intervén para posicionarse respecto das emendas.* (Páx. 70.)



### ***Votación das proposicións non de lei***

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de don César Manuel Fernández Gil e sete deputados/as máis, sobre o impulso pola Xunta de Galicia das medidas e accións de recoñecemento para as empresas que colaboran e participan no desenvolvemento da FP: *aprobada por 35 votos a favor, 17 votos en contra e 14 abstencións.* (Páx. 72.)

*O señor Torrado Quintela (S) le o texto resultante da transacción sobre a proposición non de lei que se vai votar a continuación.* (Páx. 72.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Julio Torrado Quintela e tres deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da consideración de “proximidade” para a liña ferroviaria atlántica de Galicia, así como a apertura, de xeito paralelo, dun proceso de diálogo para aumentar as frecuencias dos servizos ferroviarios ofertados e rebaixar o prezo dos billetes de tren: *rexeitado por 31 votos a favor, 35 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 72.)

*A señora Rodríguez Rumbo (S) le o texto resultante da transacción sobre a proposición non de lei que se vai votar a continuación.* (Páx. 73.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e don Abel Fermín Losada Álvarez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co financiamento das entidades locais: *rexeitado por 30 votos a favor, 35 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 73.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir o acceso da sociedade galega aos contidos audiovisuais que distribúen as distintas plataformas en versión orixinal subtitulada en galego: *rexeitada por 31 votos a favor, 35 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 73.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de don Martín Fernández Prado e oito deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa construción dunha nova variante para Ribeira, entre a glorieta do final da autovía da Barbanza AG-11 e a estrada DP-7303: *aprobada por 49 votos a favor, 6 votos en contra e 11 abstencións.* (Páx. 73.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de dona Paula Vázquez Verao, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para promover o uso normal da lingua galega e facilitar o seu coñecemento no ensino infantil, así como nos centros de atención á infancia: *rexeitado por 30 votos a favor, 35 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 74.)

*O señor presidente (Calvo Pouso) le o texto resultante da transacción sobre a proposición non de lei que se vai votar a continuación.* (Páx. 74.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. En Marea, por iniciativa de dona María de los Ángeles Cuña Bóveda e doce deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para salvagardar a asistencia sanitaria prestada polo Centro Galego de Bos Aires, así como o seu patrimonio, a súa obra social e o seu legado: *rexeitado por 31 votos a favor, 35 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 75.)

*A señora Pontón Mondelo (BNG) solicita a votación por puntos da proposición non de lei presentada polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego que se vai votar a continuación e le o texto resultante da transacción.* (Páx. 75.)

Votación do primeiro punto do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co financiamento das obras de construción do porto exterior de Punta Langosteira e as súas conexións, así como a posición do Parlamento de Galicia en relación coa devolución polo Goberno central á cidade da Coruña dos peiraos de Calvo Sotelo, Batería e San Diego garantindo o seu destino a fins sociais: *rexeitado por 31 votos a favor, 35 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 76.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co financiamento das obras de construción do porto exterior de Punta Langosteira e as súas conexións, así como a posición do Parlamento de Galicia en relación coa devolución polo Goberno central á cidade da Coruña dos peiraos de Calvo Sotelo, Batería e San Diego garantindo o seu destino a fins sociais, agás o primeiro punto, xa votado: *rexeitado por 31 votos a favor, 35 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 77.)

*As señoras e os señores deputados gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas mortais da represión rexistradas hai escasas datas na franxa de Gaza.* (Páx. 77.)

### ***Declaración institucional en relación coa celebración do Día Internacional contra a Homofobia, a Transfobia e a Bifobia***

*O señor presidente (Calvo Pouso) procede á súa lectura e é aprobada por asentimento.* (Páx. 77.)

**Interpelación de D. Juan Díaz Villoslada e cinco deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a estratexia da Xunta de Galicia para fomentar o retorno, en plenitude de dereitos, das persoas galegas emigradas.** (Punto cuarto da orde do día.)

*Intervención do autor: Sr. Díaz Villoslada (S).* (Páx. 78.)

*Resposta da Xunta: Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela).* (Páx. 81.)

*Réplica do autor: Sr. Díaz Villoslada (S).* (Páx. 85.)

*Réplica da Xunta: Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela).* (Páx. 86.)

**Interpelación de D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández, do G. P. de En Marea, sobre a situación das urxencias no Sergas.** (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Solla Fernández (EM)*. (Páx. 88.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 92.)

Réplica da autora: *Sra. Solla Fernández (EM)*. (Páx. 95.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 97.)

*Suspéndese a sesión ás dúas e trinta minutos do mediodía e retómase a sesión ás catro da tarde.*

**Interpelación de D<sup>a</sup> María de los Ángeles Cuña Bóveda e D<sup>a</sup> Luca Chao Pérez, do G. P. de En Marea, sobre a política do Goberno galego en relación coa protección do patrimonio cultural do Camiño de Santiago.** (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Chao Pérez (EM)*. (Páx. 99.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 103.)

Réplica da autora: *Sra. Chao Pérez (EM)*. (Páx. 105.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 107.)

**Pregunta de D. José Alberto Pazos Couñago e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para impulsar a participación de Galicia nos asuntos europeos nesta etapa de cambio.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Pazos Couñago (P)*. (Páx. 109.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 110.)

Réplica do autor: *Sr. Pazos Couñago (P)*. (Páx. 111.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 112.)

*O señor presidente comunica o debate acumulado das preguntas 6.2 e 6.3.* (Páx. 114.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a valoración do Goberno galego respecto dos cambios previstos pola Dirección da CRTVG na programación da Radio Galega a partir do mes de setembro de 2018.** (Punto sexto da orde do día.)

**Pregunta de D. Luis Villares Naveira e trece deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre a opinión do Goberno galego respecto das modificacións que se pretenden introducir na grella de programación da Radio Galega.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención dos autores: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 114.) e *Sra. Cuña Bóveda (EM)*. (Páx. 115.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 116.)

Réplica dos autores: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 116.) e *Sra. Cuña Bóveda. (EM)*. (Páx. 117.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 118.)

**Pregunta de D. Marcos Cal Ogando e D. Antón Sánchez García, do G. P. de En Marea, sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia, na defensa do dereito á vivenda, para afrontar a burbulla do alugamento.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Cal Ogando (EM)*. (Páx. 119.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 121.)

Réplica do autor: *Sr. Cal Ogando (EM)*. (Páx. 122.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 123.)

**Pregunta de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a valoración do Goberno galego respecto da inauguración o día 30 de decembro de 2017 das obras de ampliación da ponte de Rande antes de que estivesen rematadas.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 124.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 125.)

Réplica do autor: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 126.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 127.)

**Pregunta de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego respecto do inicio da segunda fase da conversión do aeródromo de Rozas nun centro tecnolóxico e industrial de avións non tripulados, así como as solucións elixidas para as licitacións de mellora dos servizos públicos.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Tellado Filgueira (P)*. (Páx. 128.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 129.)

Réplica do autor: *Sr. Tellado Filgueira (P)*. (Páx. 131.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 132.)

*O señor Villares Naveira (EM) pide a palabra e intervén por unha cuestión de orde* (Páx. 133.)

*O señor presidente respóndelle ao señor Villares Naveira (EM)*. (Páx. 135.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Teresa Egerique Mosquera e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as circunstancias e condicións do traslado desde Bos Aires a Galicia do cadro de Castelao *A derradeira leición do mestre* para a súa exhibición no museo da Cidade da Cultura.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Egerique Mosquera (P)*. (Páx. 135.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 137.)

Réplica da autora: *Sra. Egerique Mosquera (P)*. (Páx. 138.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 138.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> María de los Ángeles Cuña Bóveda e D<sup>a</sup> Luca Chao Pérez, do G. P. de En Marea, sobre as previsións da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto da reformulación do Centro Dramático Galego tendo en conta todos os axentes das artes escénicas implicados.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Cuña Bóveda (EM)*. (Páx. 140.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 143.)

Réplica da autora: *Sra. Cuña Bóveda (EM)*. (Páx. 144.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 145.)

**Pregunta de D. José Antonio Quiroga Díaz e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as razóns do Goberno galego para non ampliar o prazo de presentación de alegacións en relación coa tramitación do expediente para declarar a Ribeira Sacra como ben de interese cultural, coa categoría de paisaxe cultural.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Quiroga Díaz (S)*. (Páx. 146.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 148.)

Réplica do autor: *Sr. Quiroga Díaz (S)*. (Páx. 149.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 149.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Noela Blanco Rodríguez e D. Julio Torrado Quintela, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego respecto da oferta de prazas en escolas públicas infantís da Comunidade Autónoma de Galicia para o vindeiro curso 2018-2019.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Blanco Rodríguez (S)*. (Páx. 150.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela)*. (Páx. 152.)

Réplica da autora: *Sra. Blanco Rodríguez (S)*. (Páx. 153.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela)*. (Páx. 154.)

*Remata a sesión ás seis e trinta e seis minutos da tarde.*

*Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.*

**O señor PRESIDENTE:** Bos días.

Reiniciamos a sesión, co punto 5 da orde do día, que se corresponde co de preguntas para resposta oral do presidente da Xunta.

Comezamos coa pregunta de dona Ana Belén Pontón Mondelo, portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a data prevista polo Goberno galego para a remisión ao Parlamento de Galicia da auditoría de KPMG que supostamente recomendaba a fusión das caixas de aforros galegas**

**O señor PRESIDENTE:** Cando queira.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Moitas grazas.

Moi bo día, señor presidente.

Agardo que xa estea recuperado dese ataque de tristeza que sufriu despois de coñecer a detención do seu amigo Eduardo Zaplana por branqueo de capitais e por suborno, —xa sabe— un deses novos casos illados de corrupción dentro do Partido Popular. *(Aplausos.)*

En todo caso, a corrupción ten moitas caras, e vostede aínda non deu explicacións sobre uns feitos que son moi graves e que o definen como un auténtico alburgeiro. E por todo iso desde o BNG facémoslle unha pregunta que é moi clara: ¿pensa que vostede pode seguir como presidente da Xunta de Galiza despois de mentirlles aos galegos e galegas nun tema tan serio como o sistema financeiro? ¿Pensa que pode seguir como presidente despois de falsificar unha auditoría que nos custou 1 millón de euros e que resulta que nin era auditoría nin recomendaba a fusión das caixas?

As súas mentiras e as súas falsificacións saíronlle moi caras a este país, supuxeron a liquidación do noso sistema financeiro, a venda a prezo de saldo das nosas caixas, a desaparición de miles de postos de traballo no sector bancario e a fuga cada ano de máis de 15.000 millóns de euros do aforro galego.

Acabamos de ver como a súa compañeira de partido, a presidenta de Madrid, a señora Cifuentes, tivo que dimitir por falsificar un máster. E vostede vén aquí querer convencernos de que falsificar unha auditoría non ten ningún problema e que tampouco ten que dar explicacións polas decisións que levaron á liquidación do sistema financeiro galego e que deixaron un fiasco de máis de 9.000 millóns de euros. Lémbrolle, señor Feijóo, que a falsidade documental e a prevaricación son delitos que están tipificados no Código penal.

En todo caso, nós hoxe entendemos moito mellor por que vostede impide que este Parlamento coñeza a auditoría na súa versión íntegra. *(Aplausos.)* Agora mesmo entendemos moito

mellor por que vostede segue impedindo que esta Comisión de investigación das caixas poida facer o seu traballo. E hoxe entendemos requetemellor por que algún ex-directivo das caixas, blindado cunha indemnización millonaria, di no Congreso dos Deputados que non lembra se lle condonaron ao seu partido 1,8 millóns de euros de débeda.

Por todo isto, as reclamacións do BNG son moi claras. En primeiro lugar, nós o que queremos é que se levante o veto á Comisión de investigación das caixas e que dea a cara neste Parlamento. En segundo lugar, que nos envíe a auditoría íntegra a este Parlamento e o contrato polo que pagamos 1 millón de euros. E, en terceiro lugar, señor Feijóo, que lles pida perdón aos galegos e ás galegas polas súas mentiras e falsificacións.

Eu creo que, se tivera un pouco de pudor, dimitiría, (*Murmurios.*) porque os galegos e galegas non se merecen un presidente que lles mente.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas, señor presidente.

Vostede pídeme que envíe unha documentación que está neste Parlamento, non desde hai cinco semanas nin cinco meses, senón cinco anos; e non é unha pequena documentación, son 34 caixas e 300.000 folios. Evidentemente, señoría, se alguén ten que dimitir, é vostede. (*Aplausos.*)

Señora Pontón, vostede igual non sabe o que é unha *due diligence* nin sabe o que é unha auditoría, nin sabe o que é unha revisión e análise dos rexistros financeiros. Vostede probablemente non sabe nada disto, ¡dálle igual! Porque se había un grupo que non necesitaba auditoría era o BNG. Está a moción rexistrada no Parlamento, que para chegar a un acordo con vostedes por unanimidade automaticamente propuxeron que non se sometera a fusión a unha auditoría. Segunda mentira, señora Pontón, segunda causa de dimisión da súa señoría. (*Aplausos.*)

Señoría, se vostede fora á Comisión de caixas, onde compareceu o señor de KPMG, podería vostede ler o seguinte: «En canto ao alcance do traballo, era exclusivamente analizar a viabilidade da fusión. Non entraba en pros e en contras da operación, senón simplemente en ver se esa operación podía cumprir ou non». Iso é o que dixo o señor de KPMG. Polo tanto, señoría, no ano 2013 e no ano 2018 no Congreso dos Deputados o señor de KPMG dixo exactamente o mesmo: que o que lle encargou a Xunta de Galicia foi se cumpría ou non cumpría e era viable ou non era viable a fusión. A resposta foi «si», sen paliativos.

Pero o máis importante non é só o que dixo KPMG. Mire, señoría, vostede está ocultando á Cámara —e, polo tanto, está mentindo outra vez en sede parlamentaria— que hai tres auditorías máis: auditora Boston Consulting Group e Price Waterhouse, na comisión de investigación. O plan de negocio da fusión elaborado por Deloitte e Price Waterhouse, na comisión de investigación; está aquí no Parlamento. Un test de estrés da Unión Europea, do 23 de xullo

do ano 2010; está no Parlamento. O informe favorable do Ministerio de Economía á fusión; está no Parlamento. Un informe da Comisión Nacional da Competencia, do 19 de novembro do ano 2010; está no Parlamento. Un informe da Comisión Europea; está no Parlamento. E nada máis e nada menos que unha notificación do Banco de España, que aceptou, avaliou a fusión, aprobou o plan de fusión o Banco de España o 29 de xullo do ano 2010; está no Parlamento. E, por se a vostede —como é lóxico— nin lle interesa o Parlamento nin lle interesa a verdade, aquí está a carta do Banco de España (*O señor presidente da Xunta de Galicia, Núñez Feijóo, mostra un documento*), notificada á Consellería de Facenda, onde avala a fusión.

Señora Pontón, a moción presentada polo BNG o 10 de novembro do ano 2010 dicía: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta a defender que os centros de decisión das caixas de aforro galegas se manteñan en Galicia». Aprobámola cos votos do Grupo Popular. Nós presentamos unha emenda a esa moción, e dicía: «garantindo á súa vez a solvencia e eficiencia». Vostedes negáronse a pactar e a votar esa emenda.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ¿Cal era o ponente desa denegatoria a aceptar esa emenda? Un conselleiro do BNG, que resultou ter que dimitir por estar investigado pola Xustiza.

Señora Pontón, hai unha gran diferenza entre este grupo e o seu grupo. Non teño a ninguén do Goberno nesa circunstancia. Vostedes gobernaron Galicia en toda a historia catro anos, alá vostedes, a Xustiza...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...e os seus antecedentes. Pero, señora Pontón, se neste momento ten que dimitir unha deputada no Parlamento galego, non teña ningunha dúbida. Ademais de noutros grupos parlamentarios, vostede acaba de renunciar á súa propia biografía política.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

Réplica, señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Moitas grazas, señor presidente.

Ben, eu, señor Feijóo, a verdade é que non lle acepto leccións nin de honradez nin de dignidade (*Aplausos.*) a un presidente e a un militante do Partido Popular, a un presidente que ten no seu debe relacións cun narcotraficante, (*Murmurios.*) a un presidente que foi alto cargo... (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.



**A señora PONTÓN MONDELO:** ...do Goberno máis corrupto que se coñece da historia do Estado español, o Goberno de Aznar, (*Aplausos.*) que creo lembrar, señor Feijóo, que vostede definía como —creo que era— o Goberno da prosperidade. ¡Xa estamos vendo a prosperidade de quen nese goberno do señor Aznar! E, en todo caso, señor Feijóo, pídlle que abandone o seu paternalismo, (*Murmurios.*) porque aquí o único que mente e falsifica foi vostede.

Mire, eu, efectivamente, estiven, estou e estarei a favor de que neste país teñamos un sistema financeiro galego. Evidentemente, á vista dos resultados, vostede non defendeu os intereses de Galiza, permitiu que se vendera Novagalicia Banco, cando estamos vendo que daría beneficios, e non moveu nin un dedo para furtar esa operación. Polo tanto, quen terá que dar explicacións é vostede, señor Feijóo, que, á hora da verdade, traizoo os intereses deste país e permitiu unha venda fraudulenta de Novagalicia Banco, que estamos vendo, efectivamente, que era viable.

Pero é que o debate do que estamos falando é que vostede nos vendeu, por terra, mar e aire, que había unha auditoría que —lémbrolle— non está neste Parlamento, señor Feijóo. Eu onte mesmo volvíu subir a esa Comisión das caixas —que está secuestrada— a ver esa documentación secreta e o único que temos é un powerpoint de corenta folios, e non me dirá que por ese powerpoint pagamos 1 millón de euros. (*Aplausos.*) Se non ten ningún problema, (*Aplausos.*) ¿por que non remite e fai pública esa auditoría? Que quen dixo que era unha auditoría non é este grupo, señor Feijóo, díxoo vostede. Están aquí as notas de prensa (*A señora Pontón Mondelo mostra un documento*) e as súas propias declaracións: a auditoría externa encargada pola Xunta de Galicia a KPMG. Isto é a información oficial que transmitía a Xunta de Galiza dicíndonos que había unha auditoría que non era tal.

Aquí hoxe non estamos falando, señor Feijóo, sobre cal é a posición que cada grupo ten a respecto do sistema financeiro. O BNG está onde estaba. Do que estamos falando é de tres propostas moi concretas: primeiro, ¿vaille levantar o veto á Comisión de investigación das caixas? ¿Si ou non? Segundo, ¿vai remitir a este Parlamento a documentación íntegra —non un powerpoint, que nin tan sequera nos deixan fotocopiar— dunha auditoría que nos custou 1 millón de euros e que ninguén sabe como se contratou? E, terceiro, se vostede lles vai pedir perdón aos galegos e ás galegas polas súas mentiras.

Insisto: se tivera un pouco de pudor...,

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...dimitiría, porque este país non se merece un presidente que lles mente aos galegos e ás galegas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

Peche desta pregunta, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas, señor presidente.

100 folios, 100 páxinas, é o que está nesta comisión de investigación en relación con esa auditoría, 100 páxinas. Evidentemente, a vostede iso non a preocupa, ¿por que a vai preocupar?

Ademais da *due diligence*, auditoría de KPMG, vostede non cita a auditoría do Boston Consulting Group nin a auditoría de Price Waterhouse, nin o plan de fusión elaborado por Deloitte, nin o plan de fusión elaborado por Price. Vostede non cita que cada caixa encargou unha auditoría para ver as contas da outra caixa, e fixeron dúas auditorías cruzadas. Vostede non cita iso. Vostede non cita as autorizacións de todos os reguladores europeos e españois. Vostede non cita a autorización do Banco de España. ¿Todos menten, señora Pontón? ¿Todos menten salvo vostede, señora Pontón? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Mire, non podo crer que un deputado, portavoz do BNG, acaba de dicir o que vostede acaba de dicir. É algo increíble en relación coa biografía política do seu grupo e coa biografía política de vostede mesma.

Vostede mente dunha forma absolutamente tendenciosa. Dálle igual. O importante é buscar algún resquicio para quitar o gran mérito que tivo o Parlamento galego e o gran mérito que tivo o Goberno de Galicia salvando unha entidade financeira que dá traballo a 12.000 persoas. (*Aplausos.*) A vostede iso dálle igual. ¡Válelle todo! Señora Pontón, moi desesperada ten que estar para chegar a esta posición.

Señora Pontón, o que di a auditoría, páxina 6 —léaa, por favor—: «As ratios clave da entidade fusionada en canto á solvencia, rendibilidade, eficiencia e nivel de financiamento maiorista, obtidas para o ano 2015 despois da devolución das axudas do FROB, correspóndense coas dunha entidade con perspectivas de viabilidade». O que di é: «As proxeccións indican que a entidade fusionada no ano 2015 dispoñerá dunha rendibilidade e eficiencia alta e un nivel de solvencia adecuado» —páxina 8 da auditoría—. Pero, señora Pontón, ¿a quen está enganando vostede? O representante de KPMG no Congreso dos Deputados hai uns días di: metodoloxía robusta, independencia e 50 persoas traballando máis dun mes. O que di é: a segunda fase, feita por outras entidades, xa con auditorías cruzadas —unha entidade auditou outra entidade—, e organismos que apoiaron a fusión validan o traballo feito. O que se di, señoría, é que hai unha entidade viable a cinco anos vista. Non o digo eu, dío a propia auditoría. Pero non hai unha auditoría: hai tres auditorías, dous plans de negocio validados e o Banco de España.

Pero, señora Pontón, ¿que vén defender vostede aquí?, ¿que vén defender vostede aquí, señora Pontón? ¿Quere dicir que durante estes anos, que teñen á súa disposición o informe da auditoría, vostedes non fixeron o seu traballo, nin sequera o leron, nin sequera sabían que estaba á súa disposición? ¿Por que na comisión de auditorías vostede non dixo o que acaba de dicir? ¿Que foi o que mudou, señora Pontón? ¿Están en contra de que Galicia teña unha entidade financeira propia? Señora Pontón, ¿que preferiría entón: que se liquidaran as caixas e que nos foramos coa sede a Madrid ou a Valencia?

Señora Pontón, ¿de que estamos falando? ¿Sabe a que me recorda a súa posición? A unha ex-directiva das caixas de aforro galegas. (*Murmurios.*) Literalmente, señora Pontón. Coincide vostede...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...con algúns ex-directivos das caixas de aforro galegas. Nunca o BNG caeu tan baixo.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

Pasamos á seguinte pregunta.

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a opinión do Goberno galego referida aos resultados das últimas avaliacións coñecidas respecto do Sistema sanitario público de Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** Cando queira, señor Leiceaga.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Bos días, señor Núñez Feijóo.

Os dous problemas que máis preocupan a cidadanía de Galicia son o emprego e a sanidade, áreas nas que, na nosa opinión, o seu Goberno presenta profundas debilidades. Pero hoxe nós queremos falar de sanidade.

No último barómetro sanitario, publicado hai unhas semanas, máis do 75 % dos galegos dicían que había que facer reformas na sanidade, de distinta intensidade, pero un 75 % quería reformas, unha porcentaxe que debería movelo á reflexión. Ese barómetro sinala, ademais, que é a terceira comunidade autónoma con máis cidadáns insatisfeitos en materia de sanidade, a terceira pola cola, e en retroceso franco fronte ás opinións recollidas nos últimos anos.

Estamos preocupados, porque anos de recortes, de precariedade, de déficit de planificación están poñendo a proba a solidez do noso sistema sanitario. Pese ao compromiso e á profesionalidade do persoal que traballa na sanidade, o funcionamento do sistema está comezando a resentirse. É certo que para a atención hospitalaria ou a atención urxente a cidadanía aínda segue preferindo a sanidade pública, e para o outro tamén, pero hai un retroceso forte do apoio á sanidade pública en áreas como a atención primaria, en consultas ou a atención especializada, cun incremento moi forte daqueles que prefiren ir á privada, un 5 % nun ano, que é un incremento especialmente intenso.

E o problema non son os profesionais —no barómetro os profesionais saen ben valorados—, o problema son as listas de agarda, que aumentan de acordo coa percepción dos cidadáns, nas consultas de atención primaria e que se disparan na consultas de atención especializada desde valores xa preocupantes, creando situacións que, como vostede sabe, ás veces son dramáticas. Pero é que a saturación e a precariedade están tamén cuestionando na percepción dos cidadáns a atención hospitalaria.

Hai dous meses poñíalle o exemplo da EOXI de Vigo. En traumatoloxía, 10.000 pacientes en listas de espera. E, tendo en conta as distintas fases do sistema, non a última, senón todas, desde que se empeza polas consultas, hai que facer probas diagnósticas, e ao final as intervencións, lista de agarda media: trescentos días, con moita xente esperando bastante máis.

O barómetro dinos xustamente que hai un 14 % dos pacientes en todas as especialidades e en todas as áreas que agardan para a consulta dun especialista máis de seis meses. É verdade que se publican outras listas de espera por parte do Ministerio que para a cirurxía dan datos menores, pero o problema é o conxunto do proceso, e no conxunto do proceso estamos bastante peor. Onte mesmo coñecía o caso dunha persoa que leva agardando catro anos por unha intervención, ademais, que está fóra das listas, e non é un caso único, é un caso que ten unha certa frecuencia, e isto preocúpanos; e, ademais, non está nas listas, non está nas listas, un problema.

A ecuación é simple —vou rematando—: menos persoal e máis precariedade significan máis listas de espera, máis derivación á atención privada e unha certa desorganización do sistema. E nós cremos que isto se debe e se pode combater, que non é preciso que a sanidade privada se converta nun recurso estrutural do sistema público, en Vigo ou en Cee. No conxunto das áreas sanitarias está habendo este problema.

Hai que poñer máis compromiso, é dicir, máis orzamento e máis recursos e unha vontade política decidida para cambiar —digamos—...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** ...a inercia que está tendo o sistema sanitario público nos últimos anos.

Señor Núñez Feijóo, ¿está disposto a atender as preocupacións dos cidadáns e a acometer as reformas que o sistema sanitario público precisa?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Leiceaga.

Resposta do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas, señor Leiceaga.

Vostede tráeme a colación o último barómetro sanitario publicado polo Ministerio de Sanidade e, como sabe, estes barómetros publícanse dende o ano 2002 de forma anual ata o ano 2017, e sorpréndeme que non diga vostede que este é o mellor barómetro de toda a serie publicada polo Ministerio de Sanidade. Sorpréndeme porque, efectivamente, a valoración dos galegos da sanidade pública é, de 0 a 10, do 6,68. E sorpréndeme porque é a mellor valoración de toda a serie dende o ano 2002.

Sorpréndeme, señoría, que nos intente dar leccións do que debemos facer coa sanidade, porque durante os anos 2005, 2006, 2007 e 2008, en que vostedes xestionaron a sanidade, a puntuación era ostensiblemente inferior, e por iso nos sorprende esa lección do que debemos facer en sanidade.

Mire, señoría, o que si lle digo é que, se me pregunta se estou plenamente satisfeito cos datos da sanidade, lle mentiría se lle dixera que si. Pero o que non podemos ocultar é que estes datos da sanidade pública galega son os mellores dende que se publica o barómetro sanitario do Ministerio de Sanidade. (*Aplausos.*) Señor Leiceaga, iso sorprende que nolo diga.

Evidentemente, señoría, tamén me sorprende que critique vostede a atención primaria cando estamos por riba da media de España, que critique a atención ás urxencias cando estamos por riba da media de España ou que critique outras consideracións. Se se lle pregunta á xente que utilizou os servizos sanitarios —que sería interesante—, pois comprenderá, por exemplo, que en atención primaria Galicia ten unha puntuación favorable do 88,5 % dos que utilizan a sanidade e España o 87,4 %. En urxencias, en Galicia o 84,7 % a favor e en España o 78,1 %. Sorpréndeme, señoría. E, sobre todo, o que me sorprende —vostede, ao que lle gusta analizar os datos— é que non vexa que a tendencia de todos os barómetros é favorable a Galicia; é dicir, no ano 2003 en atención primaria valoraban favorablemente o 79 %; no ano 2009, cando vostedes gobernaban, o 84 %; e no ano 2017, o 88,7 %.

Fala vostede de consultas externas; pois no ano 2009, cando vostedes gobernaban, o 75 % a favor, e agora o 78 %. Fala vostede de urxencias; cando gobernaban, o 78 %, e agora o 84,7 %. ¡Home!, non creo que é un tema menor.

Por certo, os galegos na media de España son das poboacións que máis optan por utilizar os servizos públicos sanitarios. Noutros lugares de España prefiren utilizar a sanidade privada. Supoño, señoría, que este non é un tema menor.

Pero, evidentemente, se me pregunta vostede que imos facer, pois o que imos facer é, por exemplo, non omitir que o presuposto, a pesar de ter menos diñeiro que nunca, na sanidade se incrementou en 252 millóns de euros. Cando vostedes gobernaban, había 252 millóns de euros menos, é dicir, un 7 % menos, e agora hai 1.500 persoas traballando máis na sanidade. Si, señor Leiceaga.

E se vostede me quere trasladar a Lei de garantías de seguro de lista de espera, a Lei de segunda opinión do hospital, a Lei de segunda opinión de pediatra, de médico, de enfermeira, todo isto non existía. Nin a atención telefónica en atención primaria existía.

Polo tanto, señor Leiceaga, o que estamos facendo é mellorar a sanidade, e os galegos así o ven. Consulta tras consulta, barómetro tras barómetro, a sanidade pública en Galicia está hoxe mellor que nunca. Iso é o que din os galegos e o que din as estatísticas.

Agora ben, fálame vostede de lista de espera. Señor Leiceaga, supoño que na réplica teremos ocasión os dous para falar da lista de espera. Acábanse de coñecer os datos onte. ¿Ten vostede os datos da lista de espera do Ministerio de Sanidade de onte?

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ¿Está omitindo á Cámara esa información? Xa lle anticipo que a vou dar. Dígoo para que despois non digan que na réplica o señor Feijóo di cousas que non di na pregunta. Non só o aviso, senón que lle propoño que analicemos conxuntamente os datos da lista de espera de todos os servizos de saúde de España.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

Réplica, señor Fernández Leiceaga.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Si, simplemente para puntualizar. Como vostede está falando do incremento dos seus orzamentos, ten que descontar a inflación e, entón, sabe vostede que hoxe están gastando bastante menos do que se gastaba no ano 2009 tendo en conta o IPC, aproximadamente un 13 %.

E, por outra parte, outro dato, señor Feijóo: o 6,68 é como o valoran en España, en Galicia é o 6,49, a terceira peor nota de todas as comunidades autónomas. Iso é o que hai que revisar. Somos os terceiros pola cola. Eu pensaba que, despois de dez anos, vostede estaría presumindo de estar mellor, non de compararse co que ocorría dez anos atrás, porque leva dez anos gobernando. E iso é o que ten que facer —paréceme a min— un presidente que é un presidente solvente. E o problema é que hai demasiada precariedade e falta vontade política para afrontar isto.

Eu dáballe hai uns meses un dato: un 26 % do persoal que traballa profesionalmente no Sergas está traballando en condicións precarias. E o seu conselleiro, cando lle preguntan sobre isto, na prensa di: é o que hai, hai que traballar por horas, hai que traballar por días. E isto é o que hai. (*Murmurios.*) Dío así textualmente nas súas entrevistas. Hai que facer un esforzo para darlle estabilidade ao conxunto dos profesionais, porque isto permitiría incrementar substancialmente a eficacia da sanidade pública e daríalle unha perspectiva diferente a traballar no Sergas.

O decano da Facultade de Medicina, que, ademais, traballa no Sergas, dicía o outro día: formamos os mellores, os números 2 e 4 do MIR deste ano foron formados en Santiago, pero non conseguimos metelos aquí e os que quedan teñen poucas perspectivas porque acaban o MIR e non sacamos prazas para que poidan renovar o persoal da sanidade pública. Este é un problema real, necesitamos cambiar estas cousas. Non podemos condenar a dez anos de traballos forzados aqueles que entran na sanidade pública con baixos salarios, con precariedade, con desprazamentos frecuentes, sen saber o que vai pasar mañá.

Por iso lle fago tres propostas. A primeira proposta é un catálogo de servizos para todos os hospitais, incluídos os comarcais, de maneira que o que se fai nun deles, nun dos hospitais comarcais, se faga no resto, nun prazo de catro anos, aproximando a sanidade aos cidadáns. En segundo lugar, modificar a Lei de garantías sanitarias, para, alí onde hai derivacións

que superen unha certa porcentaxe, facer un plan de choque e reducir esas derivacións á privada. E, en terceiro lugar —e o máis importante—, un plan de persoal que actúe sobre as prazas MIR, que actúe sobre as prazas do sistema, porque aumenta a demanda; temos unha poboación máis avellentada que antes e aumenta a demanda e necesitamos máis profesionais reforzando o sistema, reducindo a precariedade á metade e dándolles unha saída aos profesionais.

E, por certo, tamén se pode desenvolver a carreira profesional, que está parada desde o ano 2008.

Fagamos un esforzo para escoitar a opinión da xente, que nos di que as listas de espera están peor que hai un ano, señor Feijóo. Iso é o que di a xente cando se lle pregunta, non as listas do Sergas, que non inclúen as listas non estruturais e que, por exemplo, en atención cirúrxica só contan desde o momento en que se programa a operación, que o chaman para facer a operación, e, por tanto, aí hai un problema tamén de cómputo.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Escoitemos a xente, detectemos onde están os problemas e actuemos con firmeza e con vontade de cambio. Estaría o sistema moito mellor, os profesionais máis contentos, o Sergas estaría máis sólido e os servizos mellor atendidos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Peche da pregunta, señor presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Leiceaga, ten vostede razón, trabuqueime; efectivamente, non é 6,68, é 6,49; ten vostede toda a razón. O que vostede non admite é que, cando gobernaba o Bipartito, non pasaban do 5. *(Murmurios.)* Supoño que iso non foi un tema menor, señor Leiceaga.

Vostede fálame da inflación, que hai que descontar a inflación. Non, señoría. O que temos que descontar son os 2.000 millóns de euros que nos deixaron de pufo; iso é o que temos que descontar, señor Leiceaga. *(Aplausos.)* Vostedes, con máis diñeiro, peor sanidade e peor valoración dos cidadáns, e nós, con menos diñeiro, mellor sanidade e mellor valoración dos cidadáns. *(Aplausos.)* Iso é o resumo do resumo, señor Leiceaga.

Claro, que vostede me fale de persoal, dende o ano 2009 ao ano 2017 a oferta pública de emprego do persoal sanitario ascende a 6.133 persoas, e agora temos un pacto —non sei se vostede o sabe— para un plan de estabilidade no Sergas de 5.000 novas prazas. Iso significa que o Servizo Galego de Saúde será o servizo de saúde con menos porcentaxe de interinidade de todo o Sistema nacional de saúde. ¿De que me fala vostede?, ¿de que pacto me fala vostede? Ese pacto xa está suscrito, señor Leiceaga, está suscrito, asegúrollo.

Igual que están subscritos os 700 millóns de euros que investimos nos hospitais dende que chegamos á Xunta; igual que conseguimos o dobre de cirurxías ambulatorias do que conseguían vostede, con menos diñeiro; igual que aprobamos unha lei de prazos de espera máxima neste Parlamento, sesenta días, este goberno, en plena recesión económica.

Señor Leiceaga, ¿sabe cantas persoas se beneficiaron xa? 7.300. ¿Sabe o que dicían vostedes? Que isto era privatizar a sanidade. ¿Sabe cantas operacións destas 7.300 se fixeron no sistema público? Todas.

Vostede fáleme desa persoa de Vigo. Lamento a súa situación. ¿Por que non completa a lectura de toda a noticia e di na Cámara que esa persoa, efectivamente, di que se lle ofreceu facer a súa intervención cirúrxica noutro hospital concertado e dixo que non? (*Murmurios.*) ¿Que ocorre, señoría? ¿Que non podemos ter toda a rede hospitalaria á disposición dos galegos? Vostedes gastaban moito máis nese concepto que nós. (*O señor Fernández Leiceaga pronuncia palabras que non se perciben.*) Si, si, señor Leiceaga, non é así, non; si, señor Leiceaga, si.

Pero, señor Leiceaga, é algo sorprendente que vostede me fale de sanidade, e por iso a min interésame que vostede siga falando de sanidade, e dígoo desde a máis absoluta tranquilidade e desde o máis absoluto cariño e admiración.

Dixen que iamos falar da lista de espera. Esta lista de espera é antes que o barómetro sanitario; acaba de saír, hai tres días. ¿Vostede non se sente satisfeito de que Galicia sexa a cuarta comunidade autónoma mellor do Estado en lista de espera? ¿Iso non lle parece que é un bo dato? A lista de espera faise exactamente coa mesma metodoloxía en toda España. A media en Galicia é de 66 días, e en España de 106 días. ¿Quere que revise cal é a media de lista de espera en Andalucía ou en Castela-A Mancha, onde vostedes teñen un gran plan sanitario?

Señor Leiceaga, temos un servizo sanitario público cunha das poboacións máis envellecidas de Europa, estamos aguantando a crise económica e aguantamos e investimos máis que nunca, fixemos máis intervencións que nunca, hai unha lista de espera mellor dende que hai rexistros e a valoración no barómetro sanitario do Ministerio é a mellor dende o ano 2002.

Por iso, señor Leiceaga, sorpréndeme que fale vostede de traumatoloxía. A lista de espera di que en traumatoloxía a demora media en Galicia son 85 días, e en España 130 días. Isto é o que di a lista de espera.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** O que di a lista de espera é que en España o 17 % dos pacientes espera máis de seis meses, e en Galicia un 4 %. ¿Pero non se sente satisfeito destes datos? ¿De verdade que o Partido Socialista nos vai dar leccións de como se xestiona a sanidade pública?

Señor Leiceaga, eu estou orgulloso de ser presidente dun pobo exixente. Estou orgulloso de ser presidente dun pobo que nos exige cada día máis, pero tamén estou orgulloso dos profesionais e do sistema sanitario galego.



Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Pasamos á seguinte pregunta.

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre o traslado á cidadanía de información veraz e completa respecto das motivacións da acción de goberno da Xunta de Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** Cando queira, señor Villares.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Núñez, a ver, comece por aclararnos unha cousa: de 2010 a 2016 dixo vostede que o que lle encargaron a KPMG era unha auditoría; hai unha semana dixo que non era unha auditoría; e agora, hai dez minutos, acaba de dicir outra vez que era unha auditoría. ¿Pódese vostede aclarar e dicirnos que é o que realmente lle encargaron? E, nese caso, ¿pode aclararnos tamén cando estaba mentindo, se mentía a semana pasada, mente agora, mentiu nos últimos sete anos? ¿Pódenos explicar en que momento se produciu esa mentira?

Mire, o artigo 30 do Estatuto de autonomía de Galicia recolle a competencia exclusiva da nosa Comunidade Autónoma en materia de caixas de aforro. Tiña vostede a competencia e, polo tanto, a obrigación de velar polas caixas de aforro, e, en vez de exercer a competencia, exerceu a incompetencia para destrozarmos o sistema financeiro galego, para tomar unha decisión que xa viña tomada de antemán e que baseou nun documento que realmente non dicía o que debía dicir ese documento, e por iso vostede baseou esa afirmación da fusión nunha mentira, que era dicir que había unha auditoría, cando non o era —ou hoxe dixo que si que o era, entón mentiu a semana pasada outra vez—, e que, ademais, non recomendaba tampouco a fusión das caixas. ¿Podería vostede aclarar, entón, en que debemos de ater a pregunta e a afirmación do presidente, se esta semana, a anterior ou os anos anteriores?

Queríamos saber, porque, á parte, esta discusión sería un pouco inútil se a resolvésemos da seguinte maneira: que a Xunta de Galicia presentase nesta Cámara a carta de encargo que lle fixo á consultora KPMG. É fácil: se hai tantísima documentación e vostede pode vir aquí e traer un documento, como acaba de presentar antes, un documento calquera, traia o documento da carta de encargo. Tráíao e entón saímos de dúbidas, e sabemos se mentía esta semana, a semana pasada ou hai tres semanas.

Mire, a Lei 30/1992 —vixente no momento no que se fixo ese encargo a KPMG—, a Lei do procedemento administrativo común e a Lei 30/2007, de contratos do sector público, obrigaban a Xunta de Galicia a formar un expediente e a documentar por escrito esa carta de pago, esa carta de encargo a KPMG. Se non existe, cometéronse dúas ilegalidades, por infracción desas dúas normas por parte da Xunta de Galicia. ¿Cometeu a Xunta de Galicia esas dúas ilegalidades? ¿Si ou non? Se non as cometeu, ¿onde está ese documento?

Segunda cuestión legal. O artigo 9 do Regulamento desta Cámara, igual que a Lei 1/2016, de transparencia e bo goberno de Galicia, obrígaos a vostedes a presentar esa documentación nesta Cámara. No caso de que esa documentación exista, esa carta de encargo exista, e non se traia a pesar de que se pida, están vostedes cometendo outras dúas infraccións legais. Polo tanto, catro.

Mire, o Grupo Parlamentario de En Marea aínda volveu pedir, reiterou a semana pasada esa documentación, que lle foi negada sistematicamente. Ben, temos esa pedida, mais temos pedida outra documentación adicional: os informes dos técnicos de Facenda en que a súa conselleira Marta Fernández Currás dixo tamén basearse para dicir que a fusión das caixas era a mellor decisión que podía tomar daquela o Goberno galego. Moi ben, se era tan boa a decisión, primeiro, ¿por que mentiron con relación ao documento de KPMG? ¿Onde vai a carta de encargo? E ¿por que non aparecen os informes dos técnicos de Facenda, que foron tamén pedidos polo Grupo Parlamentario de En Marea?

¿É tan grave o que vostede ten que ocultar que ten que negar sistematicamente eses documentos a esta Cámara, cometendo desa maneira as ilegalidades que lle acabamos de dicir?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Villares.

Resposta do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Señor Villares, espero que durante os seus anos de xuíz non politizara a Xustiza, pero, dende logo, o que fai francamente e extraordinariamente é xudicializar a política. Alá vostede. Siga vostede imputando en base a esa pretérita toga, porque vostede non sabe nin do que fala, non ten nin idea do que está falando.

Supoño que, no momento en que fixemos o das caixas, vostede militaba no BNG. *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Ah!, ¿non militaba no BNG? ¡Ah!, ben, ¡perdón! Non militaba no BNG. Sería vostede ao cambio agora un de Anova. ¿Ou realmente vostede ao cambio é un de Podemos ou é da corrente anticapitalista de Podemos? Exactamente, ¿onde está vostede? Eu sei onde estaba. O que non sabemos nada é onde estaba vostede. Por iso non ten nin idea do que está falando. *(Murmurios.)*

Ten vostede 300.000 documentos, 300.000 folios no Parlamento, nin os consulta, 34 caixas, nin os consulta, e un xuíz non sabe nin o que é unha *due diligence*, non sabe nin o que é, nin distingue unha *due diligence* dunha auditoría, nin sabe se é similar ou é parecido ou que é o informe preliminar, non sabe que aquí hai tres auditorías, dous informes de fusión, un acordo do Banco de España. Todos menten, salvo o señor Villares, que non sabe do que fala, unha vez máis. Señor Villares, vostede non está á altura de ser un parlamentario desta Cámara, *(Aplausos.)* non está á altura de ser un parlamentario desta Cámara.

Señor Villares, unha *due diligence* financeira preliminar é un proceso de investigación ou auditoría que se realiza ao redor dunha empresa ou persoa co cal un potencial comprador ou

investidor realizará un negocio. Chámase tamén revisión e análise dos seus rexistros financeiros, é o que se chama. Fíxense no que sabe o señor Villares que me imputa a min a xestión das caixas, cando eu estaba na oposición.

Mire, cando nos fomos do Goberno, o crédito inmobiliario das caixas de aforro galegas do ano 2005 eran 3.500 millóns; cando chegamos ao goberno, eran 17.000 millóns. Cando estivemos na oposición, eramos responsables da tutela financeira das caixas. Señor Villares, vostede, por non saber, non sabe nin do que fala.

Auditoría de Boston Consulting Group, auditoría de Price Waterhouse, plan de negocio elaborado por Deloitte, plan de negocio elaborado por Price Waterhouse, test de estrés da Unión Europea, informe do Ministerio de Economía, informe da Comisión Nacional da Competencia, autorización explícita do Banco de España en carta do 29 de xuño do ano 2010. ¿Quen está mentindo aquí? ¿Cantos delitos lle imputa a toda esta xente? (*Murmurios.*)

Todos, señor Villares, todos falsifican, todos son uns mentireiros, todos son uns descerebrados, salvo vostede, señor Villares, que non sabe nin cal é a competencia do Banco de España nin cal é a competencia da Xunta de Galicia, nin quen gobernaba a Xunta de Galicia cando as caixas de aforro entraron nun disparatado sistema inmobiliario e unha apertura disparatada de oficinas fóra de Galicia, cunha mora superior ao 10 %.

Señoría, quen estaba gobernando eran os partidos cos que vostedes simpatizaban e nós estabamos na oposición. Nin unha palabra do Goberno do Bipartito en relación coas caixas de aforro, nin unha palabra en catro anos. E teño que enterarme, señoría, nunha audiencia na Zarzuela da situación das caixas de aforro de Galicia.

Pero, ¿de que se me acusa? ¿De defender Galicia? Acepto. ¿De que se me acusa? ¿De defender 12.000 empregos? Acepto. ¿De que se me acusa? ¿De ter unha sede financeira en Galicia? Acepto. ¿De que se me acusa? ¿De non sucumbir ao Banco de España? Acepto. ¿De que se me acusa? ¿De defender o país? Non teña ningunha dúbida, señor Villares: quedalle moito para defender o país.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Réplica, señor Villares.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Señor presidente, non se poña nervioso, non se vaia polas ramas. A petición foi moi concreta, falámoslle de dous documentos moi concretos, e, á parte, démoslle catro normas que fundamentan a súa obrigação de presentalos nesta Cámara. É así de doado, así de sinxelo: a fundamentación normativa do que vostede ten que facer e, polo tanto, o incumprimento flagrante e sistemático das súas obrigações, non soamente para o Parlamento, senón para o conxunto de Galicia.

Iso é o que vostede está incumprindo. Pero non se poña nervioso, e entrégúenos ese documento, esa carta de encargo que nos especificaría que foi o que lle pediron a KPMG, se se lle

pediron unha auditoría ou se lle pediron outra cousa diferente. Máis ben unha carta á carta do que vostedes querían saber e do que non querían saber, preferiron non tocar nada, porque da *due diligence*, da diagnose acelerada, que é como se utiliza, é algo que, a diferenza da auditoría, non contrasta a taxación e a valoración dos activos que lle dan as axencias de referencia, e por esa razón vostedes preferiron encargar unha cousa e non outra. Sabémolo. Por iso vostede mente, por iso vostede mentiu e fundamentou a súa decisión nunha mentira.

Se a fusión era tan boa, ¿por que se está ocultando esa carta de encargo? Ensínenos esa carta de encargo, ensínenos os documentos, os informes dos técnicos de Facenda. É así de fácil. Ensínenos eses dous documentos que a Xunta de Galicia unha de dúas: ou non ten, e, polo tanto, incorreu en ilegalidade, ou tenos e non os mostra, e, polo tanto, incorre en ilegalidade. Logo, aclárese: ¿en cal das ilegalidades se sitúa vostede, á parte de situarse nas mentiras? (*Murmurios.*)

Non, explíqueo, porque ten moito que explicar nesta Cámara. Tal vez a súa decisión estaba tomada de antemán e é unha decisión coherente co oligopolio bancario de acabar coas caixas de aforros porque lles restaban ou lles quitaban ou lles facían competencia, incluso en clave social, da función que querían cumprir os bancos neste país; ou ben porque había un empeño, por parte tamén do poder bancario, de recentralizar e de acabar co sistema financeiro galego, que se produciu mediante a aniquilación das caixas de aforro. Polo tanto, vostede utilizou a competencia que lle atribuía o artigo 30 para desfacer completamente o músculo do sistema financeiro galego, e iso é imperdoable.

Di vostede que foi a mellor decisión posible, acabar con miles de postos de traballo en todo o país. Si, si, si, pregúntelles a todos os ex-traballadores das caixas se están contentos con esa situación. Pero, a maiores diso, e sobre todo, con esa decisión produciu vostede a exclusión territorial —¿en cantas pequenas e medianas vilas pecharon sucursais precisamente por isto?—, e, ademais, fomentando o oligopolio dunhas poucas entidades bancarias en Galicia, restando tamén a competencia efectiva. ¿Canto crédito, ademais, se ten negado agora ás familias, ás pequenas e medianas empresas e ás cooperativas por esta decisión? ¡Home!, ¡a mellor decisión para Galicia, a mellorciña! ¡Estará vostede contento!

Vou rematando, señor presidente.

Mire, as mentiras supoñen o solpor dos gobernantes, e aí ten o caso do seu triste amigo Zaplana, igual que o caso de Cifuentes, igual que o caso de Rato, igual que o caso de Conde Roa. Todos eles empezaron coas mentiras e acabaron fóra da política por mentir, porque normalmente detrás dunha mentira hai algo que ocultar, algo que normalmente é ilícito; (*Murmurios.*) son cadeas difíciles de arrastrar que ás veces arrastran á cadea.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Villares.

Peche da pregunta, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas, señor presidente.

Vostedes non acudiron á Comisión de caixas, acudían de observadores, aínda non sabemos moi ben exactamente por que, e que debían, pero o seu líder daquela non acudía cando viñan os ex-directivos das caixas (*Murmurios.*), non acudía. Si, si, ten vostede aí algún deputado que lle pode dar conta ao respecto. (*Murmurios.*)

Todo o que vostede pide está nesas 300.000 folios. Pero se lle dá igual, pero se vostede nisto, de verdade —díggollo con absoluta tranquilidade—, toca de oído. Espero que toque mellor a zanfona do que toca o tema das caixas, (*Risos.*) (*Aplausos.*) porque toca de oído.

Señor Villares, vostedes ¿que pretendían? ¿Que Caixa Galicia se fora a Bankia e que Caixanova se fora a Banca Cívica e despois á Caixa? ¿Isto era o que pretendían? Eu non, tranquilamente lle digo: eu non, simplemente. E o BNG, daquela, tampouco. Agora, que perdeu o sentido da proporcionalidade, xa non o sei.

Vostedes ¿de que están acusando? ¿O Banco de España de que non fai o seu traballo? ¿Todas as empresas auditoras que fixeron o plan de fusión e as auditoras cruzadas que tampouco facían o traballo e que tampouco eran auditorías? ¿Vostede está acusando a Unión Europea de que o diñeiro que aceptou para Novacaixagalicia era un diñeiro feito dende a máis absoluta falta de rigor e prevaricación? ¿Vostede a quen está acusando?

Mire, señoría, as dúas caixas non podían existir, ningunha delas, iso sabémolo todos, salvo aqueles que queren seguir falseando o relato e mentíndolles aos galegos de boa fe. (*Murmurios.*)

Señoría, ¿por que KPMG? Mire, vouto explicar. Porque as auditoras das caixas daquela eran Deloitte, Price, Boston Consulting Group. Non podían ser. Reunímonos coas caixas e démoslles a elixir entre KPMG e Ernst & Young, as únicas que non tiñan relación coas caixas. ¿E que decidiron as caixas? Elixir KPMG (*Murmurios.*). Pero pódollo reiterar. Aínda non escoitou o que é unha *due diligence* nin o que é unha auditoría, que estamos falando en termos contables, en termos financeiros, de sinónimos.

¿Que di esa auditoría? Pois vólvollo reiterar: que se corresponden cunha entidade con perspectivas de viabilidade, que as proxeccións indican que a entidade fusionada en 2015 dispoñerá de rendibilidade, de eficiencia alta e dun nivel de solvencia axeitado.

Mire, pero aquí hai máis cuestións de fondo, obviamente.

Di unha deputada do seu grupo que vostede é unha persoa tendenciosa. (*Murmurios.*) Non. Pero, de verdade, ¿nin sequera le a prensa? Esta pregunta é absolutamente tendenciosa, pero como tamén unha deputada do seu grupo di que vostede é un deputado máis, considereina simplemente non como unha pregunta dun portavoz, senón dun deputado máis.

Pero o que si me sorprende, señoría, é que veña vostede falar aquí de rigor, de pedir información, cando vostede está nun grupo dunha eurodeputada que acaba de pedir o voto nas eleccións de Venezuela para Maduro (*Murmurios.*) e cando vostede ten nesta Cámara outra deputada que compareceu na tribuna cunha camiseta: «*Chávez, te lo juro, votaremos a Ma-*

*duro*». ¿Parécelle ben o modelo democrático bancario do señor Maduro? (*Murmurios.*) Señoría, ¿como se pode vir aquí falar do sistema bancario... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, silencio.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...e pedir o voto para o señor Maduro simultaneamente? ¿Como se pode aquí pedir información veraz e simultaneamente pedir o voto para o señor Maduro, señor Villares? Señor Villares, todo isto é unha broma...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...se os galegos non o coñeceramos xa a vostede e ao seu grupo. Non teña vostede ningunha dúbida: nunca lle mentín ao meu país, (*Murmurios.*) nunca terxiversei absolutamente ningún informe. Se volveramos empezar, volvería facer exactamente o mesmo: pedir autorización ao Parlamento, reunirme cos axentes sociais, pedir unha auditoría de solvencia —aínda que o BNG non a quería—, facer unha lei —aínda que o Partido Socialista a recorreu no Tribunal Constitucional—, traballar para ter unha entidade financeira en Galicia con 12.000 persoas traballando.

Xa sei, señoría, que vostede di que algúns créditos se denegaron. ¡Que pena! ¡Que pena, señoría, que eses galegos non foran á Caixa de Enxeñeiros (*Murmurios.*) para pedir un crédito como o que vostedes teñen para comprar esas mansións!

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, presidente.

Falando de fusións, ben poderíamos ter fusionado estas dúas preguntas. (*Risos.*) Pero, ben, agora xa pasou.

Proposicións non de lei. Continuamos.

**Proposición non de lei do G. P. Popular, por iniciativa de D. Martín Fernández Prado e oito deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa construción dunha nova variante para Ribeira, entre a glorieta do final da autovía da Barbanza AG-11 e a estrada DP-7303**

**O señor PRESIDENTE:** Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(*O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Xosé Luis Rivas Cruz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 29.964 [10/PNP-002203].*)

*Emenda de substitución:*

*Substituír o punto 1 polo seguinte texto:*

*“1. Avanzar na tramitación dunha nova variante de Ribeira aproveitando a estrada CP-7.301 de xeito que se mellore o trazado e a capacidade desta vía por se-la alternativa con menor impacto visual e ambiental e con menor custe para as arcas públicas.”)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Paula Prado.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Onte despediamos o noso compañeiro Carlos e hoxe teño a honra de defender unha iniciativa das moitas que López Crespo tiña rexistrado no seu curto pero intenso labor de parlamentario. Quero aproveitar para agradecer a todos os grupos da Cámara as facilidades que nos deron para poder despedir onte o noso compañeiro e amigo. Grazas de corazón. (*Aplausos.*) Espero estar á altura do que Crespo pretendía con esta iniciativa. Intúo que o máis importante para el era o beneficio para os veciños e veciñas do Barbanza, intúo que a súa ilusión por impulsar a construción desta infraestrutura e intúo —sen temor a equivocarme— o entusiasmo co que intentaría convencelas, señorías, de que esta iniciativa era importante e melloraría a vida dos veciños e residentes de Ribeira e da súa comarca.

Entusiasmo que só Carlos era capaz de transmitir e contaxiar, tanto no seu traballo diario como no coidado dos seus tomates, como nos paseos coa súa neta, como coa charla con calquera veciño ou veciña, fose do Partido Popular ou fose de calquera outro partido, porque Carlos tiña esa capacidade infinita para o diálogo que só teñen os grandes da política. O seu recordo e as súas ensinanzas quedarán sempre con nós. Grazas, Carlos. (*Aplausos.*)

A autovía do Barbanza foi unha obra licitada no seu día pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, cando era titular o actual presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, e supuxo un gran cambio para Ribeira en relación coas súas comunicacións por estrada, achegándoa ao eixo atlántico de comunicacións que conforma a AP-9 e o ferrocarril de alta velocidade.

Xa dende a posta en marcha da anterior vía rápida o fluxo de entrada do tráfico en Ribeira cargouse sobre a AC-550, que converxe no centro urbano coa AC-305, que se liberou da súa función de canalizar o tráfico de longo percorrido pero aínda hoxe mantén un fluxo importante de vehículos.

Unha das prioridades do actual Goberno galego en materia de infraestruturas, reflectida no programa electoral co que este partido obtivo a confianza maioritaria dos galegos e das galegas no ano 2016, é o desenvolvemento de variantes urbanas coa finalidade de mellorar a seguridade viaria daqueles núcleos urbanos cruzados por unha estrada principal e xerar unha mellora da mobilidade na rede secundaria de estradas.

Neste sentido, o Grupo Parlamentario Popular considera necesario avanzar na tramitación da nova variante de Ribeira, unha actuación que permitirá rematar de conformar o sistema viario de Ribeira, permitindo circunvalar o núcleo de Santa Uxía, mellorar os accesos ás zonas que están máis afastadas do viario municipal ata chegar á estrada de DP-7307, que pola costa comunica con Aguiño; é dicir, unha nova variante para Ribeira.

A finalidade do novo viario é converterse nunha alternativa de percorrido ao núcleo de Ribeira, que distribúa o tráfico que actualmente accede e se reparta polas diferentes rúas; desta maneira, desconxestionaríase o eixe costeiro.

En 2017 anunciouse un posible trazado, pero consideramos importante concretalo a través do desenvolvemento do correspondente proxecto, de modo que se poida avanzar para materializalo, e por iso traemos a esta Cámara o debate desta iniciativa.

Señorías, creo que non fai falla dicir moito para xustificar esta infraestrutura. Creo que tres cuestións serían suficientes para que reciba o seu apoio.

En primeiro lugar, estamos falando de Ribeira, da comarca con maior densidade de habitantes, o que conleva que en pouco espazo haxa moitos vehículos. En segundo lugar, Ribeira ten un problema extremo, que é unha península e o tráfico de entrada e saída concéntrase no mesmo punto, polo que cómpre flexibilizar o tráfico e evitar atascos, que se ven incrementados na época estival co acceso ás súas magníficas praias. E, en terceiro lugar —pero non por iso menos importante—, a variante que se propón aportará unha maior conectividade das parroquias máis illadas: Castiñeiras, Carreira e Aguiño.

Agardamos contar co seu apoio.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Rivas.

**O señor RIVAS CRUZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Bos días a todos e a todas.

Créame, señora Prado: creo que é xogar sucio o que acaba de facer personalizando esta PNL no señor Crespo, a quen lle tiña moita estima no trato persoal, de verdade, igual que creo que non necesita xustificación a necesidade desta variante. Pero certamente non era sen tempo que o señor Feijóo cumprise aquela promesa electoral feita polo 2009, dun xeito precipitado e acuciado pola necesidade de engatusar o electorado. Non era sen tempo, porque Ribeira medra, e por iso a variante sería nestes momentos imprescindible para o seu desenvolvemento, para o seu desaforo como cidade e como porto de grande interese económico para o noso país.

O que resulta chocante é que Ribeira precise dunha obra faraónica, como a que se di que se proxecta, a todas luces exaxeradamente e cun impacto paisaxístico e medioambiental notable, radicalmente diferente da que se barallou ata antonte.



Sabemos que o PP non é amigo das obras lóxicas proxectadas con criterio e con sensatez. Cada unha das súas obras trae sempre rabo, pero neste caso a vaguidade do acordo que se nos pide nesta PNL, a invitación a axeonllarse diante dos bos desexos na xeneralidade da súa proposta, a pouca concreción desta PNL, lévanos a pensar que estamos, unha vez máis, diante dunha operación de propaganda preelectoral para xustificar o que non se fixo durante todo este tempo a respecto de darlle solución a unha demanda que calquera que viva en Ribeira —aínda que sexa accidentalmente— ve como imprescindible.

Poida ser, pois, que esteamos, se cadra, fronte a un proxecto de infraestrutura faraónica para quedar ben, darlle percorrido electoral suficiente e, pasadas as eleccións do ano que vén —surtido xa o efecto electoral—, deixalo durmir no fondo dun caixón da Consellería e ¡santas pascuas!, retomándoo logo nas seguintes, sexan as estatais ou as autonómicas. Nós agardamos que non porque sería unha nova burla a engadir a todas esas promesas feitas repetidamente en cada proceso electoral.

Desde o BNG estamos intrigados por saber a razón pola que se opta por este trazado que divide en dous anacos o municipio de Ribeira e non pola mellora e adaptación da estrada comarcal 7301, na que se poderían suavizar as curvas pechadas que ten na actualidade, mellorar e anchar o firme e engadirlle un carril no tramo ascendente Xarás-Frións, resolvendo parte do problema. Aforrariamos cartos, non tronzariamos o municipio en dous, o tráfico pesado non cruzaría a cidade e o impacto e elevación de taludes de gran tamaño non serían necesarios.

Por tanto, desde o BNG non imos apoiar esta PNL que nos parece unha vaguidade. Créanme, queredamos estar equivocados e ter que recoñecer que vostedes van a serio. Porque, de ser así —de iren a serio—, solucionar o problema da variante de Ribeira exixiría sentarse e unha miga de sensatez. Utilizando a lóxica, optarían pola solución que hai xa tempo está enriba da mesa e que desde o BNG defendemos, e non só, porque tamén, sen ir máis lonxe, apoia e recoñece como mellor a Fundación Ría, que, coma vostedes saben, é unha fundación especializada na paisaxe, especialista nestas materias, presidida —vouno dicir así— por David Chipperfield.

Por tanto, agardamos que tomen en consideración a emenda do punto 1 que lles propoñemos, repito, se van a serio con esta proposición e queren utilizar a lóxica e o beneficio para Ribeira.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rivas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Fernández Fernández.

**O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ:** Grazas, señor presidente.

Señoras deputadas, señores deputados, bo día a todos e a todas.

Debates neste punto unha iniciativa do Grupo Parlamentario Popular, a Proposición non de lei número 29964. A iniciativa pide o apoio dos grupos da Cámara a unha nova variante en Ribeira. A exposición de motivos que nos aporta a iniciativa aporta, entre outras cousas

—valla a redundancia—, algunhas cuestións certamente reveladoras. Por exemplo, o párrafo segundo di: «xa dende a posta en servizo da anterior vía rápida do Barbanza, o fluxo de entrada do tráfico en Ribeira cargouse sobre a AC-550, estrada Cee-Ribeira, que converge no centro urbano coa AC-305, estrada Padrón-Ribeira, que, se ben se liberou da súa función de canalizar o tráfico de longo percorrido, aínda mantén un fluxo importante de vehículos». Esta realidade que describe era previsible e necesitaba dende o inicio de actuacións de corrección que resolveran esa problemática que había entón e continúa hoxe.

A nós parécenos que non se actuou con dilixencia e eficiencia no Proxecto da autovía do Barbanza no seu punto final en Ribeira. Foi unha actuación, un proxecto, que xa naceu incompleto, coñecendo a situación real de Ribeira. Porque a situación previa do tráfico urbano en Ribeira era coñecida: pola propia dimensión poboacional de Ribeira; por exercer o rol dinamizador dun amplo espazo territorial, co conseguinte atractivo traducido en mobilidade viaria no seu núcleo; porque, previamente, xa converxían no centro urbano dúas estradas autonómicas relevantes. Lembremos: a AC-550, de 108 quilómetros aproximadamente, entre Cee e Ribeira, que presta servizo a poboacións intermedias importantes como son Carnota, Muros, Noia, Porto do Son, Portosín, etc. E tamén a AC-305, de 40 quilómetros, entre Padrón e Ribeira, que prestaba servizo a poboacións como Boiro, A Pobra do Caramiñal, etc.

Esta era a realidade previa á autovía do Barbanza, unha realidade coñecida e contrastada na IMD —intensidade media viaria de vehículos— nos puntos quilométricos próximos a Ribeira nas estradas AC-550 e AC-305. E é unha realidade ademais coñecida, e sobre todo padecida, polos veciños e veciñas do casco urbano de Santa Uxía de Ribeira.

É verdade que a autovía do Barbanza liberou o tráfico da AC-305, asumindo a súa función canalizadora, aportando seguridade e reducindo tempos. Tamén aportou riqueza endóxena, facilitando o seu acceso a Santa Uxía de Ribeira, e riqueza exóxena, facilitando a saída ás principais vías de comunicación viaria como son a N-550 e sobre todo a AP-9. Esas son as virtudes da autovía do Barbanza.

Pero a iniciativa do Grupo Popular pon de manifesto as súas carencias; unhas carencias no punto final, en Ribeira, resultado da falla de previsión e dunha pésima planificación e resolución final da seguridade viaria no núcleo urbano de Ribeira. Na exposición de motivos o Grupo Popular faise eco das virtudes desta autovía licitada por un Goberno do Partido Popular, sendo conselleiro de Política Territorial, Obras e Vivenda o señor Feijóo, actual presidente da Xunta de Galicia.

Parece obvio, señora Prado, que se outorgou o mérito da licitación ao señor Feijóo, permitíranos que outorguemos o mérito das carencias tamén ao señor Feijóo. De feito, a proposición non de lei do Grupo Popular pretende subsanar unha grave deficiencia da autovía do Barbanza que afectou durante moitos anos ao tráfico e seguridade viaria de Ribeira. Semella ser a iniciativa unha emenda ao Proxecto da autovía do Barbanza, con certa resistencia do Goberno e de quen o preside a recoñecer os seus erros, ou, o que é máis preocupante, a desentenderse da seguridade viaria, neste caso en Ribeira.

Só así se entende que o Grupo Popular pida axuda en forma de apoio aos grupos da oposición. Dende logo, o Grupo Socialista está comprometido —absolutamente comprometido— coa se-

guridade viaria, e non imos poñer nin peros nin pegas ás actuacións que pretendan unha mellora da seguridade viaria, como é o caso da variante de Ribeira, por iso imos apoiar esta iniciativa.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández Fernández.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Cal.

**O señor CAL OGANDO:** Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Hoxe vimos outra vez ao señor Feijóo recorrer a Venezuela, esa bala de prata que utilizan sempre que teñen que agochar miserias importantes. E non é que as caixas de aforros dos galegos e galegas en Venezuela non teñan unha relación, por suposto que a teñen, que é a relación do Partido Popular cunha empresa venezolana á que lle regalaram as caixas de todos os galegos e de todas as galegas. *(Aplausos.)*

O Partido Popular trae hoxe unha iniciativa que non sei se cualificar de redundante, porque xa a conselleira de Infraestruturas e Vivenda —a señora Ethel Vázquez— anunciou esta actuación. Ou se, polo contrario, é unha iniciativa seria e o que están a facer é presionar á conselleira de Infraestruturas para que cumpra co anunciado porque o Grupo Popular non se fía da palabra dada pola conselleira, o cal é comprensible, atendendo ao grao de incumprimento deste Goberno.

Sexa unha cuestión ou a outra, o que si se evidencia é que esta iniciativa e o anuncio da conselleira de hai uns meses ten un carácter electoralista moi marcado, algo que non debería sorprender a ninguén, xa que o Goberno de Feijóo só se lembra das infraestruturas galegas cando asoman os comicios no horizonte.

Pensemos, por exemplo, no que sucedeu coa autovía do Morrazo recentemente inaugurada. Con 7,3 quilómetros de percorrido, foi construída ao longo de sete anos, paralizándose as obras e reactivándose atendendo á proximidade das eleccións. Así, aínda que o corredor orixinal foi proxectado nos tempos de Manuel Fraga —ex-presidente da Xunta de Galicia, ex-ministro da ditadura e máximo referente do Partido Popular durante moitos anos—, non foi ata o ano 2011 que se licitou o primeiro contrato de obra, casualmente un mes antes das eleccións municipais. Durante os tres anos seguintes, a autovía do Morrazo non avanzou moito, ata que o 13 de abril de 2015 —outra vez un mes antes das eleccións municipais— a Xunta anunciou unha segunda licitación, esta vez para a construción do primeiro dos tres tramos nos que se dividiu a obra. O segundo tramo foi licitado o 16 de decembro de 2015, catro días antes das eleccións xerais. Agora ben, tralas licitacións e as promesas chegaron os cortes de circulación pola ausencia dunha planificación adecuada. O primeiro dos cortes non foi comunicado ata o 28 de outubro de 2016, curiosamente 1 mes despois das eleccións autonómicas dese ano. Este desleixo, sumado aos cortes na ponte de Rande e á promesa incumprida por parte de Fomento de que unha vez finalizadas as obras a veciñanza do Morrazo podería utilizar indistintamente

os carrís adicionais do corpo da autoestrada, ten aos alcaldes do Morrazo en pé de guerra, por iso hai un par de días concentráronse en Domaio. E onte supoño que se volverían cabrear cando viron outra vez atascos de 3 quilómetros despois de que Feijóo anunciase valentemente, catro anos despois de que as obras estiveran provocando atascos, que Audasa subiría as barreiras en caso de atasco. Pois ben, onte houbo un atasco de 3 quilómetros e non se subiron as barreiras, xa vemos que a palabra de Feijóo non serve absolutamente para nada. Foi moi valente, a falta de quince días de que rematen as obras, despois de catro anos, de dicir que Audasa levantaría as peaxes. Pois bueno, onte vimos que non serve de nada a palabra dada por Feijóo, que non serve de nada que a Xunta de Galicia estea na Comisión da AP-9, porque se están a rir de todos os galegos e de todas as galegas, e onte volvérono vostedes a facer.

A autovía da costa da Morte tamén é un bo exemplo de promesa electoral recorrente. Foi comprometida no ano 2002, tras a catástrofe do *Prestige*, pero non comezou a construírse ata o ano 2008 e non rematou ata o ano 2016. Foi unha das dúas actuacións prometidas naquel famoso Consello de Ministros daquel Plan Galicia que foi unha burla a todos os galegos e galegas: só se cumpriron 2 das 10 promesas que se fixeron. Daquela foto daquel Consello de Ministros no que tan só dúas ministras quedan xa por estar investigadas ou detidas por casos de corrupción daquel Goberno imputado e detido do señor Aznar.

Autovía, por certo, que lles vai custar aos galegos e ás galegas 630 millóns de euros ata o ano 2030, cando o deseño inicial era tan só de 200 millóns de euros. A este tipo de operacións supoño que se refire a Comisión Nacional de Mercados e da Competencia cando fala de que a corrupción no Estado español custa 90.000 millóns de euros ao ano, dos cales a metade son concesións infladas. Xa sabemos como financia as campañas o Partido Popular.

E non quero rematar sen recordar que é preciso traballar tamén na mellora da seguridade viaria na autovía AC-11, que concentra a metade da sinistralidade con animais da provincia da Coruña. Aínda que ao señor Fernández Prado lle faga moita graza, estamos falando de accidentes de tráfico. Precísase tamén actuar na AC-550, que se atopa en moi mal estado polo tráfico que soporta diante da ausencia da variante e polo desleixo da Xunta de Galicia.

E, para ir rematando, Galicia ten que asumir por fin as competencias da AP-9, liberala e facela accesible a toda a cidadanía; tamén, por suposto, á cidadanía do Barbanza, que despois de circular por unha vía libre de peaxes ten que gastar os cartos para circular en dirección Pontevedra ou Compostela. Ese si que sería un bo anuncio electoral por parte do Partido Popular.

Pola miña banda, máis nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Cal.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Prado.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Grazas, señor presidente.

Señor Cal, eu entendo que vostedes hoxe estean confusos porque están sometidos a dúas consultas: unha, sobre a mansión de Pablo e Irene; e, outra, sobre se se ten que ir a se-

ñora Quinteiro ou o señor Villares. Pero mire, aquí os únicos que non se fían das palabras dadas polos seus compañeiros de grupo son vostedes. Só hai que ver a prensa do último mes —xa non falo de máis alá, do último mes— e mesmo a prensa de hoxe, na que unha deputada do seu grupo cuestiona o seu portavoz. Iso non o verá no Grupo Parlamentario Popular. *(Aplausos.)*

Señor Rivas, esta iniciativa está na orde do día dende o pasado martes. Se vostede interpretou que era xogar sucio facerlle unha lembranza ao deputado que redactou esta iniciativa, creo que me entendeu mal, porque o simple recordo ao noso compañeiro López Crespo non pretendía en ningún caso condicionar o voto de ningún grupo, simplemente era lembrar que a iniciativa era del, e hoxe eu síntome honrada por defendela. E simplemente fixen... —creo que hoxe procedía facelo— unha pequena lembranza de como era o noso compañeiro, nada máis. *(Aplausos.)*

Sobre a súa emenda, señor Rivas, nós non podemos aceptala porque o que propón a emenda do BNG en realidade é un trazado absolutamente distinto para a variante de Ribeira. Vostedes propoñen aproveitar o trazado da actual 7301, que é titularidade da Deputación da Coruña. Nós cremos que o trazado concreto débese definir no contrato que dará cumprimento ao que se propón nesta PNL. Nós non pretendemos tampouco definir o trazado con esta PNL. Pero, en calquera caso, sobre o trazado que vostedes propoñen vouldes dicir tres cousas.

En primeiro lugar, en canto á funcionalidade, o obxectivo da variante é circunvalar o núcleo de Ribeira, dando un novo acceso polo oeste á súa zona de maior expansión e pechando a rede coa DP-7307, que percorre a costa por Aguiño. Isto non o ofrece a proposta que vostede fai, que está afastada do núcleo principal de Ribeira e non chega a alcanzar a costa.

En segundo lugar, un dos problemas que resolverá a variante proposta é a transición no final da autovía, que a través da AC-550 —moi urbanizada— non dá o servizo axeitado para ser o acceso principal a Ribeira. Coa proposta que vostedes fan, pola 7301, repetiríase en parte o mesmo problema, porque o trazado está condicionado polas construcións que hai na súa contorna; menos que na AC-550, pero aínda así significativas, moitas máis construcións.

E aproveitar, señor Rivas, a DP-7301, como propón o BNG, sería máis inseguro que unha vía de novo trazado para vehículos, ao ser unha estrada con máis interseccións, construcións, etc., para os propios veciños e na que se vería tamén máis incrementado o tráfico.

Eu creo que, efectivamente, o obxectivo, señor Fernández, é mellorar a seguridade viaria, flexibilizar o tráfico e tamén aproveitar para conectar esas parroquias: Aguiño, Castiñeiras e Carreira, que son as máis afastadas do núcleo.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

**Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paula Vázquez Verao, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para promover o uso normal da lingua galega e facilitar o seu coñecemento no ensino infantil, así como nos centros de atención á infancia**

**O señor PRESIDENTE:** Hai unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 30345.*

*Emenda de substitución.*

*Substituír o punto primeiro polo seguinte texto:*

*«- Considerar o tramo de 0-3 anos como etapa de educación infantil, e integrala no ámbito da Consellaría competente en materia de educación.*

*- Cumprir neste tramo educativo o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega de 2004 que contempla:*

*2.1.22. Establecer unha oferta educativa en galego en preescolar (0-3 anos) e na educación infantil para todos os nenos e nenas galegofalantes.*

*2.1.23. Fixar, como mínimo, un terzo do horario semanal en galego nestas etapas educativas para os contextos e contornos nos que a lingua predominante sexa castelán, coa intención de que esta porcentaxe se vaia incrementando progresivamente.»)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Vázquez Verao.

**A señora VÁZQUEZ VERAO:** Como xa fixemos onte, o primeiro é unha lembranza ao noso compañeiro Crespo. Pensamos que, dende a distancia ideolóxica, exemplificaba moi ben esa precondición da política que é o respecto polas outras, polos outros. E vaia aquí tamén a nosa lembranza que onte xa fixo o noso compañeiro Manolo Lago.

Entendemos que vivimos un proceso de estranxeirización do propio idioma na propia terra; é algo que semella inexorable á luz dos datos. Pode parecer un pouco exaxerado, pero dende 1992, cando hai o primeiro estudo fiable, o galego retrocede de xeito sostido e imparable. Digo que pode parecer esaxerado, pero, se imos a determinados contextos urbanos ou se imos a determinadas franxas de mocidade, a realidade é esta.

Levamos meses escoitando o argumentario do Goberno a gabarse dos datos sociolingüísticos, cando a realidade é o descenso constante da poboación galegofalante. E gábanse de ser —é certo— a lingua cooficial máis coñecida, máis falada e máis utilizada, pero obvian —evidentemente obvian— que é a que máis perde falantes, partindo precisamente dunha situa-

ción mellor. A realidade é que o país envellece, e os que máis envellecen son os falantes e as falantes de galego.

A Real Academia Galega advertiu do risco de creba de transmisión interxeracional da lingua. Di que cada vez hai máis nenos e nenas galegas que herdán a lingua, e na actualidade a análise que fai a Real Academia Galega sobre este aspecto fai a hipótese de que non ten que ver tanto coa decisión familiar nesta altura, senón coa escasa —digo literalmente— presenza do galego na socialización secundaria, nomeadamente no ámbito escolar. Así, non imos entrar aos datos en profundidade, pero é evidente, simplemente con sinalalos brevemente, que as xeracións máis novas, as que teñen entre 5 e 20 anos, tenden —este é un proceso que parece inexorable— á monolingüización en castelán. Se comparamos os datos entre a enquisa do IGE do 2003 e 2013, non hai máis que ver que, se no 2013 hai un 18,35 % das crianzas entre 5 e 14 anos que aprenderon a falar só en galego, esta situación no 2003 era do 31,46 %; hai un acelerado descenso de 14 puntos nesta situación. Non se poden obviar estes datos. É que ademais, segundo o IGE, a pregunta sobre a lingua empregada por pais e nais para relacionarse coas crianzas era en 2013 de 18,52 % os que o indicaban así, fronte ao 33 % de había hai unha década. Agora falarlle a fillos e fillas en castelán é o comportamento lingüístico maioritario entre a poboación galega, o 38,5 %.

Se imos ver a distribución territorial dos usos lingüísticos, a nós parécenos que hai un paralelismo evidente entre o proceso que algúns xeógrafos como o noso compañeiro Xosé Constenla denominan colapso territorial galego e a perda da lingua. Hai un desequilibrio territorial, hai un desequilibrio sociolingüístico.

Os únicos datos positivos —é certo— son os que resaltan —só faltaría— a mellora da autopercepción positiva das competencias lingüísticas, a mellora sobre todo da lectoescritura. ¡Só faltaría, cando se incorpora o galego no ensino! Pero ¿que sucede? Que entre os menores de 30 anos a porcentaxe de mocidade que asegura ter un dominio total da lingua galega tamén descendeu nestes dez anos, do 66,35 % ao 53,07 %.

Pois ben, é evidente que un dos ámbitos no que había consenso nesta Cámara, na sociedade galega, para a necesaria potenciación da lingua galega, tal e como temos obriga estatutariamente, era o ensino. ¿Que sucede? Que aínda que esa presenza do galego no ensino, esa presenza que debe tender a ir cada vez a máis, aínda que está sustentada xuridicamente no Estatuto de autonomía, na Lei de normalización lingüística e en diversa normativa internacional que protexe ás linguas minorizadas, pese a iso, o comité de expertos que avalía o grao de cumprimento da Carta europea das linguas rexionais e minoritarias foi, evidentemente, moi crítico co retroceso brutal vivido pola lingua no ensino, logo do famoso decretazo do plurilingüismo, e alerta literalmente da redución gradual do ensino galego en todos os niveis.

Así pois, o artigo 13 da Lei de normalización é papel mollado: os nenos teñen dereito a recibir o primeiro ensino na súa lingua materna, pero é papel mollado para moitos e moitas nenas galego falantes.

Xa digo, o Plan xeral de normalización lingüística, que foi aprobado por unanimidade neste Parlamento en 2004 e que tiña o obxectivo final de garantirmos ás persoas que falamos ga-

lego o dereito a vivir en galego, é materialmente imposible, e nun dos eidos onde é imposible é no ensino infantil. Pese a ese consenso na necesaria potenciación da lingua, vemos que no ensino infantil a presenza da lingua nos centros neste caso de 2 a 6 anos —está aí o informe da Mesa de normalización lingüística— o 76 % dos centros de educación infantil no medio urbano teñen as clases maioritariamente ou exclusivamente en castelán; só un 19 % intenta equiparar o uso de ambos idiomas e só un 8,5 % utiliza maioritariamente a lingua galega. Así, case un 39 % destes centros exclúen o galego totalmente das súas aulas. É peor a situación no eido urbano que no medio rural.

Se imos aos datos que transmitiu a Xunta, que di que un 10 % destas escolas si utilizan o galego de xeito maioritario, nin sequera chega a ese 18,52 % de falantes iniciais de galego. Así pois, a realidade é que tamén no ensino neste ciclo, primeiro ciclo de educación infantil, que non está adscrito á Consellería de Educación pero que é un elemento fundamental para o ensino, tamén se contribúe á perda de galego falantes, en lugar de contribuír a frear ese fenómeno histórico de substitución lingüística. A realidade así non é mellor que en 2004. O propio Plan xeral de normalización xa advertía de que en educación infantil a presenza do galego é mínima.

¿Que sucede? Que como non temos un estudo da Xunta pormenorizado, unha das nosas propostas é esa: coñecer a fondo a realidade lingüística dos centros de ensino infantil, no caso dos de 0 a 3 anos, de todo tipo de centros, por iso propoñemos un estudo pormenorizado da Xunta. E propoñemos presentar ante este Parlamento, antes de final de ano, un estudo sobre a situación da planificación lingüística nestes centros, o que tamén nos permitiría ver a radiografía a nivel territorial, que, por certo, é unha obriga da Administración galega facer esas avaliacións de como está a política lingüística no eido educativo, que é algo que tam-pouco cumpre a Xunta.

E é que se incumpren sistematicamente as normas e os consensos que teñen que ver coa lingua. E cando se incumpren os consensos que teñen que ver coa lingua galega, non se está faltando ao respecto só á lingua galega, estase faltando ao respecto aos que a falamos, porque a política lingüística é o eido do Goberno no que máis se reduciu o orzamento.

Así pois, nós con esta iniciativa queremos propoñer unhas medidas que falan de dereitos lingüísticos, de igualdade de oportunidades para toda a poboación e de garantir cumprir coas normas que nos demos e que foron co consenso de toda a sociedade galega.

Por unha parte, desenvolver unha rede pública autonómica de escolas infantís de 0 a 3 anos integradas na Consellería de Educación —xa que é un eido no que é fundamental o aspecto educativo—, nas que se garanta o desenvolvemento das capacidades das crianzas nas dúas linguas oficiais de Galicia, garantindo tanto o dereito das crianzas a ser escolarizadas na lingua materna como a promoción do uso normal da lingua galega. Non saímos do marco do Plan xeral de normalización lingüística, pero a realidade é que isto non se cumpre.

Pedimos que sexa unha rede pública, que sexa unha rede estendida polo territorio, porque a nós parécenos que hoxe este é o servizo social máis demandado da cidadanía. Hai unha lista de agarda en escolas infantís públicas de máis de 3.800 nenos e nenas. Temos que facer



fronte a esta demanda social que ademais é de xustiza: a escolarización temperá garante a igualdade de oportunidades, e no eido lingüístico tamén é fundamental para adquirir competencias lingüísticas a posteriori.

O problema da falta de lingua galega nas escolas infantís non é de agora, xa dixeran, pero isto axudaría a paliar. Ao non haber unha rede pública uniforme de ensino de 0 a 3 anos, tamén propoñemos impulsar especificamente a normalización lingüística nos puntos de atención á infancia, nas casas niño ou nas escolas de entidades de iniciativa social, porque a orde que as regula non establece a respecto da lingua obrigas máis que para as escolas infantís, e de xeito máis laxo que o fai para o ensino infantil que está integrado en Educación, e ademais nas casas niño fáltales unha normativa común tanto en ensino como en lingua, porque ás casas niño pídeselles un proxecto moi básico no aspecto asistencial, pero son un elemento educativo fundamental. Nós cremos que se debe ter en conta tamén algún tipo de norma común a respecto do ensino e da planificación lingüística, xa digo, co horizonte de avanzar cara a unha rede pública de ensino de 0 a 3 anos.

Tamén propoñemos no marco do Plan xeral de normalización lingüística —tampouco non saímos de aí—, en colaboración cos concellos, a promoción de proxectos de educación familiar para fomentar a socialización da infancia en galego e apoiar as iniciativas existentes, como pode ser o proxecto Apego. A Xunta podería, en lugar de agasallar esas caixas con quincallada que nos dan ás mulleres que damos a luz en Galicia, potenciar o material audiovisual en galego, porque, segundo nos cadre, pódennos cadrar nesas caixas CD en castelán ou galego.

Pensamos que é importante que se potencie este eido. ¿Por que? Porque tamén nese estudo da Mesa viamos que nas escolas infantís hai máis material educativo en inglés que en galego. É unha demanda social, a Xunta debe promover a edición de material educativo e lúdico en lingua galega. Tampouco, por certo, nos saímos do Plan xeral de normalización lingüística.

Para nós hai moitas razóns pedagóxicas para impulsar o ensino do galego na etapa de 0 a 3 anos, e para facela, efectivamente, unha etapa educativa. ¿Por que? Porque é fundamental o contacto co galego para logo ter esas competencias en galego que teoricamente a Lei de normalización establece ao remate da educación obrigatoria.

¿Que sucede? Que en moitas cidades a realidade é que hoxe nenos e nenas só van ter contacto co galego na escola, só están tendo contacto co galego na escola. ¿Que sucede? ¿Como se garante o dereito a coñecer o galego ás crianzas de Vigo ou Ferrol co nivel que hai de uso do galego na infancia?

Xa remato. Distintos estudos —incluídos tamén os do profesor Anxo Lorenzo— din que as crianzas que teñen como lingua familiar a lingua de prestixio na sociedade, que é o castelán, non teñen ningún problema coa escolarización predominante en linguas distintas da materna, obtendo beneficios e melloras lingüísticas tanto na lingua escolar como na materna. En cambio, as crianzas que teñen como lingua materna a minorizada, ao ser escolarizadas plena ou maioritariamente na lingua de prestixio, si poden sufrir consecuencias negativas, sobre todo se non teñen afianzadas as súas competencias lingüísticas.

Así que por pedagogía, por igualdade, por dereitos lingüísticos, propoñémoslles que apoiem esta proposición non de lei.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Vázquez Verao.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** Moi bo día.

Ter unha lingua propia é unha riqueza. Ter unha lingua propia é un tesouro. Normalizar a lingua é normalizar a existencia plena dun pobo. Neste caso, normalizar a lingua propia é normalizar a existencia plena do pobo galego. Por iso, a verdade é que resulta incomprendible que o Partido Popular, con Núñez Feixóo á cabeza, se empeña en debilitar a lingua propia do pobo galego. A única explicación é a de ter un goberno de ocupación ao servizo das forzas de ocupación, que ten como prioridade o obxectivo da aculturación do propio pobo, o da asimilación e de estar ao servizo do imperio. En lugar de estar ao servizo do pobo galego, estar ao servizo de España e ao servizo do que diten desde Madrid. E ten dado probas máis que abundas. Diante da inxerencia continua e permanente de Madrid, en lugar de defender as competencias e de defender o idioma, pregarse ao que teñen ditado desde alí.

O galego é a única lingua do Estado que perde falantes. O galego é a única lingua na que non hai un xornal. O galego é a única lingua na que non se poden ensinar matemáticas ou ciencias. O galego é a única lingua do Estado na que baixa a edición de libros. É a única lingua na que non se pode acceder a series e filmes substitulados en galego nas plataformas dixitais. E onte puidemos asistir aquí a un auténtico esperpento. Diante dunha iniciativa defendida polo Bloque Nacionalista galego, assistimos a algo que sería inconcibible nun país normal cun goberno normal, onde se defende que se poida ter a normalidade de acceder a unhas plataformas dixitais con subtítulos en galego. Ademais, coa agresividade de ¿como se nos ocorre plantexar semellante cousa?!

Nun país normal serían corridos a gorrazos, je resulta que sacan peito! (*Aplausos.*) Resulta que o Partido Popular saca peito diante desta situación e esta é a normalidade que defenden, dicindo que o normal é ter un goberno que agrade deste xeito o propio idioma.

Renegar da lingua é renegar do país, e resulta que temos o partido maioritario, que sustenta o Goberno, instalado nesta posición. O galego perdendo protagonismo polas políticas de desprezo e agresión do Goberno e do Partido Popular. E os galegos e galegas atopando dificultades para vivir con normalidade en galego: no ensino, na Administración, na xustiza, no audiovisual, na mocidade, no lecer, nos medios de comunicación, na edición de libros. Atopando a marxinación absoluta do galego en ámbitos tan diferentes como os medios de comunicación ou a xustiza, onde o galego apenas chega ao 5 %, e cando chega a ese 5 % é por un exercicio voluntarista das persoas que alí exercen a súa profesión. Sofre discriminación no ensino por decisión do Goberno, que segundo informes da Real Academia Galega, desde o ano 2010 o galego retrocedeu na escola a índices dos anos noventa, ou veu reducida a presenza no ensino infantil nas cidades nun 90 %. Datos, dende logo, escalofriantes, pero que

non son unha maldición bíblica, non son casualidades, é froito desa folla de ruta do Partido Popular, que ten como obxectivo que o propio idioma deixe de existir.

Neste contexto, calquera iniciativa que se traia a este Parlamento para intentar poñer o galego no lugar que lle corresponde, dende logo vai ter o apoio favorable e a defensa do Bloque Nacionalista Galego. Por iso apoiamos esta iniciativa, á que lle presentamos unha emenda nun aspecto que o BNG vimos defendendo sistematicamente dende sempre, que é, en lugar de defender unha rede de escolas infantís e logo integralas na Consellería de Educación, nós o que propoñemos é que se considere o tramo de 0-3 ensino educativo e que estea integrado na consellería competente en materia de educación, e que nese tramo se contemple o que establece o Plan xeral de normalización da lingua galega do ano 2004, que se cumpra, efectivamente, o aprobado neste Parlamento por unanimidade e por consenso; é dicir, que se contemple como etapa educativa ese tramo de 0-3 e que se aplique o acordado por unanimidade neste Parlamento no ano 2004. E xa dixemos en moitas ocasións que nos parecía increíble ter que reivindicar a Manuel Fraga e a etapa de Manuel Fraga neste Parlamento, pero que se faga...

**O señor PRESIDENTE:** Remate.

**A señora PRADO CORES:** ...o acordado naquel momento, que non é outra cousa que establecer unha oferta educativa en galego en preescolar de 0-3, na educación infantil, para todos os nenos e nenas galego falantes, e fixar como mínimo un terzo do horario semanal en galego nestas etapas educativas para os que non sexan galego falantes. É dicir, algo tan revolucionario como cumprir a lei.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRADO CORES:** Neste momento en Galiza, para o galego, é revolucionario cumprir o Plan de normalización lingüística aprobado por unanimidade neste Parlamento.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamento Socialista, señora Burgo.

**A señora BURGO LÓPEZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Moi bos días, señorías.

Nós, o Grupo Socialista, no pleno anterior tentamos de verdade, con toda a boa vontade, chegar a un novo pacto pola lingua neste Parlamento; un novo pacto que rompeu o Partido Popular, que ten o seu buque insignia no chamado Decreto do plurilingüismo, que está traendo graves consecuencias para o noso idioma.

Porque o galego ten problemas; está tendo problemas que xa eran evidentes antes e que agora son moito máis evidentes. Que o sabemos e estamos preocupados todos menos o Par-

tido Popular. Pero non o dicimos o Grupo Socialista, dío o Consello da Cultura Galega, dío a Real Academia Galega, dino as universidades e está marcado por todas as enquisas que se poidan coñecer.

Tentamos chegar a ese pacto pero o Partido Popular non quere, prefire agochar a cabeza, prefire non ver a realidade; iso sendo ben pensada, pero cada vez estou máis disposta a pensar non tan ben, a pensar que o que queren é agochar o galego, é dicir, facer cada vez menos visible o noso idioma.

En todo caso, dicía que esta iniciativa da señora Vázquez Verao pon enriba da mesa un problema que é moi importante. É moi importante porque o futuro da nosa lingua, como o futuro de todo, está nos nenos e nas nenas, nos máis cativos. E ademais o problema máis grave do galego está dándose precisamente nos mozos e mozas.

Non é un problema novo. Cada vez que volvo ao Plan de normalización lingüística teño que dicir que me gusta máis. Fai unha diagnose moi importante e moi boa dos problemas nese momento. Permítanme que lea a diagnose que facía dos máis pequenos. Dicía —e di— o Plan de normalización lingüística en verbas exactas: «Nas garderías botan boa parte das horas nas que están espertos.» Refírense, por suposto, aos nenos e ás nenas. «Nelas empezan a relacionarse con outros. Apréndenlles os nomes ás cousas. Comezan a falar na lingua na que sempre se sentirán seguros.» Agora ben, en Galiza a presenza do galego nas garderías —hoxe escolas infantís— non chega ao 1 %, e son poucas as que respectan a lingua materna dos nenos cando é a galega; así que para estes nenos a lingua inicial non cadra necesariamente coa lingua materna. Mesmo podemos afirmar que estas novas xeracións non teñen lingua materna, senón que entran na vida sen lingua materna e con lingua de gardería, ou, se se quere, con lingua inicial moitas veces distinta da lingua materna ou familiar.

Se a isto lle engadimos que, en moitos casos, cando ese nenño regresa a casa encontra un televisor disposto a ofrecerlle horas de lecer maioritariamente en castelán, descóbrense unha das raíces de que a introdución do galego no ensino cadre paradoxalmente cun descenso do número de rapaces galego falantes maioritariamente nas vilas e cidades, fenómeno que empeza a aparecer no mundo rural.

É precisamente o que está a pasar agora, iso si, con maior incidencia e con maior porcentaxe do que estaba a pasar nese momento. E os problemas son exactamente os mesmos: a non existencia da lingua galega nas escolas infantís; unha televisión galega na que agora mesmo non existe practicamente programación en galego para os nenos e as nenas. Acábao de dicir a Mesa pola Normalización Lingüística. Soamente un 5 % desa programación infantil está en galego, pero iso si, cando chega o neno ou a nena a casa, ten un amplísimo número de canles falando en castelán, e ademais cunha programación moito máis novidosa. Se a iso lle engadimos que tampouco hai material didáctico, cousa que se contabilizou perfectamente por parte da Mesa pola Normalización, temos a tormenta perfecta. Está claro que unha gran parte dos nenos e das nenas, sobre todo das cidades, chegan ao ensino primario sen ter ningún contacto co galego, ¡ningún contacto! O contacto faise nas clases de primaria. E iso é un problema realmente grave que creo que temos que arranxar.

Un goberno —díxeno e repítoo— responsable, un goberno que acata o Estatuto de autonomía deste país e que realmente quere impulsar a lingua galega, estaría moi preocupado con isto e estaría manexando unhas normas e unha lexislación absolutamente distintas. Non o está a facer, e isto vai provocar un problema aínda moito máis grave que o que temos enriba da mesa.

Polo tanto, nós imos apoiar, por suposto, esta iniciativa e pregámoslle ao Partido Popular que recapaciten e tomen medidas neste gravísimo problema, porque eles son o Goberno e son os que teñen a máxima responsabilidade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Burgo.

Grupo Parlamentario Popular, señor Fernández Gil.

**O señor FERNÁNDEZ GIL:** Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Señora Vázquez, hai moitísimas cousas da súa intervención nas que podemos coincidir. Eu entendo que é construtivo, e voulle falar de determinados temas relacionados coa lingua. Vou continuar agora co que dicía vostede, pero vaime ter que permitir un segundo que faga unha referencia á intervención da señora Prado porque me preocupou bastante. Preocupoume bastante porque empezou dicindo que ter unha lingua propia é unha riqueza e un tesouro. Coincido e subscribo plenamente esa afirmación, e ademais eu engadiríalle que nunca debe ser un motivo de confrontación. Engadiríalle iso, precisamente, porque o botei de menos na súa intervención. Ademais, aí xa empezou a sacar o que é o argumentario habitual do Bloque Nacionalista Galego, falando incluso de se o Goberno de Galicia era un goberno ao servizo das forzas de ocupación, ao servizo do imperio. Vostede sabe, ou debería de saber —si, estamos a falar de lingua e de defensa da lingua—, que en sociolingüística unha das cuestións fundamentais que hai que ter presentes á hora de defender unha lingua é que unha lingua nunca se pode adscribir ou asociar ou intentar apropiá-la unha opción política. ¿Por que? Porque no momento no que a lingua se adscribe, asocia ou apropia por unha opción política vai correr a mesma sorte que vai correr esa opción política. (*Aplausos.*) Vai xerar simpatías nos defensores desa opción política e, automaticamente, antipatías nos que non seguen esa opción política.

E dáballe o dato tamén o presidente no anterior pleno, cando se lle preguntaba sobre a situación da lingua. A actitude do Bloque Nacionalista Galego, desgraciadamente, ten provocado a perda de falantes de galego, (*Murmurios.*) unha perda importantísimas de falantes de galego en Galicia (*Aplausos.*), a pesar de que vostedes queiran acusar diso aos demais.

Non, non é ningún insulto, é a constatación dun feito, señor Rivas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.

**O señor FERNÁNDEZ GIL:** Desgraciadamente, é a constatación dun feito. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, silencio.

Señora Prado, vostede estaba no debate. Silencio. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Este é un debate político, ninguén insulta a ninguén, de momento. Silencio. Non, non, non hai insulto a ninguén.

Prosiga, señor Fernández Gil.

**O señor FERNÁNDEZ GIL:** Moitas grazas, presidente.

Ademais, ata se nos dicía que nun país normal un goberno coma este sería corrido a gorrazos. ¿Vostedes que están insinuando?, ¿que están insinuando?, ¿que a sociedade galega non é unha sociedade normal? Porque a política lingüística e este Goberno están referendados pola sociedade galega. (*Aplausos.*) ¡Se vostedes queren defender o galego e a sociedade galega dicindo que unha sociedade normal nos correría a gorrazos...! ¡Pois eu non sei cal é a súa concepción da sociedade galega!

Pero desculpen, a proposición non de lei era do Grupo Parlamentario de En Marea e quero contestar ao que dicía a proposición non de lei, porque ten aspectos interesantes e ten cuestións nas que podemos estar de acordo, pero eu creo que se dá unha visión parcial, e dígoo con absoluta franqueza.

Vostede falou dun proceso de estranxeirización do galego, de que a presenza do galego está a descender permanentemente e en risco de quebra interxeracional. É certo, todos os datos apuntan a que existe unha quebra na transmisión interxeracional, e para iso se articulan plans, para actuar nesta cuestión.

Vostede falaba da importancia da presenza do galego no ensino infantil. Evidentemente, claro, pero é que lle vou dicir máis, o decreto que vostedes tanto critican, de plurilingüismo, no seu artigo 5.3, sinala textualmente: «*Atenderase de xeito individualizado o alumnado tendo en conta a súa lingua materna.*». Decreto de plurilingüismo, artigo 5.4: «*Cada centro educativo deberá facer constar no seu proxecto lingüístico as actividades e estratexias de aprendizaxe empregadas para que o alumnado adquira de forma oral e escrita o coñecemento das dúas linguas oficiais.*». É dicir, o que vostedes están solicitando está recollido no propio Decreto de plurilingüismo. É algo que xa se está a facer. Todos os centros de ensino infantil teñen que ter un proxecto de lingua de centro, e sábeo perfectamente, por iso non entendo a que vén esta proposta hoxe ao Parlamento, por que traen esta proposta á Cámara.

Hai unha cuestión moi importante á que vostede fixo unha referencia, pero unha referencia velada, que é a distribución territorial dos usos lingüísticos. Importantísimo, porque claro, chegamos aquí e vostedes dicían que nas cidades, no ensino infantil, hai nenos que poden non chegar a ter contacto co galego ata a escola, centrada no ensino primario. Eu xa digo

que non comparto en absoluto esa afirmación porque o propio decreto — como dicía antes — garante a presenza do galego en todas as etapas educativas.

Pero é que se queremos atender á realidade sociolingüística no caso concreto do ensino infantil, podémonos atopar tamén na outra posición. É dicir, como hai que garantir o ensino na lingua materna, naqueles contextos nos que a lingua materna é o castelán, evidentemente vai estar máis presente no ensino infantil. Sen embargo, no ámbito rural — e sábeo perfectamente —, onde a lingua materna en moitos casos é maioritariamente o galego, o ensino infantil transmítese maioritariamente en galego, atendendo a esa necesidade de transmitir a lingua materna. É dicir, é absoluta a coherencia do sistema lingüístico do Goberno galego.

Agora, ¿que hai que traballar para mellorar a situación do galego? Evidentemente. Garantindo o equilibrio lingüístico e garantindo as competencias. Falámolo unha e outra vez. ¿Cal é a competencia fundamental dun goberno? Dotar a sociedade de competencias básicas para falar unha lingua, e a partir de aí, estamos no momento de máis alto grao de coñecemento e máis alto grao de competencias. Díxeno no anterior pleno, se houberse un problema no ensino do galego en Galicia, non poderíamos estar no momento de maior competencia e destreza lingüística en todos os eidos da sociedade. Todo o mundo reconece e autorreconece a súa competencia lingüística. Iso é porque no ensino se están a facer as cousas ben.

¿Hai que actuar para mellorar a presenza do galego, e sobre todo para manter a transmisión interxeracional? Por suposto, para iso están os plans de dinamización do galego na mocidade; plan de dinamización do galego no tecido socioeconómico. Téñoo dito mil e unha veces e seguireino repetindo: a cuestión fundamental da lingua é a prestixiación social...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor FERNÁNDEZ GIL:** ...por iso digo sempre, e non me cansarei de dicilo, que fraco favor se lle fai — e neste caso non me refiro a vostede, señora Vázquez, que na súa intervención foi, dende logo, moi correcta — con intervencións como a da señora Prado a esa presenza ou a esa transmisión interxeracional, ou a esa simpatía, ou a esa prestixiación do galego, porque ao final — dicíao antes, e con isto remato —, se estamos intentando adscribir ou apropiarse unha lingua desde unha opción política, ao final o que estamos conseguindo é crear rexeitamento cara a esa lingua desde quen non pensa do mesmo xeito.

Nós defendemos que a lingua é de todos e, polo tanto, como todos a seguiremos defendendo, seguiremos implementando plans e cauces para que a presenza da lingua galega sexa cada vez maioritaria na sociedade.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández Gil.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Vázquez Verao.

**A señora VÁZQUEZ VERA:** Vou intentar responder ao que creo que son unha serie de trampas que vostede, señor Fernández Gil, sinalou.

En fin, o primeiro que teño que dicir, e permítame ir á literatura, é que «*triste é o cantar que cantamos*», porque ¡fracó favor se lle fai ao idioma precisamente cando se racha o consenso! Evidentemente, a lingua non é de ningunha opción política. ¿Entón por que en 2009 se subiron ao cabalo de grupos que dicían que se estaba impoñendo o galego en Galicia? ¿Por que rachan o consenso do Plan de normalización do 2004? ¿De quen é a culpa? ¿A quen se lle ocorre dicir que o galego estaba sendo imposto no ensino en Galicia? Vostedes, como Goberno da Xunta, que teñen a obriga estatutaria de normalizar o galego, sóbense ao carro destes grupos e falan agora de «equilibrio lingüístico».

Equilibrio non pode habelo entre linguas que son desiguais. Vostede dixo que o principal problema da lingua é tamén o desprestixio. Ergo, evidentemente, cando unha lingua é minorizada, debe ser máis potenciada no ensino e debe ter un mínimo garantido. Iso é o que non se garante, porque nos papeis si está, pero a realidade é que ese primeiro contacto co galego en moita infancia nas cidades prodúcese no ensino, e non teñen outro medio de contactar. O Plan xeral de normalización lingüística xa alertaba desta situación, por iso imos aceptar a emenda do BNG, que unha das súas propostas era que se garantise nos medios castelán parlantes polo menos un terzo do horario semanal en galego. Cremos que debería camiñar cara ao 50 % como mínimo, como era ese decreto do Bipartito, pero xa sería un avance, porque a realidade é que non se cumpre. E non se cumpre, sobre todo, non só nas escolas infantís, senón nos puntos de atención á infancia, nas escolas de iniciativa privada e non hai unha normativa para as casas niño, por iso nós iamos máis alá nesta iniciativa.

Pero é que ademais hai unha razón pedagóxica evidente, porque non estamos falando de linguas iguais, estamos falando de linguas desiguais, cun prestixio distinto, polo tanto, cómpre potenciar a que está minorizada na sociedade.

Así pois, é unha trampa o de dicir que estamos no equilibrio lingüístico, que estamos no mellor momento do galego. Claro que, respecto do coñecemento, é obvio, se o galego estaba excluído, se estaba proscrito da escola. Pero é que estamos tamén no peor momento en canto á perda de transmisión interxeracional da lingua, e non se poden negar eses datos. A orixe, para nós, está na creba do consenso que se fixo en 2009, e lamentamos que isto continúe así.

Eu, escoitando o argumentario da Xunta todos estes meses, soamente podo interpretar que se creba este consenso lingüístico porque se está competindo con Ciudadanos a ver quen é máis cutre, a ver quen é máis españolista. ¡Non lle atopo outra explicación! Non lle atopo outra explicación a seguir alentando estes prexuízos sobre a lingua que o propio Goberno fomentou, cando ademais a propia Xunta, á parte de ter a obriga estatutaria, ¡non existiría se non houbera lingua!

¿Vostedes leron o preámbulo da Lei de normalización lingüística? Cando a nosa lingua está retrocedendo na nosa propia terra, nós non aspiramos a volver séculos atrás, non estamos falando de cuestións románticas. Pero estamos analizando que é unha consecuencia da cons-



trución dun estado centralista que se fixo a custa dos intereses do pobo galego e por riba dos dereitos lingüísticos.

Isto está na Lei de normalización lingüística. Había un consenso en que, xa que a lingua acabou sendo minorizada, se potenciase. Romperon ese consenso, e a realidade é que a Xunta está contribuindo á desgaleguización de Galicia.

**O señor PRESIDENTE:** ¿Sobre a emenda? ¿Acepta a emenda?

**A señora VÁZQUEZ VERAO:** Acepto.

Nada máis. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Vázquez.

**Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> María de los Ángeles Cuña Bóveda e doce deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para salvaguardar a asistencia sanitaria prestada polo Centro Galego de Bos Aires, así como o seu patrimonio, a súa obra social e o seu legado**

**O señor PRESIDENTE:** Hai emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario Popular.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Juan Manuel Díaz Villoslada, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de modificación.*

*Proponse unha nova redacción para a parte resolutiva da iniciativa.*

*«Os puntos 1, 2 e 3 serán substituídos polos seguintes textos e os puntos 4 e 5 pasarán a ser 3 e 4:*

*1.- Garantir a asistencia sanitaria de calidade da emigración galega asociada ao Centro Galego de Bos Aires.*

*2.- Acordar co Goberno da República Arxentina os necesarios mecanismos de cooperación para a preservación de todo o patrimonio artístico, documental e bibliográfico do Centro Galego de Bos Aires, consensuando ademais unha solución que protexa ao inmovible da especulación inmobiliaria.*

*Os puntos 4 e 5 pasarán a ser 3 e 4.»)*

*(O G. P. Popular de Galicia a través do seu portavoz, por iniciativa da deputada Raquel Arias Rodríguez e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei,*

*Emenda de substitución.*

*Débase substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:*

*«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia:*

- 1. Velar polo legado cultural do patrimonio artístico e bibliográfico do Centro Gallego de Bos Aires, colaborando cos seus socios e institucións representativas arxentinas para que este se poida seguir desfrutando polo conxunto da colectividade e sociedades galega en Arxentina.*
- 2. Velar, xunto coa Administración Xeral do Estado, para que os emigrantes galegos asociados poidan seguir desfrutando de asistencia sanitaria en caso de necesidade».)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Cuña.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** Grazas, señor presidente.

Bo día a todas e a todos.

O tema que traemos hoxe aquí é un tema complexo, pero é un tema que consideramos ben importante. Hai un manifesto pola defensa e o porvir do Centro Galego de Bos Aires, asinado por todas as forzas culturais, sociais e políticas de alén dos mares e de aquí dos mares tamén.

Desta parte está a Real Academia Galega, o Consello da Cultura, as tres universidades, múltiples fundacións, todos os sindicatos, todos os grupos políticos que estamos nesta Cámara, máis de 5.000 asinantes.

Pediría, por favor, un pouquiño de atención, se non lles importa, porque a desconcentración, cando o ritmo ten que ser acelerado, é bastante nefasta.

Ben, ¿que asinamos? Aquí houbo unha declaración institucional o 24 de marzo, é dicir, hai dous meses. ¿Que é o que asinamos e —digamos— cal é a síntese da cuestión? ¿Que se demanda? Demándanse da Xunta e do Goberno español, a través do Ministerio de Asuntos Exteriores, actuacións concretas diante do Goberno arxentino encamiñadas a solucionar a grave situación do Centro Galego de Bos Aires.

Tamén se reclama vontade política para preservar e garantir a atención médica de calidade dos actuais socios e socias e a protección do patrimonio artístico, documental, bibliográfico e editorial. Por último, nesta síntese moi rápida solicítase impedir a demolición e/ou a especulación inmobiliaria.

Dito isto, vou facer unha breve historia do século en dous minutos e medio, un pouco como o libro «Historia do mundo en dez capítulos e medio», de Julian Barnes.

Estamos falando dun centro que ten máis historia que 101 anos. Estamos falando dun século de historia. En 1907 nace o centro con varios obxectivos clarísimos: axudar os inmigrantes,

facen cursos de alfabetización, crear oficinas de traballo e asistencia médica. En 1917 mércase o inmoble por subscripción popular, e este edificio non só é un edificio con 6 plantas, 2 sotos, moitísima obra cultural e artística, é un símbolo do noso país. Inaugúrase no ano 1923 cun espírito de cooperación social, e é o alicerce dun centro que forma parte da nosa cultura.

En 1950 morreu nunha habitación do hospital do Centro Galego Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, e isto tamén é un símbolo importante para todas nós.

En 1969 creouse o Instituto Cultural, co obxectivo de difundir e defender a cultura galega e custodiar este riquísimo patrimonio.

Vou pegar algún choutiño, porque hai moitas datas e moitos datos, e voume quedar estritamente co que considero moi relevante e que nos trae hoxe aquí, porque hai unha situación de emerxencia, hai unha situación de urxencia.

En 2002 creouse unha fundación, a Fundación Galicia Salud —e isto é importante—, con sede en Santiago de Compostela, integrada a parte iguais por membros do Goberno galego e do Centro Galego.

En 2001, padroado a partes iguais. ¿Que pasou en 2006? Presten atención se poden e queren e non están ocupadas con outros asuntos que seguro que tamén son de moita importancia.

En 2006 a inscrición de Ospaña é relevante. Primeira obra e única autorizada, sen orixe sindical, no Rexistro nacional de obras sociais. Conformada pola Xunta de Galicia, polo Goberno de España, pola Fundación Galicia Salud e o Centro Galego no 2006. ¿Cal era a idea? Servir de soporte financeiro o hospital. Moi ben.

O poderío económico acadado por Ospaña demostra que era a solución económica para o Centro Galego, que aseguraría a súa supervivencia. Pero, ¿que pasou? Por favor, quen estea atendendo, é importante non perder fío, porque se perdemos fío non entenderemos moito pois o tema é complexo.

En 2007 apróbanse os estatutos, inaugúranse as oficinas de Ospaña dentro do edificio do Centro Galego. En 2008 comeza o que todas e todos coñecemos, a crise en España. En 2009 tamén hai cambios substanciais que todos e todas terán na cabeza; hai un novo Goberno e hai un novo delegado, López Dobarro. Vou pegar este chouto para que me dea tempo de dicilo todo e salto catro anos importantes, de 2010 a 2013.

No 2014 —pensen na data de 2006— hai unha reunión do consello directivo de Ospaña; aí decídese excluír o Centro Galego de Bos Aires. E hai unhas actas que temos —a Acta 46— que claramente o que nos dá é unha blindaxe contra posibles cambios de Goberno en Galicia ou en España.

No 2015 —estamos chegando aos nosos días—, hai tres anos, refórmanse os estatutos de Ospaña, 2015. Menciónanse a Xunta de Galicia e o Goberno español como promotores da iniciativa. E quen leva moito tempo neste Parlamento e ten memoria sabe que iso transcendeu

e que chegou aquí. Os que non estabamos, temos tamén hemerotecas e moitas fontes bibliográficas para nos documentar.

En 2016 hai novo cambio de interventor, o terceiro interventor, porque o Centro Galego de Bos Aires está intervido. E a intervención asúmea Moyano Barro.

No 2017 —o ano pasado, estamos moi pretoño—, ¿que pasa? En febreiro hai unha asemblea de socios pero suspéndese por falta de quórum. A nova xunta directiva fica sen ser nomeada. Fago alusión ás asembleas de socios porque teñen todo que ver co que traemos hoxe aquí. O interventor anuncia un acordo de concesión. ¿Con quen? Con Favaloro, que é unha fundación arxentina que tivo prestixio no seu momento pero que está tamén nunha situación económica difícil. E con Rivera Salud, que moitos e moitas de vostedes coñecerán ben. É unha empresa ben coñecida sobre todo na zona de Valencia. En decembro, a nova asemblea de socios non aproba os balances do interventor e poñen condicións de venda.

En 2018 —xa estamos neste ano—, fíxense que deste ano levamos soamente cinco meses pero pasaron moitas cousas, ¡moitísimas! En fin, hai unha ruptura de negociacións aparente coa empresa ofertante, Rivera Salud e Favaloro. Os membros da comisión negociadora alegan non terse reunido nunca cos compradores. Estes din que só o fixeron co interventor. En xaneiro compareceu o conselleiro de Educación e Cultura aquí dicindo que ían ter moito respecto e protexer moito os bens. En febreiro compareceu a petición de En Marea na Comisión 1ª o señor director xeral da Emigración, Miranda. En marzo —dato importantísimo— o Goberno arxentino ditamina que o Centro Galego volva conducir a obra social impulsada pola Xunta, da que fora expulsado irregularmente —este é un dato fundamental—. Convócase nova asemblea e, ¿que pasa? Realmente este ditame —teñen na iniciativa que presentamos todos os pasos legais— ¿que significa? Que o Centro Galego de Bos Aires designará novos representantes nos órganos de dirección e fiscalización de Ospaña. ¿Que significa? Que o 33 % de Ospaña pertence á Xunta de Galicia, que o 33 % de Ospaña pertence ao Estado de España, que o 33 % de Ospaña, a partir desta resolución, pertence ao Centro Galego. Entón hai que negociar, obviamente. E coa modificación de normativa hai que nomear representantes.

O 8 de maio, a asemblea deulle un mes a Martín Moyano, o interventor, para que certifique a oferta de compra, a prestación sanitaria, que liquide a débeda e salve o seu patrimonio histórico e cultural. Teñen polo tanto Rivera Salud e Favaloro quince días a partir de hoxe para evitar ou dar unha oferta concreta, e a intervención para cancelar o pasivo da mutua. A outra opción é a quebra, que é o que creo que non queremos ninguén.

Xa que hai un acordo e non pode ser papel mollado, esperamos que esta iniciativa, que pasará tamén pola transacción cos outros grupos que presentaron emendas, sexa aceptada. E realmente, se non é papel mollado tanto a sinatura do manifesto como a declaración institucional que fixemos aquí...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** ... —remato xa—, temos que intentar por todos os medios salvar o Centro Galego de Bos Aires.

Máis nada. Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Cuña.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor Díaz Villoslada.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Como sinalaba a señora Cuña, efectivamente —e con motivo das noticias que estaban acontecendo respecto do presente e do futuro do Centro Galego de Bos Aires—, no pasado Pleno do 23 de xaneiro todos os grupos parlamentarios da oposición presentamos unha serie de preguntas orais das que deu contestación o conselleiro de Cultura. Sempre falando do principal ou máis senlleiro centro da diáspora de Galicia, é importante remarcar datas para non perder de vista a historia e por que actualmente o Parlamento de Galicia, que chegou precisamente —como tamén remarcaba a proponente desta PNL— a unha declaración institucional unánime o pasado 21 de marzo, está máis que preocupado polo futuro deste centro de Galicia no exterior.

Para min hai tres ou catro datas fundamentais, como son, evidentemente, 1907 —ano de creación—; os anos —trataríalos conxuntamente— 1933 e 1936, cando o centro prestou o seu apoio á autonomía galega; o ano 1990, evidentemente, no que o Goberno galego concedeu a *Medalla de Ouro de Galicia* a este centro por todo o seu labor ao longo da súa historia e por manter viva a representación de Galicia no exterior.

Tras máis de cinco anos xa da intervención por parte das autoridades arxentinas deste centro, tivemos ocasión de coñecer tamén como fito importante na documentación a ter en conta para tratar de resolver e de buscar un futuro entre todos para o Centro Galego de Bos Aires, o acordo que tomou o plenario do Consello da Cultura Galega o día 9 de xaneiro deste ano, con asistencia ademais do presidente da Xunta de Galicia, baseándose —hai que reiteralo e non perdelo de vista— tanto na Lei de galegitude de Galicia como na Lei do patrimonio cultural de Galicia. E daquela, naquela pregunta, dicíámoslle ao conselleiro de Cultura que non só está en xogo o legado cultural bibliográfico-documental que está no propio centro, senón que está en xogo a propia memoria histórica das galegas e dos galegos emigrados.

Daquela, o conselleiro de Cultura díxonos en varias cuestións que tiña o Goberno galego a máxima preocupación e a intención de colaborar. Que o presidente Feijóo lle trasladara ao presidente Macri a nivel de embaixadas a preocupación de Galicia polo futuro do centro. E que había que ter en conta dous aspectos que condicionan calquera solución para o centro. Primeiro, que estamos, evidentemente, no ámbito das relacións exteriores; e, en segundo lugar, que o centro pertence, evidentemente, ao colectivo de mutualistas alí presentes. Nese sentido era unha contestación de máxima preocupación, pero teñen que decidir os titulares do centro e xa veremos o que podemos facer.

É certo tamén que na última viaxe do conselleiro de Cultura e do secretario xeral de Emigración a Bos Aires tiveron unha reunión, precisamente, cunha representación dos mutua-

listas, e dicíase nos en titulares que a Xunta garante o patrimonio do Centro Galego de Bos Aires. Evidentemente, por unha parte, o propio Goberno galego, o propio conselleiro de Cultura ou os propios portavoces do Grupo Popular, deberíannos indicar —con motivo desta PNL ou doutras iniciativas nas que seguro que teremos que traballar para garantir o futuro do Centro Galego de Bos Aires— en que termos se está instrumentando precisamente esa garantía que a primeiros de maio, naquela viaxe a Arxentina, aseguraron tanto o secretario de Emigración como o propio conselleiro de Cultura.

E chegamos —como dicía— precisamente a esa Declaración institucional do Parlamento, do 21 de marzo, que eu creo que debe ser a folia de ruta que debemos seguir todos os grupos políticos desta Cámara. E con base precisamente no espírito, na filosofía, desa declaración institucional, por parte do Grupo dos Socialistas de Galicia presentamos unha emenda, por unha parte, que dalgunha forma trata de evitar posibles confusións; ser unha emenda máis de corrección respecto do que é a asistencia sanitaria á emigración galega asociada ao propio Centro Galego de Bos Aires. E, por outra parte, tendo en conta, en primeiro lugar, que efectivamente estamos no marco de relacións exteriores; e, en segundo lugar, que estamos no marco dun centro que, evidentemente, corresponde na súa titularidade aos mutualistas, para nós máis que falar de posibles procesos de compra que poidan condicionar futuros acordos de xestión, é importante —como dicíamos na nosa PNL que presentamos en decembro tamén— que se acordaran co Goberno de Arxentina os necesarios mecanismos...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** ...de recuperación para preservar —e remato, presidente— todo o legado artístico, documental e bibliográfico do Centro de Bos Aires, consensuando ademais, evidentemente, solucións que eviten que o inmovible sexa froito de especulación inmobiliaria. Este, e non outro, era precisamente o sentido da Declaración institucional e o fío condutor das nosas emendas, que esperamos poidan ser aceptadas.

Máis nada. Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Grazas, señor Díaz Villoslada.

Por parte do Grupo Parlamentario Popular ten a palabra a señora Arias Rodríguez.

**A señora ARIAS RODRÍGUEZ:** Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Na súa iniciativa, señora Cuña, facíase referencia —ademais do que aquí se dixo tamén— á situación de garantir a asistencia sanitaria —que tamén xa nomeou aquí— dos galegos socios do Centro Galego de Bos Aires.

Hai que dicir e aclarar antes de nada que todos os españois que residen en Arxentina —e, por tanto, todos os galegos que residen en Arxentina— teñen garantida a asistencia sanitaria

gratuíta en virtude dun convenio que ten asinado o Goberno español co Goberno arxentino, e no que colabora tamén o Goberno da Xunta de Galicia.

En Arxentina hai unha sanidade pública, hai tamén un sistema sanitario social arredor das obras sociais, e hai un sector privado no que se inclúen as cooperativas e as mutuas de saúde, e a este último é ao que pertence o Centro Galego de Bos Aires. É dicir, todos os socios do Centro Galego de Bos Aires pagan unha cota, e con esa cota teñen dereito a uns servizos sanitarios complementarios; o que sería un seguro privado aquí en España.

Na redacción da súa iniciativa —non no que dixó aquí, e eu entendo que ademais non era isto o espírito—, tal como ía redactada a súa iniciativa, parecía facer ver que o Goberno galego tivera que garantir unha sanidade privada para os 170.000 galegos que residen en Bos Aires, e entendemos que ese non era o obxectivo, senón para os 800 socios que ten o Centro Galego de Bos Aires, que nalgún momento tivo 100.000 e neste momento ten 800 socios. Ben, pois hai que dicir que todos eles terán garantida esa asistencia sanitaria. Se nalgún momento houbera algún problema co Centro Galego poderían ter esa asistencia a través de Ospaña nas mesmas condicións, tanto en canto a pago de cotas como en canto a prestacións sanitarias. E tampouco hai que preocuparse pola situación da obra social de Ospaña, pois está en condicións —polas noticias todas que temos— de poder garantir esa asistencia.

Por tanto, eu creo que isto é moi importante: a asistencia sanitaria está garantida para todos os galegos que residen en Bos Aires. E se algún puntualmente ten un problema, o único que ten que facer é ir á embaixada española ou ben á delegación de Galicia en Bos Aires, onde lle farán os trámites, as informacións e o percorrido para que sexa atendido. Hai fondos para iso, hai mecanismos para iso, por tanto, ningún galego debe ter ningunha preocupación neste sentido.

Falaba vostede tamén, na outra parte, do edificio por un lado e, por outro lado, da obra cultural. Dicía tamén, na súa parte expositiva, que o edificio se prevía que podía compralo o Goberno español, esa foi unha noticia que saíu en Arxentina e que logo se desmentiu, non é así. E falan vostedes de que o pode comprar o Goberno galego.

O Goberno galego apoiou o Centro Galego de Bos Aires dende sempre. Nos anos noventa, o Centro Galego tivo dificultades e o Goberno galego estivo aí apoiando. No ano 2000 vólvese pedir esa axuda e son os propios socios os que lle piden á Xunta de Galicia, neste caso a través da Fundación Galicia Saúde, que participe e que estea no goberno —por dicilo dalgunha maneira— do Centro Galego de Bos Aires. Durante esa época estivo ata o 2011 a Xunta de Galicia, e os mesmos socios que lle pediran que estivera, pedíronlle que se retirara. A Xunta retirouse, pero tiña xa investidos 20 millóns de euros, máis 10 millóns de euros que puxo ao final para que as contas quedaran saneadas. Actualmente hai arredor de 70 millóns de débedas que o Goberno arxentino creou, e, por tanto, non parece lóxico que nin o Goberno español nin galego —o galego neste caso— teña que comprar ese edificio.

O que si vai estar o Goberno galego é atentísimo, como estivo en todo momento, por un lado, á asistencia sanitaria de todos os galegos que están alí, e, por outro lado, a que o legado cultural e artístico se poida manter alí, que se poida desfrutar por todos aqueles que contribuíron durante moitos anos a que se formara, e polas persoas e as xeracións que veñan despois.

Todas as informacións que temos polas visitas que fixeron alí representantes do Goberno galego, recentemente o mesmo conselleiro de Cultura e o secretario xeral de Emigración, é que todas as partes que están negociando a posible venda do Centro Galego de Bos Aires — unha negociación entre entidades privadas, temos que recordar —, aínda mantendo esa vontade das entidades privadas que teñen que negociar...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora ARIAS RODRÍGUEZ:** ...todos están de acordo en que a obra social, a obra cultural, os fondos bibliográficos, se manteñan, e así llo fai dicir tamén o propio Goberno arxentino ao Goberno español.

Por tanto, todos están de acordo nesa dinámica. O Goberno galego estará atento e, se cambian as circunstancias, por suposto se tomarán medidas para que isto poida ser así e para poder...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora ARIAS RODRÍGUEZ:** ...garantir — remato, señor presidente, só un minuto para dicir cales son as nosas emendas—...

**O señor PRESIDENTE:** Un minuto non, remate.

**A señora ARIAS RODRÍGUEZ:** Neste sentido, a nosa emenda é que se fora estar atentos, como xa se vén estando en todo momento, pero para que quede máis claro se a vostedes lles parece que iso é necesario, a nós non nos parecía moito, pero para que quede claro: Velar polo legado cultural do patrimonio artístico e bibliográfico do Centro Galego de Bos Aires, colaborando cos seus socios e institucións representativas arxentinas para que este se poida seguir desfrutando polo conxunto da colectividade e sociedades galegas en Arxentina...,

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**A señora ARIAS RODRÍGUEZ:** ...e velar, xunto coa Administración xeral do Estado, para que os emigrantes galegos asociados poidan seguir desfrutando de asistencia...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Arias.

**A señora ARIAS RODRÍGUEZ:** ...sanitaria no caso de necesidade.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**A señora ARIAS RODRÍGUEZ:** Cremos que este é o espírito da súa iniciativa e, polo tanto...,

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**A señora ARIAS RODRÍGUEZ:** ...cremos que a aceptará.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Rodil Fernández.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Bo día.

Hai un momento lanzáronse unhas acusacións contra o Bloque Nacionalista Galego, no anterior debate, que permítame que lle diga unha cousa, señor Fernández Gil: non imos aceptar nin o máis mínimo as acusacións que aquí se verteron contra o BNG respecto da situación do idioma. (*Aplausos.*) Pero moito menos imos aceptar lección ningunha dun partido que, facendo minimamente memoria, lembramos como se aliaba coa extrema dereita en febreiro de 2009, nunha mobilización que atacaba non os dereitos lingüísticos deste país, senón que directamente pregoaba que as linguas non tiñan dereitos. Leccións na defensa do idioma, ningunha, ¡ningunha! (*Aplausos.*) E moito menos lle imos permitir acusacións como as que aquí se verteron.

A respecto da cuestión que está agora sendo obxecto de debate, a través da iniciativa que formula o Grupo Parlamentario de En Marea, eu, señora Cuña, teño que recoñecerlle que nós estamos absolutamente de acordo co fondo da cuestión, co que está a ser obxecto de debate ademais agora aquí no Pleno, que é a garantía, a protección, a conservación e a salvagarda, o futuro do Centro Galego de Buenos Aires, no que ten que ver co seu patrimonio cultural, co material, co pictórico, co sonoro, co arquivo, que é boa parte tamén da historia do noso país e da diáspora, da emigración e do exilio das galegas e dos galegos na Arxentina, estamos absolutamente de acordo con iso. Ademais, hai unha vontade unánime, polo menos aparente, dentro desta Cámara, para garantir esa conservación, esa protección e esa salvagarda. Tamén, por suposto, co mantemento desa prestación e esa asistencia sanitaria ao conxunto das persoas que están adscritas ao Centro Galego de Buenos Aires, pero si que é verdade que lle teño que recoñecer que na forma, derivando toda a responsabilidade no Goberno do Estado español, non estamos tan de acordo, e agardo que no debate posterior, a respecto das emendas formuladas polos outros grupos, poidamos aportar desde o BNG a nosa posición, que é clara.

Defendémola xa con anterioridade en distintos plenos, e o que non queremos en ningún caso é desviar a atención a respecto da responsabilidade política que ten por enteiro a Xunta de Galiza. Xa o comentaba o señor Villoslada tamén, o propio ordenamento xurídico galego así o recolle, recólleo no artigo 4 da Lei de patrimonio cultural de Galiza, onde se recoñece a obriga e a responsabilidade do Goberno galego para salvagardar o patrimonio exterior, nomeadamente aquel que se atopa nas comunidades galegas afincadas en Latinoamérica, e tamén esa Lei de galeguidade no artigo 27, que de novo recolle as obrigas e a responsabilidade do Goberno galego, da Xunta de Galiza, na defensa e protección dese patrimonio, mesmo contemplando a posibilidade de que algunha parte dese patrimonio, no caso de que non poida ser garantida a súa protección, a súa conservación e a súa divulgación neste caso na Arxentina, como poderíamos estar a falar doutros centros galegos que atopamos polo mundo adiante, valore a posibilidade de que ese patrimonio, sobre todo o documental, o sonoro e o inmaterial, poida ser traído a Galiza.

Nós mantémonos na posición que defendemos desde o primeiro momento, que é que a Xunta ten que asumir as súas responsabilidades políticas; que a Xunta non pode mirar para outro lado ou poñerse de canto a respecto do futuro dese patrimonio, nin tampouco da asistencia sanitaria que reciben as persoas que se atopan adscritas, que son mutualistas e que fan parte dese Centro Galego de Buenos Aires.

Entendemos que, dentro do marco político no que nos atopamos a día de hoxe, todo o que ten que ver coa acción exterior está limitado pola capacidade moi limitada que ten o Goberno galego para actuar, que hai unha parte que lle corresponde ao Estado español. Pero tamén nós queremos subliñar e facer moita énfase no que ten que ver coa responsabilidade exclusiva que ten a Xunta de Galiza sobre todo na salvagarda e na protección, na conservación e na divulgación dese patrimonio inmaterial. Insisto moito nesta cuestión, Galiza é moito máis que o territorio no que nós estamos agora mesmo. Galiza ten unha parte da súa historia dispersa polo mundo, nomeadamente en Latinoamérica, e temos tamén unha responsabilidade no que ten que ver co Goberno galego, que non pode ser derivada noutras institucións, mesmo nun marco político que é moi limitante para a acción exterior da Xunta.

Pola nosa banda, máis nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Rodil.

Por parte do grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra a señora Cuña Bóveda.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** Grazas a todos e a todas.

Hai bastantes matices que eu querría facer. Primeiro, naturalmente, agradecer ao señor Juan Villoslada, polo Partido Socialista de Galiza, que engadise algunhas datas relevantes que teñen que ver, efectivamente, coa memoria histórica. Tamén que reclame —e nós tamén o facemos— informacións desa viaxe do conselleiro na que non soamente foi o conselleiro, foi tamén o director xeral de Emigración e tamén o señor Anxo Lorenzo, e faláron co embaixador e con moita xente de alí. Queremos saber que pasou directamente, non pola prensa. A Xunta ten que garantir e, está claro, saber en que termos se vai instrumentalizar.

Vou seguir pola aportación da señora Olalla Rodil, e tamén estamos moi de acordo no esencial. Nós, por exemplo, non concordamos con que a obra cultural e artística veña para Galicia. Ten os seus propietarios e o seu patrimonio. Dicimos que Galicia non é soamente estas catro provincias, e consideramos como irmáns, como do mesmo ADN que nós, á xente que está noutros lugares do mundo. Nós cremos que eles son os propietarios deste patrimonio, outra cousa é que se espalle e que se poida coñecer, como así vai ser «A derradeira lección do mestre», de Castelao, que vai viaxar aquí provisionalmente, pero que non pertence ao Centro Galego de Bos Aires, senón que pertence ao Centro de Galicia.

Señora Raquel Arias, as dúas propostas súas falan de velar. Eu cando penso en velar penso non sei se en velo, penso no mariñeiro de Pessoa. Pessoa ten unha obra, un poema

estático, no que as protagonistas son tres veladoras, «O tempo dos sonhos», é unha maravilla. Eu recoméndolle a lectura a todo o mundo. Pero nós, como representantes políticas, o que debemos é actuar, non velar, non estar sentadiñas. É alucinante, inventaron unha obra social para financiar o centro. Ata conseguiron autorización expresa do propio presidente. Para iso despois van, déixano fóra, meten os seus amigos, despois anúlanlles o desaguisado. É moi importante a Resolución do 18 de marzo. Agora teñen unha obriga legal: 33 % Galicia, 33 % Goberno español, 33 % Centro Galego de Bos Aires. Hai que negociar, esperamos que así sexa. Non é de recibo que se fagan así as cousas.

Polo tanto, hai que dicir moito máis e non teño practicamente tempo. Pero si dicir que, naturalmente, faremos unha interpelación, esperamos seguir negociando, esperamos que esa casa da que fala Muxo —un escritor arxentino—, que deu acubillo aos galegos, que recibiu personalidades, que levou a cultura galega ao máis alto, que curou física e espiritualmente a centos de miles, que asistiu a Castelao... temos que evitar un desenlace cruel.

Parece mentira que non saiba cantos socios hai. Falou de 800. Os datos dinnos que son 5.000.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** ¿Que están dicindo? ¿Que non ten relevancia para a colectividade estar atendida? Nós —perdón, remato— si queremos facer unha transacción e temos unha proposta concreta. Temos tres puntos que esperamos que sexan consensuados por todos os grupos.

O primeiro, prestar asistencia de calidade, que está tamén no espírito da declaración do Centro galego, para dar servizo —aquí acoutamos, é correcto, é correcta a suxestión— aos afiliados de Ospaña, ademais dos propios socios actuais. E isto é algo que todos e todas podemos consensuar. Acordar co goberno —se a mutua está de acordo, naturalmente, non podemos estar por riba da mutua—, a xestión compartida entre mutualidade e os gobernos galego e español para preservar o patrimonio artístico, documental e bibliográfico.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** E por fin, para rematar, tomar o que di a lei: aquelas medidas tendentes e garantir o bo funcionamento dos órganos da obra social Ospaña, nomeando os representantes que correspondan.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Cuña.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** Grazas por este tempiño de máis, pero o tema meréceo. Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Pasamos á seguinte iniciativa.

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Monserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co financiamento das obras de construción do porto exterior de Punta Langosteira e as súas conexións, así como a posición do Parlamento de Galicia en relación coa devolución polo Goberno central á cidade da Coruña dos peiraos de Calvo Sotelo, Batería e San Diego garantindo o seu destino a fins sociais**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** A esta proposición non de lei presentáronse dúas emendas do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e do Grupo Parlamentario de En Marea.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Juan Manuel Díaz Villoslada, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta, ante esa Mesa, a seguinte emenda á proposición non de lei.*

*Emenda de adición ao punto 1*

*Débase engadir in fine, no punto 1 da parte resolutiva da iniciativa, o seguinte texto:*

*«Para tal efecto, constituirase con carácter urxente a Comisión de seguimento prevista na cláusula oitava dos convenios asinados en febreiro e outubro 2004.»*

*Emenda de modificación ao punto 2*

*O punto 2 da parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:*

*«2. O Parlamento de Galicia acorda como resolución reclamar, conforme ao establecido no artigo 44 do Texto Refundido da Lei de portos do Estado e da Mariña Mercante do 5 de setembro de 2011, a cesión gratuíta ao Concello da Coruña dos peiraos de Calvo Sotelo, Batería e San Diego, así como os terreos da Solaina e Hotel Finisterre, trala súa desafectación polo Ministro de Fomento, previa declaración de innecesiedade pola Autoridade Portuaria da Coruña, co obxecto de destinalos para os fins de utilidade pública e interés social que se establezan no planeamento urbanístico municipal.»*

*(O G. P. de En Marea, por iniciativa do seu deputado e voceiro suplente Antón Sánchez García, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta, ante esa Mesa, a seguinte emenda de substitución á proposición non de lei.*

*Débase substituír o texto do punto 2 polo seguinte:*

*«2) O Parlamento insta á Xunta de Galicia:*

*- Á realización das xestións oportunas para deixar sen efecto o Protocolo asinado entre Xunta de Galicia, Ministerio de Fomento, Portos do Estado e Autoridade Portuaria de A Coruña, de data 18 de abril de 2018 e, en todo caso, a non asinar o Convenio que se anexa ao mencionado Protocolo.*

*- Á apertura dun proceso de negociación co Concello da Coruña, Autoridade Portuaria e Ministerio de Fomento-Portos do Estado aos efectos da revisión dos Convenios portuarios do 2004, así como*

*dos criterios de ordenación, forma xurídica da xestión dos terreos, financiamento e demais apartados contidos na proposta de Protocolo trasladado desde o goberno da Coruña, que debe servir como base, suxeita a negociación aberta, para o obxectivo de acadar os acordos conveniados e de colaboración, diálogo e cooperación institucional que concreten e definan detalladamente os obxectivos básicos contidos en tal Protocolo.*

*- A dar traslado do presente acordo ao Ministerio de Fomento, Portos do Estado e Autoridade Portuaria da Coruña.>>)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Pontón Mondelo.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Moi bo día, señorías.

Eu hoxe quería empezar a defensa desta iniciativa facendo unha cita dun ex-conselleiro do Partido Popular que, ademais, está moi de actualidade, porque creo que entrou no mercado de fichases de verán e fálase del nestes días. En todo caso, ese ex-conselleiro do Partido Popular deixounos aquí dito neste Parlamento que a prensa eran os notarios da verdade.

E eu creo que hoxe é importante que vaíamos a eses notarios da verdade para ver como nos inflúen decisións erradas que se tomaron no seu momento en temas que son fundamentais e vitais, como o que hoxe estamos tratando nesta iniciativa na que nós, realmente, o que queremos é chegar a un acordo que permita desbloquear unha situación que é fundamental, relevante, para o futuro da cidade da Coruña, como é que vai pasar con todo o bordo litoral interior, porque é, sen dúbida, o debate máis relevante que ten diante da mesa —ou sobre a mesa— a cidade da Coruña, e nós pensamos que non pode estar hipotecado nin por partidismos nin polos erros que se puideron cometer no pasado.

E, efectivamente, temos que ir ao pasado, e aí ímonos a un 25 de xaneiro de 2003, aquel presidente Aznar, o que nos dicía o señor Feijóo que estaba moi orgulloso de participar nese goberno de progreso como alto cargo. Pois ben, ese presidente Aznar, que conseguiu converter un accidente nunha catástrofe ambiental, como foi a do *Prestige*, pensou que podería tapar a indignación que había neste país coa nefasta xestión que se fixera nesa crise con promesas e propagandas. E viu aquel 25 de xaneiro de 2003 facer un consello de ministros —onde fíxense o que nos recordan os notarios da historia, creo que está ben facer estes exercicios de memoria—, e naquel momento Aznar garantía que todas as cidades galegas estarían conectadas por AVE con Madrid en menos de tres horas.

Tamén nos prometía máis chapapote, neste caso en autovías, ¡fíxense!, prometía dúas novas autovías entre Pontevedra e A Cañiza e outra entre Monforte con Chantada. E prometía acelerar autovías previstas —atención aquí Lugo—, dicíanos: Santiago-Lugo sairá o estudo informativo en febreiro, conectará Ourense e Lugo en maio, e a autovía do Cantábrico sairían a licitación os catorce tramos de forma consecutiva a partir do mes de marzo. Estamos falando en 2003.

E o terceiro punto destas promesas, naqueles tráxicos momentos, pois era que o Goberno central se ía comprometer coa execución do porto exterior da Coruña. Finalmente, a decisión

sobre o porto exterior da Coruña tómasse en 2004 e fíxose nunhas condicións que nós cremos que non son unhas condicións que sexan de recibo, nin desde o punto da cidade da Coruña, nin desde o punto de vista co trato con Galiza, pois vemos como aquí obras que son titularidade do Estado, que ademais o Estado comprometeu —entre outras cousas— para evitar que un accidente como o do *Prestige* non tivera un porto refuxio, vemos como estas decisións pretenden que non as pague o Estado e que as teña que pagar a cidade da Coruña. E ademais, unhas obras como son as obras do porto exterior, nas que hai moitas cousas que explicar. A Autoridade portuaria, por exemplo, non nos explica os sobrecustos deste porto, estamos falando duns sobrecustos que superan máis de 600 millóns o custo inicial previsto.

Pero hai aquí un feito sobre o que se están poñendo moi poucos focos, pero nós cremos que é moi relevante para este debate, e é que unha obra que decide facer o Estado, que é competencia do Estado, logo resulta que pretende que lle saia gratis ou case gratis. E, ¿por que dicimos isto? Porque cando imos ver quen financia o porto exterior da cidade da Coruña vemos que o compromiso do Goberno do Estado con Galiza neste tema é cero, porque realmente aquí o que se destinaron foron a maior parte dos fondos estruturais e de cohesión, é dicir, fondos europeos, 260 millóns.

Conseguiuse un préstamo en condicións vantaxosas de 130 millóns do Banco Europeo e logo hai outro préstamo que fai Portos do Estado por valor de 250, e queda un enorme baleiro que, en todo caso, terá que definir o Estado e quen está na Autoridade portuaria, como é que poñen en marcha actuacións e obras sen ter o financiamento e por que permiten un sobrecusto tan alto.

Dende o Bloque Nacionalista Galego o que temos moi claro é que o que non pode ser é que o financiamento do porto exterior da Coruña hipoteque a maior transformación urbana que ten pendente a cidade da Coruña. E o que non nos vale, baixo ningún concepto, é que se queira brindar un modelo que está absolutamente desfasado e fracasado.

E, ¿por que dicimos isto?, porque no fondo o que se pretende, o que está pretendendo neste momento o Partido Popular, é continuar cun modelo de cidade no que o que se quere é construír máis vivendas, nunha cidade que está chea de vivendas baleiras, e continuar con ese modelo de macrocentros comerciais, nunha cidade que está absolutamente saturada de centros comerciais. De feito, se seguimos e vemos o bordo litoral da Coruña, vemos o fracaso dese modelo, porque hai algún centro comercial pechado.

E, polo tanto, nós pensamos que ante un debate destas características non se nos pode dicir que o futuro da cidade da Coruña quedou escrito no ano 2004. E este é, sen dúbida, o debate máis importante que ten esta cidade, pero tamén é un debate que no fondo fala sobre cal é o papel que ten Galiza dentro do Estado e quen debe de financiar esas obras. E nós temos moi claro que este debate non pode pecharse en falso, e moito menos un partido político pode intentar furtarlle a unha cidade a liberdade para definir como quere que sexa o seu futuro. Porque iso é, realmente, o que está na letra pequena dese protocolo, que dunha maneira —eu creo— vergoñenta firmaron tres administracións en mans do Partido Popular, excluindo unha administración nun acto de lealdade institucional que eu creo que non ten precedentes e que, en todo caso, o que nos deixa moi claro é como o Partido Popular está moito máis interesado en facer partidismo neste tema que non en facer cidade.

Polo tanto, para nós ese protocolo non vale e é importante que vaimos ao problema de fondo que temos no debate sobre o futuro do bordo litoral da cidade da Coruña e, polo tanto, que lle pidamos ao Estado que sexa el quen asuma o financiamento desas obras do porto exterior e que se permita que a cidade da Coruña, con participación, sexa quen decida o modelo de cidade no que quere vivir.

E isto é, fundamentalmente, o que nós hoxe estamos reclamando nesta iniciativa de dous puntos: o primeiro é que teñamos un grande acordo para que sexa o Estado quen realmente financie as obras do porto exterior de Punta Langosteira, que nos unamos en defensa do país, porque é realmente o Estado quen ten que pagalo.

E neste tema permítanme determe un minuto. Nós cando analizamos o que pasa noutras partes, e noutros portos, vemos como o trato é moi diferente. Porque temos exemplos de moitos portos onde terreos que foron deixando de ter usos portuarios se devolveron de maneira gratuíta para a cidade, de feito a emenda do PSOE recolle concretamente como a lei permite que isto se faga. E non é só que a lei permite que se faga, é que xa temos exemplos noutras partes do Estado.

Pero é que, ademais, cando imos analizar como se financiaron outros portos exteriores, vemos como o Estado si tivo recursos para financiar: Xixón, 700 millóns; Valencia, 1.000 millóns; Barcelona 1.300 millóns, Bilbao 2.000 millóns. E mesmo neste momento estamos asistindo a unha situación que non deixa de ser moi paradoxal, porque se nos di que non hai recursos, que non se pode financiar con fondos do Estado o porto exterior da Coruña, pero, sen embargo, o Estado si puido asumir a débeda privada que tiñan as empresas que construíron as radiais madrileñas.

É dicir, o Estado pode socializar as perdas desas empresas construtoras e, sen embargo, dinos que é un pecado, que supoño que é inmutable, que non pode financiar unha obra que decidiu o Estado, que comprometeu nada máis e nada menos que no medio da catástrofe do *Prestige* e que agora pretenden que paguemos hipotecando o futuro da cidade da Coruña.

Creo que hoxe neste Parlamento podemos facer algo útil, non só polo futuro da cidade da Coruña, senón pola dignidade deste país, que é exixir que sexa o Estado quen asuma o custo de Punta Langosteira e que se lle permita á cidade da Coruña, en liberdade, decidir o seu futuro.

Agardo, señorías, que esteamos á altura deste reto que estou convencida que nos reclaman moitos cidadáns da Coruña.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Pontón.

Ten agora a palabra, por parte do Grupo dos Socialistas de Galicia, o señor Díaz Villoslada.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** Grazas.

No pasado pleno xa tivemos ocasión de debater algunha iniciativa sobre este tema esencial e clave, e non só para o futuro, senón para o presente da Coruña, da cidade da Coruña. O outro día tamén na Comisión 1ª tivemos ocasión de debater. Teño a impresión de que tere-mos máis ocasións en pleno e en comisión de debater sobre este asunto transcendental para a nosa cidade.

Non me vou cansar de repetir que boto en falta a presenza, precisamente, da conselleira de Medio Ambiente nestes debates, polo menos para escoitar, porque se dá a casualidade de que tamén é conselleira de Ordenación do Territorio. Dáse a casualidade de que tamén é membro do Consello de Administración da Autoridade Portuaria.

Onte veu aquí falarnos de economía circular ou de economía dun circunloquio —dáme a min máis a impresión—, pero eu creo que hai que dar a cara cando un ten unha determinada aposta. Onte o señor Trenor sufriu un certo capricho goyesco, porque o soño da razón ás veces pode producir monstros; non é unha traizón do subconsciente, eu creo que nalgúns casos (*Aplausos.*) é saber dar resposta institucional, precisamente, cando se representa un determinado papel.

A nosa posición nestes diferentes debates, a do Grupo Parlamentario Socialista e a do Grupo Municipal Socialista, é absolutamente clara: os convenios do 2004 non naceron —e quero insistir nisto e insistirei sempre— para hipotecar a cidade. Os convenios de 2004 —e sabémolo todos— naceron para darlle á cidade da Coruña maior seguridade, maior calidade ambiental, e para posicionar o porto da Coruña, o sistema portuario da Coruña e o sistema portuario galego, en definitiva, nunha posición de moita máis competitividade no que é a fachada atlántica europea. Evidentemente, tamén o dixemos —e volvemos dicilo—, pasaron catorce anos, e as condicións económicas, as condicións, tamén, sociolóxicas, as condicións, evidentemente, urbanísticas e as perspectivas de desenvolvemento da cidade variaron substancialmente.

Nós tamén, como todos os grupos políticos na cidade, salvo o Partido Popular, cremos, ou creo, que se está equivocando de forma radical, e o importante non é que se equivoque na Coruña o Partido Popular, o importante é que a equivocación a sufrira a cidade da Coruña.

E nese sentido, por iso nos pareceu non sei se sorprendente ou non que o día 18 de abril o presidente Feijóo e o ministro de Fomento y Puertos del Estado asinaran, sen contar absolutamente para nada co Concello da Coruña, ese protocolo.

Por certo, eu preguntaría, por se hai intervención dalgún portavoz popular con este tema, ¿por que nese protocolo se comprometen, por exemplo, 20 millóns de euros? Deberíamos saber a que responde esa taxación nun protocolo. Nós pedimos que se nos explique. Nós pedimos, precisamente, ese expediente de autorización de gasto, por que hai 20 millóns, por que esa cantidade, por que ese importe, por que ese 51 %, etc. Hai moitas preguntas, supoñemos que non responden a intereses ocultos.

Pero, en definitiva, o que demandamos é a maior lealdade institucional co Concello da Coruña, coa Alcaldía do Concello da Coruña. Os convenios de 2004, como recordamos todos,



asinados polos diferentes ministros de Fomento, sempre foron asinados polo alcalde da Coruña e tamén polo alcalde de Arteixo cando lle afectaba ao seu ámbito municipal.

Eu creo que, realmente, como dixemos tamén, non se pode vir á Coruña para asinar ese protocolo —como tamén dixemos— pola porta de atrás. Non se pode vir hipotecar o desenvolvemento urbanístico da cidade sen contar co Concello, é absolutamente imposible, e sábeno; sábéo perfectamente, foi concelleiro de Urbanismo, sábéo perfectamente, señor Martín Fernández Prado.

Por iso nós estamos insistindo en que —e así se aprobou o outro día por unanimidade no pleno municipal— se constituía a comisión de seguimento dos convenios de 2004 para realizar esa revisión, que se vaia a fórmulas consorciais. E eu preguntaría-me por que cidades como Sevilla, por que cidades como Santa Cruz de Tenerife, por que cidades como Valencia ou como Bilbao, recibiron en cesión gratuíta, conforme a lexislación portuaria do Estado, espazos portuarios, e pódeno verificar no *Boletín Oficial del Estado*, ou como recentemente hai un convenio entre o Concello de Bilbao, o Goberno vasco, o Ministerio de Fomento e a Autoridade portuaria de Bilbao para colaborar no desenvolvemento urbanístico, neste caso, de Bilbao.

¿Por que a Coruña non está nesa categoría? Explíqueno. (*Murmurios.*) Non está mentres o Concello da Coruña non participe como actor principal neste desenvolvemento urbanístico, e sábeno perfectamente.

Por iso nós presentamos unha serie de emendas, unha para pedir, precisamente, señora Pontón, esa constitución da comisión de seguimento dos convenios de 2004 para facer esa revisión e, en segundo lugar, para facela viable cun instrumento legal xa dispoñible na Lei de portos do Estado da Mariña Mercante, como é a cesión gratuíta, ¿para que? Para que o uso público, a utilidade pública ou de interese social deses solos dos peiraos de Batería, de Calvo Sotelo e de San Diego, se decida precisamente no foro da cidade, é dicir, no Plan urbanístico municipal.

Máis nada e grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Díaz Villoslada.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Sánchez García.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Bos días a todos, tamén aos de arriba.

Señor Villoslada, ¡ten cada pregunta! ¿Por que a Xunta quere o 51 % da Zona 1 do porto? Para controlar eles, para controlar eles e non a cidadanía da Coruña. Pois nada máis que por iso teñen o 51 % asinado neste protocolo infame, vergonzoso e que non esqueceremos en moito tempo. O protocolo asinado a espaldas da Corporación democrática do Concello da Coruña e, polo tanto, a espaldas da cidadanía da Coruña.

Como sempre, o Partido Popular ten a intención clara, sempre apostou polo pelotazo e a especulación inmobiliaria, tivo que rectificar moitas veces porque hai unha forza moi grande

na cidade da Coruña nun mesmo sentido. Hai unha ampla maioría da cidadanía da Coruña que quere democracia, é dicir, poder decidir democraticamente que se vai facer neses 400.000 metros cadrados do bordo litoral da Coruña, que é unha oportunidade de futuro para A Coruña: democracia. O Partido Popular opta por asinar un protocolo a espaldas da cidadanía.

E, por outra banda, a xente na Coruña ten claro, tamén, que é unha oportunidade para reequilibrar a cidade, para darlle as dotacións que non ten agora, para darlle os espazos verdes que non ten agora, para darlle a saída ao mar que queren, etc., etc. É dicir, é unha oportunidade de futuro que non se pode hipotecar co pretexto de financiamento das obras do porto exterior, que é unha hipótese e que é un completo desatino que non se xustifica.

Pero ademais da gran maioría de xente que aposta por estas cuestións, democracia, oportunidade, etc., é que as demandas son de sentido común, que a xente as defende e son de sentido común; polo tanto, o Partido Popular xa rectificou no pasado e vai ter que volver rectificar.

Eu onte preguntáballe á conselleira de Medio Ambiente ausente, a señora Bea Mato, e como sempre quedei sen respostas, xa lle levo preguntado oito veces e non contesta,ponse colorada pero non contesta. Eu díxenlle, ¿por que votou a favor no Consello de Administración da Autoridade portuaria á privatización dos terreos da Solana? Non contestou nin deu explicacións a que se quere presentar á Alcaldía da Coruña, non deu explicacións dun tema tan transcendente.

Ben, aí o Partido Popular tivo que rectificar, non hai ningunha proposta para as municipais na cidade da Coruña que poida ser defendible baixo o criterio de defender a privatización dos terreos do porto, e vostedes sábeno.

Polo tanto, neste caso que vostedes neste protocolo apostan na Zona 2 —que é o 80 % do terreo do bordo litoral, 344.000 metros cadrados—, vostedes seguen apostando por blindar os convenios de 2004. ¿E que quere dicir blindar os convenios de 2004? Quere dicir que alí están previstas 4.000 vivendas, algunhas delas de ata nove alturas. Seguen apostando polo modelo do pelotazo urbanístico.

Polo tanto, iso tamén está fóra do que quere a cidadanía da Coruña, non quere 4.000 vivendas, quere espazos dotacionais, produtivos, sociais, espazos verdes, etc., e, polo menos, quere poder decidir sobre iso.

Só nos queda esperar canto tempo vai tardar en rectificar o Partido Popular, e xustifícase esta operación inmobiliaria, e xustificábase no 2004 cos convenios, co pretexto de que hai que financiar as obras do porto exterior.

Nós, polo tanto, tamén apoiamos a petición do BNG, pero esa proposta se era para nós errónea en 2004, moito máis o é agora. A venda deses terreos para a construción e a privatización por axentes inmobiliarios non solucionaríaa, nin de lonxe, unha parte importante da débeda que hoxe ten a Autoridade portuaria, non serviríaa, nin sequera, para cubrir unha cuarta parte

da débeda actual; polo tanto, non ten sentido hipotecar todo o futuro do bordo litoral da Coruña para non solucionar o problema da débeda.

Por iso hai que darlle solucións que virán pola reestruturación da débeda, polo cambio de prazos, pola mellor xestión do porto exterior para que xere eses ingresos. O atraso da conexión ferroviaria influíu tamén neses resultados, neses malos resultados, nese incremento da débeda, pero non van vir por vender o solo do bordo litoral da Coruña.

Polo tanto, señores do Partido Popular, non utilicen as institucións con fins partidistas, sei que teñen esa cultura instalada nas súas filas, (*Murmurios*.) consideran vostedes que as institucións lles pertencen a vostedes, e na Coruña teñen o mesmo dereito os votantes do Partido Popular, os do Partido Socialista, os da Marea Atlántica e os do Bloque Nacionalista Galego.

Vostedes como Xunta de Galicia non representan ao Partido Popular, representan, ou deberían de representar, toda a cidadanía galega, e a cidadanía da Coruña —sexa do PP, do Partido Socialista, do BNG ou da Marea Atlántica— ten dereito a decidir o seu futuro, que lles entre na cabeza...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** ...porque, ademais, o único que van facer é alongar máis o período onde vostedes van ter que rectificar, porque a forza das demandas é imparabile.

Moitas grazas. (*Aplausos*.)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Sánchez.

Aproveitamos para saudar os alumnos de 5º de primaria do CEIP Lamas de Abade de Santiago de Compostela que nos acompaña neste momento na tribuna.

Para continuar ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, o señor Trenor López.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** Moitas grazas, presidente.

Un saúdo para todos os invitados, para os alumnos e para o resto que nos están escoitando.

Eu quero agradecer ao Bloque Nacionalista que trouxeran esta iniciativa, porque se fora eu o que a trouxera, o que dirían é que estou facendo localismo desde este Parlamento, que estou en campaña electoral ou que teño intereses partidistas para tratar temas de carácter puramente locais neste Parlamento. Pero como son vostedes, non imos pensar que vostedes teñen algún interese electoral na Coruña ou en meterlle o dedo no ollo ao señor Ferreiro.

Unha pena, señora Pontón, que todo o que vostede di aquí agora, neste momento, non o fixera hai trece anos, ou que non o fixera hai cinco anos ou hai dez, porque vostede xa era de-

putada entón, e xa era deputada cando os convenios de 2014 se incorporaron ao Plan xeral de ordenación da Coruña cos votos do Bloque Nacionalista, sen ningunha modificación do convenio xenuíno, ¡sen ningunha modificación! (*Protestas.*)

E os seus votos, señora Pontón, tamén serviron para apoiar gobernos que non financiaron nin o tren nin o porto da Coruña, e que incorporaron, ademais, novas obrigas, novas obrigas de venda de patrimonio dos coruñesas, e vostede xa era deputada.

E o Partido Socialista, señor Villoslada, mire, que fale vostede de que nós nos equivocamos, que nós nos equivocamos... Mire, non seu partido están dimitindo en masa, están dimitindo en masa na Coruña, e vostede sábeo. Claro, supoño, supoño que algo terá. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Que quere, falar vostede? ¿Quere ter o turno? Mire, firmaron vostedes o primeiro protocolo e os primeiros convenios, aprobaron vostedes o Plan Busquets, fixeron todos os trámites urbanísticos da man do Bloque Nacionalista Galego, os dous xuntiños, os dous xuntiños. Piden cousas diferentes aquí das que piden no Concello da Coruña.

Claro, ¿como non lle vai dimitir a xente? ¿Como non lle vai dimitir a xente se están vostedes traizoando décadas de traballo de socialistas na Coruña? Décadas. ¡Claro, así van quedar completamente sós! ¡Sós van quedar! (*Aplausos.*) E todo, todo, por ese xogo de tronos no que están vostedes, señoría.

Mire, tanto o Partido Socialista como o Bloque Nacionalista son cómplices da Marea. Falaba vostede de partidismo, señor Sánchez, partidismo. E di vostede partidismo e non ve vostede a prensa hoxe da Coruña, non a viu, ¿non viu ese partidismo polo que se adía o expediente que se ten que enviar ao Consello Consultivo? ¿Iso non é partidismo? ¿Iso que é? ¿Non é partidismo ter a deslealdade institucional que ten A Marea co resto das administracións? ¿Non é partidismo paralizar só por intereses da súa propia organización? ¿Ou non é partidismo contratar, adxudicar e ceder inmobles aos seus firmantes? ¿Iso non é partidismo? ¿Como lle chama vostede a iso?

Mire, paralizaron vostedes Alfonso Molina, única e exclusivamente, para poder darlles contratos aos seus firmantes, porque o informe de paralización foi dun firmante seu. Paralizaron vostedes o Plan de vivendas baleiras para poder comprar pisos a un dirixente da súa organización. Iso si que é partidismo, señoría.

Bloquearon a intermodal, o novo edificio da Policía, o centro de saúde da Falperra, e fixérono, única e exclusivamente, por partidismo, porque os veciños e veciñas da Coruña non ganaron absolutamente nada.

Señorías, por moito que diga a oposición, o protocolo firmado garante que o porto siga sendo dos coruñeses. Traen, señores do Bloque, unha nova iniciativa, outra máis, e dentro dun mes traerán outra pedindo o contrario.

Tamén se estrañan vostedes da implicación do presidente neste asunto, pero eu quero lembrarlles que houbo outras iniciativas, como as do propio pleno do Concello da Coruña, ou

deste Parlamento, solicitando a intervención do presidente para buscar solucións a este tema, e iso foi o que fixo precisamente o presidente da Xunta de Galicia, traer solucións.

Mire, democracia, señor Sánchez, é cumprir coas mocións, cumprir coas mocións que aproba o pleno democrático do Concello da Coruña, e eu fixen memoria mentres que vostede estaba falando: non cumpren adherirse ao Plan de vivendas baleiras, non cumpren a gratuidade do bus de menores de dezoito anos, non cumpren os plenos nos barrios, non cumpren abrir un expediente ao xefe de gabinete, o alcalde de verdade, que foi o que chamou orcos aos periodistas, aos funcionarios e ao resto da oposición. Iso non é democrático, señor Sánchez, non é democrático. Democrático é cumprir o acordo do pleno que pide que se envíe o expediente de pisos ao Consello Consultivo.

Mire, grazas a este protocolo as zonas portuarias de Batería e Calvo Sotelo pasarán a formar parte dun ente público do que poden formar parte todas as administracións públicas, como a Deputación e o Concello. E dígolle unha cousa, van formar parte, e se non forman parte agora formarán parte dentro dun ano, porque dentro dun ano vai haber un cambio de goberno, e estas administracións vanse incorporar a este protocolo (*Protestas.*) Vanse incorporar a este protocolo..., (*Aplausos.*) ¡vanse incorporar, vanse incorporar!

Pero miren, (*Murmurios.*) señor Sánchez e señora Pontón, o acordo ten máis cousas positivas...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Silencio.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** ...como 20 millóns de euros que vai poñer a Xunta de Galicia...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** ¡Silencio e escoiten a quen está no uso da palabra!

**O señor TRENOR LÓPEZ:** ...para ter a propiedade futura dunha parte do peirao de San Diego. E o acordo tamén trae outras cousas positivas, como 140 millóns de euros a cargo dos orzamentos do Estado, a cargo dos orzamentos do Estado e non do porto para facer as conexións ferroviarias para a Punta Langosteira. E a iso é ao que vostedes se están opoñendo.

Señorías, por todo isto que expuxen, súmense, contribúan e non bloqueen o acordo que pon aos veciños e ás veciñas da Coruña por riba dos conflitos partidistas, por riba dos egos...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** ...dos egos dos que non fan nada, e por riba das mentiras que vostedes están a lanzar.

Súmense á propiedade pública destes terreos formando parte dunha entidade pública onde estean todas as administracións. Súmense formando parte, pero sumando tamén e poñendo recursos e proxectos, e contribúan á determinación dos usos aos que se dedican as parcelas para que sigan tendo un papel protagonista no sector económico e social da Coruña.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Trenor.

Ten a palabra, por parte do grupo autor da proposición non de lei, a señora Pontón Mondelo.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Ben, parece que este é o pistoletazo de saída da campaña do señor Trenor, a ver se lle dan un posto na lista das municipais (*Aplausos.*) En fin, fíxoo moi ben, púxolle moito entusiasmo, eu creo que se segue así que o vai conseguir.

En todo caso, vou empezar por agradecerlles, tamén, as intervencións e as emendas que fixeron tanto o Grupo de En Marea como o Grupo Socialista, e nese sentido xa lles adianto que estamos dispostos a aceptar o primeiro punto da emenda socialista. O segundo cremos que redunda en algo que xa aparece na nosa emenda e elimina algún elemento que para nós é importante; polo tanto, ese segundo punto non o aceptariamos.

E en relación coa emenda de En Marea, dicir que estamos dispostos a aceptalas como unha engádega e non como unha supresión.

E o representante do Grupo Popular veu aquí facer unhas afirmacións que son... (*Murmurios.*) Ben, creo que xa están negociando o posto do señor Trenor. (*Risos.*) (*Aplausos.*) Ben, veu facer unhas afirmacións que son sorprendentes, a primeira é que o financiamento de Punta Langosteira é un tema local; o maltrato do Estado a Galiza e a discriminación que supón que ese porto exterior non o financie o Estado agora resulta que é un asunto local. (*Murmurios.*) Pois, non, non, é un asunto de primeira envergadura e por iso o traemos a este debate.

Desde logo, vaia falta de respecto a Galiza e á cidade da Coruña a intervención (*Aplausos.*) que acaba de facer aquí o señor Trenor, (*Aplausos.*) que nos vende como un gran logro que uns terreos que son públicos, que foron da cidade da Coruña, que son da cidade da Coruña, teñamos que poñer 21 millóns de euros para que sigan sendo públicos e lle paguemos as débedas que xera o Estado desde Galiza. (*Aplausos.*) ¡É unha absoluta tomadura de pelo!

E nunca falan de cal é a letra pequena desa nova vendetta do señor Feijóo de Galiza, e é que se permita que se poida seguir especulando cos terreos de San Diego. Iso é o que vostedes non queren dicir. Porque quen aprobou ese plan xeral onde se permite... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non sei se quere intervir, ¿quere intervir?, eu non teño ningún problema, non sei se aquí hai esa flexibilidade nos turnos... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Parece que este tema o pon un pouco nervioso. (*Murmurios.*)

Eu o que quería dicir, se mo permiten... (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Silencio, por favor.

Escoiten a quen está no uso da palabra, a señora Pontón.

Pode vostede continuar.

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Silencio, por favor. (*Murmurios.*)

¡Silencio! O debate non está centrado nesas filas, está falando a señora Pontón. Escoiten.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Ben, eu, se me deixan falar... Non sei, ¿podo falar?

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Si.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Ben, pois moitas grazas.

Como lles ía dicindo, quen quere consolidar unha operación especulativa e quen aprobou un plan xeral que ademais lle regala plusvalías ás empresas privadas que lle corresponderían ao concello foi un goberno do Partido Popular.

E nós hoxe o que traemos aquí é a proposta para que desde este Parlamento defendamos que Galiza teña o mesmo trato que teñen outros territorios, e é que os portos exteriores os financie o Estado e non se fagan hipotecando o futuro da cidade da Coruña.

O Partido Popular ten que retractarse, ¿que é o que prefire?, ¿vender a cidade da Coruña...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...ou que fagamos unha fronte común desde Galiza para reclamar o que sería xusto con este país? E, de paso, permitirlle á cidade da Coruña unha transformación urbana que non hipoteque o seu futuro con máis vivendas, máis edificios e máis centros comerciais.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Vostedes deciden, señores e señoras do Partido Popular.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Pontón.

### ***Votación das proposicións non de lei***

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Pasamos agora ás votacións das proposicións non de lei.

Pechen as portas, por favor.

Pasamos a votar a primeira proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de don César Manuel Fernández Gil e sete deputados/as máis, sobre o impulso pola Xunta de Galicia das medidas e accións de recoñecemento para as empresas que colaboran e participan no desenvolvemento da FP.

Non se aceptaron as emendas, por tanto, pasamos á votación.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de don César Manuel Fernández Gil e sete deputados/as máis, sobre o impulso pola Xunta de Galicia das medidas e accións de recoñecemento para as empresas que colaboran e participan no desenvolvemento da FP.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 17; abstencións, 14.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Pasamos á seguinte votación da Proposición non de lei, a 3.2, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Julio Torrado Quintela e tres deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da consideración de “proximidade” para a liña ferroviaria atlántica de Galicia, así como a apertura, de xeito paralelo, dun proceso de diálogo para aumentar as frecuencias dos servizos ferroviarios ofertados e rebaixar o prezo dos billetes de tren.

Hai unha transacción que se a pode ler, señor Torrado...

**O señor TORRADO QUINTELA:** Si, incorporamos nos dous puntos da emenda, o segundo de maneira íntegra e no primeiro da emenda quedaría da seguinte maneira: «Demandar do Goberno do Estado a aprobación no ano 2018 dun proxecto de modernización de mellora da liña férrea A Coruña-Ferrol e estudar a súa posible incorporación á liña do AVE».

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Julio Torrado Quintela e tres deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da consideración de “proximidade” para a liña ferroviaria atlántica de Galicia, así como a apertura, de xeito paralelo, dun proceso de diálogo para aumentar as frecuencias dos servizos ferroviarios ofertados e rebaixar o prezo dos billetes de tren.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 35.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Pasamos á seguinte Proposición non de lei, a 3.3, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e don Abel Fermín Losada Álvarez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co financiamento das entidades locais.

Hai unha proposta de transacción. Se a pode ler, señora Rumbo, grazas.



**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Engadir un punto número 4 que poña: «Solicitar do Estado a negociación dun novo marco de financiamento local que teña en conta as demandas aprobadas por unanimidade de todos os grupos políticos no seo da Fegamp».

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e don Abel Fermín Losada Álvarez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co financiamento das entidades locais.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 35.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Pasamos á seguinte iniciativa, a 3.4, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir o acceso da sociedade galega aos contidos audiovisuais que distribúen as distintas plataformas en versión orixinal subtitulada en galego.

Non se presentaron emendas, así que pasamos a votar.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir o acceso da sociedade galega aos contidos audiovisuais que distribúen as distintas plataformas en versión orixinal subtitulada en galego .*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 35.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Pasamos á seguinte iniciativa, 3.5, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de don Martín Fernández Prado e oito deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa construción dunha nova variante para Ribeira, entre a glorieta do final da autovía da Barbanza AG-11 e a estrada DP-7303.

Non se aceptou a emenda. Polo tanto, pasamos á votación.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de don Martín Fernández Prado e oito deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en re-*

*lación coa construción dunha nova variante para Ribeira, entre a glorieta do final da autovía da Barbanza AG-11 e a estrada DP-7303*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 49; votos en contra, 6; abstencións, 11.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Pasamos á seguinte iniciativa, a 3.6, do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de dona Paula Vázquez Verao, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para promover o uso normal da lingua galega e facilitar o seu coñecemento no ensino infantil, así como nos centros de atención á infancia.

Hai unha emenda que teño anotado que si foi aceptada. *(Pausa.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pois entón votamos a iniciativa incorporando esa emenda.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de dona Paula Vázquez Verao, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para promover o uso normal da lingua galega e facilitar o seu coñecemento no ensino infantil, así como nos centros de atención á infancia .*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 35.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Pasamos á votación da seguinte, da 3.7, do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de dona María de los Ángeles Cuña Bóveda e doce deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para salvagardar a asistencia sanitaria prestada polo Centro Galego de Bos Aires, así como o seu patrimonio, a súa obra social e o seu legado.

¿Hai unha transacción, señora Cuña? *(A señora Cuña Bóveda pronuncia palabras que non se perciben.)* Co PP non se acepta, pero aceptou a emenda —teño entendido— dos Socialistas de Galicia. ¿Pode lela? Se non, téñoa eu aquí.

A transacción á que chegou co Partido Socialista é a seguinte:

«1. Prestar asistencia de calidade no Hospital do Centro Galego para dar servizo aos afiliados de Ospaña, ademais dos propios socios actuais do Centro Galego.

2. Acordar co Goberno da República de Arxentina, se a mutualidade o acepta, a xestión compartida entre a mutualidade e os gobernos galego e español para a preservación do patrimonio artístico, documental e bibliográfico e a expresa protección do inmovible fronte á especulación.

3. Tomar aquelas medidas tendentes a garantir o bo funcionamento dos órganos da obra social Ospaña, nomeando os representantes que correspondan».

Ese é, polo tanto, o texto que pasamos á votación.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. En Marea, por iniciativa de dona María de los Ángeles Cuña Bóveda e doce deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para salvagardar a asistencia sanitaria prestada polo Centro Galego de Bos Aires, así como o seu patrimonio, a súa obra social e o seu legado.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 35.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** E pasamos á votación da última PNL, a 3.8... (A señora Pontón Mondelo pide a palabra.) ¿Perdón? (A señora Pontón Mondelo pide a palabra.) ¿En relación con...?

**A señora PONTÓN MONDELO:** Quería solicitar que se vote por separado o primeiro punto da iniciativa.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Vale.

Non me deixou nin ler a iniciativa. Non hai problema, pero...

Votación da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co financiamento das obras de construción do porto exterior de Punta Langosteira e as súas conexións, así como a posición do Parlamento de Galicia en relación coa devolución polo Goberno central á cidade da Coruña dos peiraos de Calvo Sotelo, Batería e San Diego garantindo o seu destino a fins sociais.

Entendo que pide vostede a votación do primeiro punto, pero aquí na tribuna falou de que aceptaba o primeiro punto do PSOE. (A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.) Con esa emenda. E ese votámolo por separado, e o resto dos puntos.

¿E acepta como engádega a emenda de En Marea? (A señora PONTÓN MONDELO: Si.)  
¿Tamén? (A señora PONTÓN MONDELO: Si.)

**A señora PONTÓN MONDELO:** Pero só é separar o primeiro punto e logo o resto.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Vale.

¿Está entendido por todos o que imos votar? (Murmurios.)

Nesta iniciativa a ponente dixo que aceptaba... ¿Ten vostede...? ¿Pode lela, por favor?

**A señora PONTÓN MONDELO:** Creo que é moi sinxelo. Realmente coas emendas que había...  
(Murmurios.)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Silencio.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Non sei, se molesto a alguén, que mo diga.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Non, non, non se preocupe, non é molestia.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Se alguén quere facer esta... Non teño ningún problema.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Faga a lectura, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Eu estou seguindo as súas instrucións, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Por iso mesmo.

**A señora PONTÓN MONDELO:** O primeiro punto di: «O Parlamento insta a Xunta de Galiza a impulsar a sinatura dun novo convenio entre o Concello da Coruña, a Xunta de Galiza, o Ministerio de Fomento e a Autoridade portuaria da Coruña para que o Estado asuma o compromiso de pagar o custo íntegro das débedas da Autoridade portuaria da Coruña pola construción do porto exterior de Punta Langosteira e as súas conexións. E para tal efecto constituirase, con carácter urxente, a comisión de seguimento prevista na cláusula oitava dos convenios asinados en febreiro e outubro de 2004».

E logo, a partir de aí, está o segundo punto, que era orixinal na iniciativa do BNG, e como engádegaa a emenda de En Marea. Como ven, é moi sinxelo.

Moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moi ben. Pois moitas grazas pola aclaración.

Entón votamos o primeiro punto por separado, como se acaba de dar lectura.

*Votación do primeiro punto do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co financiamento das obras de construción do porto exterior de Punta Langosteira e as súas conexións, así como a posición do Parlamento de Galicia en relación coa devolución polo Goberno central á cidade da Coruña dos peiraos de Calvo Sotelo, Batería e San Diego garantindo o seu destino a fins sociais.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 35.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitado o primeiro punto desta iniciativa.*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** E agora pasamos á votación do resto dos puntos desta iniciativa, incorporando como engádega a emenda de En Marea.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co financiamento das obras de construción do porto exterior de Punta Langosteira e as súas conexións, así como a posición do Parlamento de Galicia en relación coa devolución polo Goberno central á cidade da Coruña dos peiraos de Calvo Sotelo, Batería e San Diego garantindo o seu destino a fins sociais, agás o primeiro punto, xa votado*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 35.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, quedan rexeitados estes puntos da proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Así que agora pasamos ao seguinte punto, pero antes de comezar gustaríame trasladarlles dúas cousas. En primeiro lugar, gardar un minuto de silencio, convido a todas as súas señorías en memoria das vítimas mortais da represión rexistrada hai escasas datas na franxa de Gaza. A violencia nunca é a vía para resolver conflitos. Se vostedes están de acordo.

*(Pausa.)*

*(As señoras e os señores deputados, postos en pé, gardan un minuto de silencio.)*

*(Aplausos.)*

### ***Declaración institucional en relación coa celebración do Día Internacional contra a Homofobia, a Transfobia e a Bifobia***

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** E quedanos, tamén, antes de pasar ao punto das interpelacións, facer lectura dunha declaración institucional polo Día Internacional contra a homofobia, a transfobia e a bifobia.

«Neste día celebramos a eliminación da homosexualidade da lista de trastornos mentais por parte da Asemblea Xeral da Organización Mundial da Saúde, que tivo lugar o 17 de maio de 1990.

Un día coma este é fundamental para poñer de relevancia a importancia de seguirmos avanzando en materia de dereitos e igualdade real e efectiva do colectivo LGTBI.

Pese ao avance nos últimos anos en materia de lexislación neste asunto, a día de hoxe seguimos observando na nosa sociedade casos de discriminación, *bullying* e LGTBI+fobia.

O pasado 1 de marzo o Parlamento Europeo aprobou o Informe sobre os dereitos fundamentais na Unión en 2016. Nel dáse conta da situación da poboación LGTBI e insta os países membros da Unión a que apliquen as medidas oportunas para acabar coa discriminación.

Fálase da necesidade do recoñecemento supraestatal das unións entre persoas do mesmo sexo, así como aposta pola despatoloxización da transexualidade e a prohibición das terapias reparadoras da orientación sexual.

Este informe vai na senda marcada polos principios de Yogyakarta do 2006 e a Declaración conxunta da ONU do 2015 convocando os estados a actuaren urxentemente para acabar coa violencia e a discriminación contra os adultos, adolescentes e nenos LGBTI.

Neste día, o Parlamento de Galicia defende a necesidade de reactivar o debate e o traballo arredor da protección deste colectivo, para evitar que perdamos máis vidas como a de Ekai, Carla e Thalia.

Busquemos a igualdade real e efectiva!!!

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2018» *(Apróbase por asentimento.)*

*(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** E agora si pasamos ao punto 4, de interpelacións.

**Interpelación de D. Juan Díaz Villoslada e cinco deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a estratexia da Xunta de Galicia para fomentar o retorno, en plenitude de dereitos, das persoas galegas emigradas**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a interpelación ten a palabra o señor Díaz Villoslada.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** Grazas.

Antes de nada gustaríame saudar os representantes de distintas asociacións de emigrantes, a emigración retornada en Galicia, e benvidos vicepresidente e conselleiro, porque é certo que hai que ser valente para emigrar rumbo ao descoñecido. E, polo tanto, tamén hai que ser valentes todos nós nesta Cámara e, por suposto, especialmente valente o goberno, neste caso o Goberno galego, para recibir e acompañar os galegos e as galegas que decidiron retornar á súa terra.

E, neste sentido, desde o Grupo Parlamentario Socialista traemos novamente esta iniciativa en formato de interpelación ao Goberno, porque xa no pleno do 28 de decembro de 2016 tivemos ocasión de debater unha PNL, unha proposición non de lei, na que os socialistas poñiamos encima da Mesa da Cámara toda unha serie de problemáticas que estaba a sufrir a emigración retornada a Galicia e que, desgraciadamente, seguen sendo e estando de plena actualidade. E nalgún caso concreto, como falaremos en relación con Venezuela, con máis intensidade todavía.

Acabamos de debater anteriormente unha PNL na que falabamos da situación dun centro senlleiro como é o Centro Galego de Bos Aires, e todos coincidiamos en que Galicia está nas catro provincias, pero Galicia tamén está fóra, Galicia tamén está na diáspora. Non sei se con máis motivo ou con menos. Cando os emigrantes retornan debemos ter, polo menos, a mesma preocupación en acompañalos, en asegurarlles as mesmas condicións sociais de reintegración á vida en Galicia, que cando nos preocupamos da diáspora. Polo menos igual, porque hai que facer un esforzo de acoller os que marcharon.

E, nese sentido, naquel debate do 28 de decembro de 2016, que parece que hai tempo xa, pero está recente, recollimos como no debate de investidura do 8 de novembro de 2016 o propio presidente da Xunta afirmaba no seu discurso que unha das prioridades do Goberno en materia de emigración sería facilitar o retorno de quen tivo que emigrar a causa da crise económica, e recoñecía esa situación nestes últimos anos. E sinalaba, a continuación, no debate de investidura, que as actuacións para favorecer o retorno tamén se dirixían aos descendentes dos emigrantes, a intentar atraer os galegos de segunda e terceira xeración que están residindo nos países onde tradicionalmente emigraron os nosos irmáns e as nosas irmás galegas. Consideraba o presidente Núñez Feijóo que o fomento do retorno axudaría a reverter tamén a caída demográfica que afecta intensamente Galicia, como todos sabemos. A volta de todos os galegos e as galegas que queren voltar de Arxentina, de Uruguai, de Cuba ou de Venezuela axudaría tamén —dicía o presidente— a revitalizar a nosa sociedade e a encher Galicia de sangue nova que nos impulse na década que vén. Dicía eu que era unha referencia certamente eufórica por parte do presidente Núñez Feijóo.

O que pasaba en decembro de 2016 —ou meses anteriores e segue pasando—, señor vicepresidente e conselleiro, é que a realidade, o día a día, é moi distinta, porque son moitos os emigrantes, son moitas as emigrantes galegas e galegos retornados que están sufrindo unha situación palmariamente oposta a aquelas grandilocuentes palabras do señor presidente.

Como sabemos, as distintas plataformas e asociacións de emigrantes, de emigración retornada que agrupan e defenden os dereitos e, tamén dicimos, os anhelos dos galegos emigrados que retornan ou que pretenden retornar, veñen expresando e seguen expresando e poñendo de manifesto publicamente unha falta de apoio e de sensibilidade suficiente para coas súas necesidades unha vez que retornan. Esta problemática, evidentemente, afecta dunha forma moito máis intensa a aqueles irmáns con menos formación ou a aquelas persoas que menos recursos teñen, e, sobre todo, a aquelas persoas dunha avanzada idade que por esta idade poden ter un obstáculo maior para reaccionar ante os atrancos ou a falta de facilidades para o seu retorno.

Bastaba con observar toda unha serie de problemáticas que podemos seguir observando para ser conscientes desta situación. Poñemos encima da mesa como as campañas intensas que seguen existindo da Axencia Tributaria sobre a regularización do IRPF sobre períodos evidentemente non prescritos, e incluso ás veces en situacións de dobre imposición —como con Alemaña, que non procedía polos convenios de dobre imposición—, estaban castigando e seguen castigando dunha forma absolutamente indefendible os emigrantes. Incluso os técnicos de Facenda facían a denuncia de que realmente a Axencia Tributaria estaba ou parecía que estaba perseguindo máis os propios emigrantes que perseguindo as grandes bolsas de fraude.

Tamén sinalabamos como os recortes dos dereitos de asistencia sanitaria, con motivo daquel Real decreto 16/2012, estaban rachando e racharon o principio de universalidade do sistema.

Poñiamos tamén encima da mesa, e nós non —é dicir, nós recolliamos as preocupacións das plataformas de emigración retornada—, como había problemas importantes para acceder aos recoñecementos de dependencia ou a residenciais por parte de persoas maiores procedentes tamén da emigración.

Poñiamos o foco dunha forma especial, e falaremos algo de forma máis monográfica, en relación coa emigración retornada de Venezuela, ou poñemos tamén encima desta tribuna e das mesas das comisións unha cuestión que segue latente por Europa adiante, como é a falta de compromiso suficiente do Goberno central e do Goberno da Xunta cos mariñeiros que navegaron nos mercantes de Noruega. Por iso daquela presentabamos aquela iniciativa na que solicitabamos que o Goberno da Xunta elaborara e puxera en marcha unha estratexia integral de cara ao 2020 para os galegos retornados con plena participación, por certo, das asociacións que representan a emigración retornada.

E lembro, acudindo ao *Diario de Sesións*, como naquela intervención, por parte da señora Arias, dalgunha forma se nos reprochaba aos socialistas ou se nos repreguntaba, dalgunha forma, que é o que solicitabamos. Realmente dicíanos: Vostedes o que solicitan é que a Xunta elabore unha estratexia integral para os galegos retornados; e dicíanos e preguntábanos: ¿Saben vostedes que Galicia xa conta cun plan de emigración e retorno concretamente para o 2014-2016? Preguntábanos: ¿Vostedes saben que Galicia conta cun plan para garantir a atención, para garantir a asistencia e para garantir a protección aos galegos residentes no exterior?

Cando daquela formulabamos esta proposición non de lei, señora Arias, a resposta deulla o propio Goberno galego cando hai unhas semanas vén de aprobar a Estratexia retorna 2020. De aquí, algo falaremos despois.

Algúns datos, que creo que son importantes para enmarcar a situación. Acudindo ao Padrón de Españoles Residentes no Exterior, ao PERE, con datos do INE ao 1 de xaneiro de 2018, España ten residindo no exterior entre emigrantes e descendentes de emigrantes un total de 2.482.000 españois. Galicia representa o 21 % dos residentes no exterior, 516.489 galegos e galegas residen no exterior. Aproximadamente, 70.000 máis que os galegos residentes no exterior no ano 2012. Arxentina ocupa o primeiro lugar con 457.000, cun incremento respecto de 2017 do 2 %; Francia o segundo lugar, con 253.000, cun incremento do 4 %; e Venezuela o terceiro lugar, daquela había 167.000 e houbo unha perda de emigración en Venezuela que ten retornado de máis do 7 %, de máis de 13.000 galegos e galegas.

E é certo —aínda que os datos sempre sobre emigración presentan ás veces certa confusión ou non unha fiabilidade absoluta pola compoñente propia da emigración— que desde a segunda metade do 2016 o saldo migratorio en Galicia, efectivamente conforme os datos do INE, teñen revertido dalgunha forma. Porque levabamos oito anos onde o saldo migratorio era negativo. O que pasa é que habería que analizar se precisamente nesa reversión de saldo migratorio o retorno de tantos galegos e galegas procedentes de Venezuela está incidindo, evidentemente, nestes novos números.



No pleno de practicamente hai un ano, do 24 de maio do ano pasado, poñiamos tamén o acento respecto da emigración en Venezuela. Daquela había 200.000 españois en Venezuela, aproximadamente 45.000 galegos e galegas. E a situación actual que está sufrindo a emigración retornada de Venezuela afecta en España 7.000 emigrantes e 3.000 en Galicia.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** Daquela —e vou rematando— chegamos a un acordo, a unha transacción, precisamente a mecanismos que propuxo o propio Grupo Popular para garantir que se levaran a adiante todos os compromisos co Goberno de Venezuela, e se non había compromisos co Goberno de Venezuela, para que o Goberno central, dalgunha forma, utilizase o criterio da pensión, efectivamente, percibida e non recoñecida...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** ...para poder seguir tendo dereito a todas as axudas.

Esta non é a situación nin o compromiso asumido nesta Cámara por parte do Partido Popular co Partido Socialista nesa transacción, non se está levando a adiante nin en Galicia nin fóra de Galicia, á parte doutras cuestións que teremos ocasión, logo, de falar en turno de réplica en relación con determinadas axudas...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Díaz.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** ...non contributivas competencia da Comunidade Autónoma.

Moitas grazas e teremos ocasión en réplica de continuar. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Efectivamente.

Ten a palabra o vicepresidente e conselleiro da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, o señor Rueda Valenzuela.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, bos días.

Saúdo tamén, como non, as plataformas de emigrantes retornados que hoxe están aquí, e alégrome, sinceramente, de que estean aquí para escoitar falar de temas que lles afectan moi directamente e nos que, dende logo, o Goberno galego ten un interese máximo, e que creo que traballou, e traballou arreo, pero traballou especialmente —antes tamén— durante o último ano, o que mediou dende, efectivamente, como dicía o señor Villoslada, unha PNL de finais de 2016. Eu alégrome de que un ano e medio despois consideren de interese volver interpelar o Goberno sobre este tema. Encantados de ter oportunidade, e máis diante das persoas que aquí

están, de demostrar que durante este ano, insisto, especialmente —antes tamén—, creo que se fixo un esforzo moi importante.

A súa pregunta é concreta, efectivamente, como dixo vostede, despois na réplica teremos oportunidade de concretar aínda máis en lugares onde é especialmente interesante e necesario concretar, e nomeadamente, ¡como non!, Venezuela, pero a súa interpelación, a pregunta da súa interpelación, é cal é a estratexia do Goberno galego durante este novo mandato para fomentar o retorno das persoas emigrantes galegas en plenitude de dereitos. Polo tanto, a iso é ao que lle vou contestar, e creo que contestando á súa pregunta dou resposta, tamén, a moitísimos dos intereses que terán estas persoas.

Como vostede xa aludiu, sabe que o Goberno galego —e ademais foille explicada polo secretario xeral de Emigración en comisión en varias ocasións— desenvolveu unha estratexia, unha estratexia integral, porque ademais cremos que o único xeito —dende logo o mellor— de garantir que o retorno teña as garantías necesarias —e integrar afecta a todos os departamentos da Xunta— se chama Estratexia retorna 2020. Un documento estratéxico que nos implica a todos, e que ten dous obxectivos fundamentais:

Por unha banda, facilitar o dereito de todos os galegos e galegas emigrados, que agora mesmo están fóra, a retornar e, ademais, facilitar que despois do seu retorno poidan facer unha integración efectiva en condicións de igualdade na nosa sociedade.

E, por outra, tamén promover —vostede dá estatísticas nese senso— que a crecente comunidade de galegos e galegas que están no exterior, pero que non naceron en Galicia, que xa naceron noutros países, atopen en Galicia a súa terra e tamén unha oportunidade —unha segunda oportunidade ás veces— para desenvolver os seus proxectos vitais e profesionais.

Queremos que Galicia sexa para eles unha terra de oportunidade, e ademais unha terra de oportunidade para eles e tamén para Galicia, oportunidade coa súa chegada, pois dentro, ademais, hai que dicilo, hai unha porcentaxe de poboación moi nova que podería vir aquí e contribuír tamén, en condicións de igualdade, a atallar o serio, moi serio, e enorme problema demográfico que ten Galicia.

Vostede daba cifras que non quero repetir, falaba do número —efectivamente a data pechada do INE do 1 de xaneiro de 2018— de galegos e galegas residentes no exterior. É certo que aumentou, sobre todo como consecuencia da Lei de memoria histórica, nos últimos anos, e máis do 70 %, 364.000, xa naceron fóra —como dicía antes, unha poboación moi xove na súa maioría—, e desa cifra xa a estatística —paréceme que non a deu, pero vouna remarcar— o 40 %, máis de 225.000, teñen menos de corenta e cinco anos; é unha poboación obxectiva fundamental para a estratexia de futuro de Galicia.

¿Que buscamos nesta estratexia? Está marcado por escrito e, polo tanto, hai que tender a cumprilo. Primeiro, incrementar o número de retornados nun 50 %, segundo, acadar o regreso de máis de 20.000 galegos e lograr que o 60 % dos que retornan, como terceiro obxectivo, teñan menos de corenta e cinco anos. Hai moitos máis obxectivos, pero creo que estes tres engloban, perfectamente, o que se pretende con esta estratexia.

Son 235 millóns de euros, é certo que moitos, como dicía antes, dado que é unha perspectiva integral, englobados noutras medidas, pero con medidas específicas pensando nos galegos que están no exterior. Hai 15 que están especificamente destinados a eles, 15 millóns para programas que se crean, insisto, de xeito específico para incentivar o retorno e cuxas achegas son exclusivamente para este colectivo, 15 millóns de euros.

Dos 220 millóns restantes, englobados en programas globais da consellerías, todas teñen incentivos exclusivos para o colectivo.

Xa digo que me parece fundamental este enfoque, adiantaríamos pouco; dende logo, quedaría incompleta a estratexia se pensamos que só destinando cartos específicos, esquecendo que dentro de moitas das accións que fai a Xunta de Galicia teñen o seu nicho, a súa cabida e o seu incentivo específico, se esqueceramos iso, este programa, dende logo, quedaría incompleto e, dende logo, insuficiente.

A estratexia recolle cincuenta medidas, divididas en seis áreas diferentes, dirixidas a este colectivo. Por destacar moi resumidamente, a área social e de vivenda, que xa ten 13 millóns este ano 2018. Hai axudas extraordinarias ao retorno en materia de vivenda, ¿que queremos con elas?, axudar cos gastos extraordinarios que, evidentemente, na inmensa maioría dos casos, vai provocar este retorno; tamén a Tarxeta benvida, que se adapta a esta convocatoria e é de alcance xeral para todos os que residen en Galicia, pero adáptase en especiais circunstancias a familias retornadas para que poidan acceder xa dende o momento en que se empadroen ao chegar aquí.

As axudas a vivenda, hai incentivos específicos para os retornados en acceso a vivendas de promoción pública, acceso en axudas ao alugueiro e acceso ás axudas para rehabilitación de vivendas.

Por pasar a outra rapidamente, área do traballo de emprendemento. Facemos un especial fincapé en reforzar as axudas directas a retornados e emprendedores, que os hai e moi bos, e xa as dá a Secretaría Xeral de Emigración. Tamén se inclúen dentro da política xeral da Consellería de Traballo incentivos específicos para os colectivos retornados nas axudas que outorgan aos emprendedores dende a Secretaría Xeral de Emprego, e tamén hai incentivos especiais para axudar e impulsar a contratación de traballadores indefinidos por parte das empresas e dos autónomos con axudas directas, traballadores indefinidos que sexan emigrantes retornados. E non esquezamos as axudas que se dedican a empresarios galegos que están no exterior e que queiran ou ben trasladar a súa empresa a Galicia ou ben facer algún tipo de investimento na súa terra, eses terán, tamén, axudas específicas.

Na terceira área, na área de cultura, ensino e I+D+i, hai unha nova liña de becas para os galegos do exterior que queiran cursar estudos de formación profesional na nosa comunidade, chega ata 5.000 euros por alumno. Imos seguir impulsando —deron moi bos resultados, máis de cen beneficiados no curso anterior— as becas excelencia mocidade exterior; xa digo, tiveron cen mozas e mozos do exterior que posibilitaron que fixeran un curso en Galicia o ano pasado, e acaba de abrirse a convocatoria para este ano.

Tamén imos incluír o colectivo de estudantes retornados nas axudas destinadas para alumnos de universidades galegas que, por causas sobrevidas imprevistas —e aquí pódese dar moita casuística en emigrantes retornados—, teñan especiais dificultades económicas para continuar cos seus estudos, esas axudas de emerxencia nas que eles terán un especial tratamento.

E tamén imos, por suposto, facilitar a incorporación en centros públicos e tamén concertados dos menores retornados, dos fillos de familias retornadas para que continúen os seus estudos sen alteracións. E tamén nos programas de investigación, desenvolvemento e innovación que ten a consellería para incentivar a volta de investigadores que están no exterior, investigadores e investigadoras galegos, programa Oportunus, programa Principio e Programa captación de talento sénior. Faremos, tamén, un especial fincapé e unha especial axuda aos mozos galegos que residan no exterior que sexan fillos da emigración e que queiran volver ao abeiro destas becas.

E, por último, todo isto require unha estratexia que se puxo en marcha este ano, unha estratexia ambiciosa, unha estratexia con moitísimos puntos, que require, primeiro, unha axeitada difusión e, segundo, que se poidan coñecer todas as oportunidades que se abren —segundo tamén unha axeitada xestión—, que aqueles que coñezan estas axudas e decidan ou teñan intención de acollerse a elas que teñan un acompañamento ou un seguimento, xa non só unha vez que estean aquí, senón nos países de orixe onde están residindo agora mesmo para que cando cheguen aquí todo se poida poñer en marcha sen máis dilacións e sen máis problemas.

Por iso, imos crear este mesmo ano unha oficina integral de asesoramento e seguimento ao retorno co abano máis amplo posible: asesoramento virtual, asesoramento presencial, asesoramento por todos os medios que permiten as novas tecnoloxías. Insisto, para que, primeiro, todas as posibilidades que se abren non queden sen coñecer e, segundo, todos os trámites que se poidan facer pois se poidan facer antes do retorno e, dende logo, cando cheguen aquí inmediatamente. É dicir, que non se encontren sós, que non se encontren desorientados e que saiban que a Xunta de Galicia ten todo o interese en que volvan aquí; e, como dicía ao principio, que poidan retornar e integrarse na súa condición de galegos que son de pleno dereito. *(Aplausos.)*

Polo tanto, señoría, temos proxecto, queremos implicar todos os departamentos da Xunta de Galicia. Non valería de nada ter unha asignación específica, que tamén a temos, insisto, máis de 15 millóns de euros, pero isto vai implicar todos os departamentos, que todos sexan conscientes de que hai unha poboación galega no exterior moi importante que quere volver e que ten dereito a volver, e que, polo tanto, polo interese de Galicia tamén, non só por interese deles, senón por interese de Galicia, en primeiro lugar, a nosa obriga é que este retorno sexa o máis doado posible e cando cheguen sexan dende o principio o que deben ser: galegos de primeira categoría.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor vicepresidente.

Para o turno de réplica ten a palabra o señor Díaz Villoslada.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** Si, grazas.

Señor vicepresidente, xa contaba que con motivo desta interpelación se faría unha exposición basicamente do que era a nova Estratexia retorna 2020, que a coñecemos todos, é un *PowerPoint* dos tantos que imos recibindo. Eu o outro día, onte, comentaba que igual un bo exercicio de goberno sería facer coincidir os distintos *PowerPoint* e as distintas estratexias sectoriais da Xunta e ver o seu punto de confluencia, porque ás veces nos sorprenderían.

En todo caso, máis alá dunha boa, mala ou mediana presentación desta estratexia, o que é importante é pasar desas estupendas diapositivas á realidade. A realidade é a que viven día a día os emigrantes retornados. Por unha parte está a xente que quere retornar voluntariamente por unha serie de circunstancias, pero preocúpanos, dunha forma prioritaria tamén, evidentemente, a situación de quen retorna por absoluta necesidade, ou de quen retorna, teño que dicilo novamente, porque a situación política de dereitos humanos, alimentaria e sanitaria —como en Venezuela— non é soportable. E nese sentido, despois do acontecido coas eleccións deste domingo, podemos entender que incluso o retorno de emigrantes en Venezuela sexa maior.

Por iso é necesario que o Goberno galego intensifique nesa nova oficina que van montar, precisamente, unha atención especial a quen retorna por este tipo de circunstancias dramáticas en termos sociais, en termos humanitarios ou, incluso, en termos políticos. Porque o que non se pode é predicar unha cousa e logo facer outra.

Señor vicepresidente, eu lembro —ou lembramos todos se acudimos aos boletíns— como a Comisión de Asuntos Exteriores no Senado, no pasado mes de outubro de 2017, aprobaba a iniciativa de Coalición Canaria —porque, como sabemos, é outra das comunidades autónomas cunha problemática de emigración importante despois de Galicia— unha reclamación, precisamente neste caso do Goberno de Venezuela, para que aboem no prazo máis breve posible as cantidades endebedadas despois de case dous anos e medio sen cobrar pensións.

Daquela, esta proposta fora votada en contra por parte de Podemos, como todos sabemos, pero é que o propio Partido Popular a matizou de forma que o mecanismo que esta Cámara nos propuña para tratar de suplir as pensións que non viñan cobrando os emigrantes é que as derivaran ao que puideran facer as comunidades autónomas ou as administracións locais.

Recordo como o senador García Carnero, do Partido Popular, sinalaba que a lexislación española non permitía poñer en marcha o mecanismo que aquí nos propuñan. E o texto final, impulsado polo Partido Popular, instaba o Goberno a promover convenios e acordos coas administracións locais e coas administracións autonómicas. Por iso digo —e como tamén lembra en moitos ditames a propia institución do Valedor do Pobo en Galicia— que hai que intensificar en Madrid a capacidade de política que poida ter o Goberno do Partido Popular en Galicia para tratar de solucionar as situacións de tantos e tantos emigrantes retornados, neste caso de Venezuela, en Galicia e no resto de España.

Porque, como ben nos documentan as asociacións de pensionados e de xubilados, neste caso de Venezuela, o Goberno central, a través do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, segue denegando ou retirando complementos a mínimos na Seguridade Social, ou segue non concedendo, precisamente, as pensións asistenciais por anciandade, en favor dos españois de orixe retornado, por aplicar o criterio de pensión recoñecida, non de pensión efectivamente cobrada.

A situación segue sendo a mesma, seguen os retornados de Venezuela sen cobrar ningún tipo de pensión e sen acceder a ningún tipo de prestación asistencial, ou a computárselles por parte do Goberno central a pensión alí recoñecida como, efectivamente, recibida.

Pero é que sen saír de Galicia temos a mesma situación, salvo que me corrixa o señor vicepresidente, porque, polo menos, ata onde eu sei a Xunta de Galicia, a Consellería de Política Social, viña rexeitando pensións non contributivas de xubilación aplicando o mesmo criterio, ou incluso na Risga para menos de sesenta e cinco anos tamén viña aplicando esta situación.

Temos aquí varios exemplos de denegacións de pensións, complementos a mínimos de pensións de PNC de xubilacións por parte, neste caso, da Xunta de Galicia, ou incluso, se aludimos a toda a información que fai dispoñible a Consellería de Política Social, non hai ningún tipo de consideración sobre o criterio de pensión recoñecida respecto da pensión outorgada, e incluso eu lle diría que lle diga ao presidente Feijóo que reciba a todos os colectivos que lle están pedindo unha reunión, porque outras comunidades —como nos están dicindo—, como Cataluña, Asturias, Aragón ou Canarias, están sendo moito máis sensibles coas problemáticas que están a presentar.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** Nós presentaremos unha moción para instrumentar esta interpelación na que reiteraremos as peticións sobre o conxunto de problemáticas da emigración retornada, e dunha forma específica sobre toda a problemática da emigración retornada de Venezuela, que leva dous anos e medio sen percibir as pensións.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Díaz Villoslada.

Ten a palabra o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, o señor Rueda Valenzuela.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Villoslada, recordo a súa pregunta, é lóxico que vostede esperara a miña resposta, porque a pregunta volvo dicir que era cal é a estratexia do Goberno galego durante este novo mandato para fomentar o retorno das persoas emigrantes galegas en plenitude de dereitos. Iso era o que vostede preguntaba, e supoño que era a resposta que esperaba, que ademais,

como lle dicía, xa tivo ocasión o secretario xeral de Emigración, e vostede coñéceo perfectamente, de desenvolvelo en comisión.

Agora vostedes dinlle que é un *PowerPoint*, e cando compareceu dicíanlle que era unha moi boa iniciativa e que o que había que facer era desenvolvela. A ver se se poñen de acordo, eu creo que no fondo —outra cousa é o que teña que dicir aquí— pensará, como pensamos nós, que xa era hora de facelo de xeito integral e de empezar a desenvolvela e efectivizala; para iso sería boa a súa colaboración e as súas aportacións.

Claro, se xa dende o principio estamos empezando a desenvolvela, e xa vostede di que é un *PowerPoint* e que hai que cruzalo para ver que todo é un conto, pois nesa intención que lle dicía desa oficina específica de difundir estas axudas, e logo axudar a pedilas e que sexan efectivas, aí, sinceramente, dígolle que creo que lles están facendo un fraco favor —dígoo no interese dos colectivos, de política construtiva—. Por suposto, vostede está no seu papel de oposición, pero eu creo que nisto, como mínimo, habería que dar unha oportunidade, porque a oportunidade non lla está dando ao Goberno galego, estánllela dando ás persoas que se poidan beneficiar desas axudas.

Entrando no tema concreto de Venezuela, alégrome moitísimo de que sexa dentro da preocupación xeral o colectivo que máis lle preocupe, como nos preocupa a nós, e as cifras da Secretaría Xeral de Emigración de axudas creo que o estiman así perfectamente; alégrome de que coincida en que a situación en Venezuela é moi preocupante, por definila suavemente.

Estaría ben que llo dixera, por exemplo, ao señor Zapatero este domingo, que parecía que estaba alí. Bueno, di que si, pero é que o señor Zapatero non sei se é o presidente de honor do Partido Socialista ou algo así, pero, dende logo, vostedes deféndeno sempre e alí estaba sendo abucheado por moitísimos venezolanos que o que queren é liberdade en Venezuela, e que consideraban, probablemente con razón, que o que está facendo o señor Zapatero coa súa presenza alí, e sobre todo coa súa actitude, é avalar as políticas do Goberno venezolano.

Polo tanto, sexan un pouco coherentes ou desautorice, directamente, as políticas do señor Zapatero. Porque vostedes gobernan en moitas administracións con grupos políticos e preséntanse aquí nesta Cámara e pensan que Venezuela é pouco menos que un paraíso, con algún pequeno problema, pero que en xeral as cousas están moi ben. Polo tanto, un pouco de coherencia tamén, porque neses gobernos que teñen —e nesas relacións que teñen— gustaríame que lles transmitiran o que pensan probablemente moitísimas persoas que están aí enriba: que a situación é insuportable, que está obrigando a moitísima xente que quere moito a Galicia pero que se tivera condicións axeitadas para vivir en Venezuela seguiría vivindo aí, e que ten que vir aquí abandonando todo, empezando por unha vida que fixeron alí e que tiñan armada e desenvolvida, con familia e con patrimonio, e teñen que deixalo todo porque alí xa non se pode seguir vivindo.

Dígoo porque algúns dos que están aquí pensan que é un paraíso, claro, pénsano dende fóra, porque nunca teñen que ir alí. (*Aplausos.*)

Sabe vostede perfectamente, señor Villoslada —outra cousa é o discurso máis ou menos demagóxico que teña que facer—, cal é a postura do Goberno galego respecto á percepción de

pensións non contributivas aos emigrantes retornados en xeral, e especialmente aos venezolanos, que son os que teñen o problema agora pola falta de pago do Goberno venezolano, e sabe que é unha normativa estatal, e que nós faremos toda a presión —a que estamos facendo e a que faga falta— para que isto cambie, e, efectivamente, non pode ser que sexa dereito recoñecido para o cómputo, ten que ser dereito efectivo, dereito cobrado, porque ao final está moi ben dicir que se ten un dereito recoñecido, pero se non hai ingreso non hai nada, e a xente estao pasando mal, pero sabe vostede, perfectamente, que é unha normativa estatal coa que non estamos de acordo.

E dígoo aquí sen ningún problema, vostede ao mellor ten problemas para dicir en público que a actuación do señor Zapatero é impresentable, eu non teño ningún problema para dicir que non é de recibo a postura do Goberno de España para non cambiar esa política, (*Aplausos.*) e ten que facelo.

E mentres, nós seguiremos facendo todo o que estea na nosa man. Sabe que nas axudas de inclusión social, que son as que atenden as emerxencias máis perentorias —aínda que sei que todo é emerxencia e máis canto máis tempo pase—, alí o que se computa é o dereito efectivo; polo tanto, si que poden acceder a axudas. E oxalá que cambie o criterio, que cambie o criterio canto antes, e nós seguiremos presionando para que se faga, porque se non esta acción será inxusta. O desexable sería, primeiro, que estas persoas non tiveran que necesitar esa axuda, senón que, o segundo desexable, sería que realmente se lles pague un mínimo para que poidan seguir desenvolvendo o seu proxecto vital.

Polo tanto, é perfectamente consciente o Goberno galego desa situación, non lle vou dar as cifras aquí, porque tampouco teño tempo, pero senón vería que unha parte importante en porcentaxes moi importante nalgún tipo de axudas das que está dedicando o Goberno galego a axudar, non só aos emigrantes retornados, senón aos galegos que seguen vivindo no exterior, e especialmente en Venezuela, vai dirixida a Venezuela, porque nós si que cremos que teñen un enorme problema, e acompañámoslos no sufrimento, porque creo que xa se pode falar ata de sufrimento da xente que está aí; e saiban que faremos todo o posible para que quen queira vir aquí o poida facer nas condicións, cando menos, mínimas e dignas para poder vivir en Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Rueda.

**Interpelación de D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández, do G. P. de En Marea, sobre a situación das urxencias no Sergas**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Solla Fernández.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Bo día, señor Almuíña.



Preguntábase por que traemos hoxe esta interpelación aquí sobre a situación das urxencias, e é porque —como xa temos trasladado noutras ocasións— a situación das urxencias hospitalarias no noso país ten relación íntima coa situación tanto de atención primaria, como das urxencias de atención primaria, como da situación dos servizos hospitalarios no noso país.

Esta situación é a que veñen denunciando unha e outra vez os traballadores e traballadoras dos múltiples servizos de urxencias dos nosos hospitais, e maiormente tamén os compañeiros e compañeiras do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, que hoxe non poden acompañarnos aquí porque están, unha vez máis, concentrándose pola mañá e protestando pola urxencia de medidas por parte da súa consellería ante un problema que vimos denunciando de maneira reiterada os grupos da oposición nesta Cámara de ausencia de persoal suficiente para atender o Servizo de Urxencias.

A situación, señor Almuíña —dixémosllo xa no mes de marzo—, é unha situación desesperada, e os traballadores e as traballadoras non saben que máis medidas tomar para que vostedes fagan caso do que está a acontecer.

Agora vou pasar a falar dese asunto, pero a verdade é que vimos dun debate pola mañá, na sesión de control, bastante vergoñento, e eu teño que lamentar ter escoitado aquí cousas por parte do presidente da Xunta de Galicia presumindo dos datos da lista de espera.

Presume duns datos da lista de espera que son do Ministerio de Sanidade, que nin sequera son os datos que ofrece a Xunta de Galicia, porque o Partido Popular modificou coa Lei de garantías de prestacións sanitarias o decreto para non publicar as listas de espera nos meses que lle eran menos favorables, soamente dúas veces ao mes.

Preguntámonos de que presume o señor Feijóo e de que pode presumir tamén vostede, señor Almuíña. Anuncia como positiva unha lista de máis de cen días de media, trasladada por parte do presidente. Cen días de media fan que vostedes nin sequera teñan a capacidade de cumprir cos seus propios datos marcados na súa propia Lei de garantías de prestacións sanitarias.

Preguntámonos, polo tanto, de que presumen vostedes con estes datos, e o que é o peor, é que con estes datos que nos dan realmente nos resulta imposible valorar a situación da sanidade. Pregúntome por que levan case dous anos sen responder á petición de información desta deputada solicitando as listas de agarda non estruturais. Preguntámonos de que presumen cando dan uns datos que non son reais, e é insultante escoitar —como escoitamos esta mañá— oitenta e cinco días en Traumatoloxía. É insultante porque non é certo, non é verdade, e porque nada máis que o puxemos en redes sociais a xente nos está escribindo indignada, in-dig-na-da, por escoitar que son oitenta e cinco días o que se tarda para unha consulta ou intervención cirúrxica de Traumatoloxía cando hai xente agardando anos, anos, sobre todo na área sanitaria de Vigo.

Pásolle a trasladar algunhas das queixas que saíron nos medios de comunicación, e falouse aquí polo voceiro do Partido Socialista, na sesión de control desta mañá, dalgunha persoa que levaba catro anos en espera, e xa dixo: ¡Ah, é que se rexeita a atención na concertada! ¿Acaso non temos dereito a que se nos atenda na sanidade pública?

Pero é que hai xente agardando para intervencións de menisco ano e medio —iso nos trasladaban esta mañá—, tres anos para un xeonllo, ou incluso fóra da Traumatoloxía de adultos oito meses para unha consulta de Traumatoloxía pediátrica.

Na área de Vigo, señor Almuíña, é mentira o dos oitenta e cinco días, ¿de que presumen?

E con esas circunstancias, que dan a medida de como están os servizos sanitarios e de que non nos podemos fiar dos datos que vostedes dan aquí, evidentemente, porque os traballadores e as traballadoras e a xente que está escoitando nas súas casas sabe que non son certos, temos esta situación: traballadoras e traballadores de Urgencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela que se ven obrigados, unha vez máis, a saír á rúa porque vostedes non atenden as súas reclamacións.

Temos a situación dos compañeiros e compañeiras dos puntos de atención continuada que seguen reclamando algo tan revolucionario como que se lles paguen os festivos e as gardas que fan; ou que se lles permita librar se lles morre un familiar, porque recordo aquí que se lles fan recuperar as horas, algo que incumpre a normativa de carácter laboral; ou que se sobrepasan as horas admitidas polas normativas da Unión Europea. A xente fai quendas de máis de vinte e catro horas, acumulando as quendas do PAC e as quendas de atención primaria.

Esta situación é totalmente insostible, e non fan vostedes absolutamente nada, e por iso tamén preguntamos, unha vez máis, polos puntos de atención continuada e pola atención primaria. ¡Como non vai protestar a xente! Estamos ás portas do verán, peche de camas e peche tamén, evidentemente, de consultas: Tui, Tomiño e Cambados.

Pola mañá, noutro debate —non está aquí agora o deputado do Partido Popular que facía a referencia—, o señor Trenor dicía que a democracia era cumprir cos acordos dos plenos municipais. Poderían comezar por cumprir o acordo do pleno de Cambados, que pide que se abran as consultas do centro de saúde —moi revolucionario, tamén— polas tardes. Porque vostedes non cobren as vacacións dos profesionais. É indignante que a xente non teña os mesmos servizos sanitarios simplemente porque vostedes non teñen un plan para cubrir as baixas, os permisos e as vacacións, e os profesionais que se xubilan.

Ou o que acontece tamén en Ourense. Tiveron un peche, solicitaron reunións que vostedes non cumpriron, os profesionais están fartos e a día de hoxe seguen coa mesma situación, e enviaron recentemente aos medios de comunicación unha reclamación, unha publicación, denunciando que a situación é a mesma e que a xerencia os despreza totalmente. Non vou ter tempo para lela toda, pero vou ler un parágrafo, que di: «Cando falan de flexibilización da hospitalización ou de camas de expansión non podemos consentir que para levala a cabo se desprece a dignidade de pacientes e familiares, permitindo manter as camas pechadas e os doentes amontoados en salas sen ventilación, sen intimidade e sen humanizar, como está a ocorrer durante as últimas semanas. Seguen a manter pacientes distribuídos polos distintos chiringuitos, etc., etc.»

Vostede sabe a situación, e ante iso, e tamén ante as protestas dos médicos residentes en Ourense, o que fan vostedes non é escoitalos, é insultalos, como fixeron a semana pasada cos MIR que traballan no hospital de Ourense, esa é a realidade.

Claro, cando unha consellería —evidentemente non falou vostede directamente, foi a súa xerencia— traslada acusando os médicos residentes de falta de sensibilidade e compromiso das necesidades do hospital e dos seus doentes só por reclamar condicións dignas, habitacións dignas, nas que non estea o chan levantado, nas que se poida descansar, nas que exista auga na billa, na que as duchas estean reparadas —todo o que se sae do que vostedes non queren é falta de respecto—, vostedes insultan os profesionais sanitarios, algo que nos imputan bastante habitualmente aos grupos da oposición, e non é certo.

E esa falta de respecto é a mesma que teñen que soportar as compañeiras auxiliares de enfermería, que ademais están hoxe véndonos dende a tribuna, e compañeiros e compañeiras, e vostede pode falar, se así o desexa, con eles ao rematar a intervención.

Cando se lles abre expediente a trinta e dúas compañeiras e compañeiros por reclamar os seus dereitos, e cando a xerencia dese xerente imputado, que desgraciadamente temos no Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, lles di ás auxiliares que son responsables de vexar, de acosar e de obstaculizar os outros profesionais, nada máis lonxe da realidade.

E, evidentemente, xa coñecemos as súas técnicas para intentar dividir os profesionais e para intentar poñer a opinión pública en contra dos profesionais. Pero a xente non é tonta, porque ve o que hai e non se pode obrigar os profesionais a asumir unha carga de traballo, señor Almuíña, que non é responsabilidade deses profesionais, por moito que vostedes recorran continuamente a un estatuto que non especifica nada explicitamente.

A realidade é que non é nin culpa dos profesionais da pública nin culpa dos profesionais das contratas da privada. A culpa é súa por privatizar un hospital, a xestión dese hospital, e darlle as chaves do hospital a unha empresa, a unha concesionaria que non se fai cargo de poñer o persoal necesario para que o hospital estea limpo, para que haxa suficientes uniformes para os profesionais, para que haxa lencería e roupa de cama, para que todo funcione correctamente. Esa é a súa responsabilidade. E hoxe están aquí, tamén, para saber que é o que van facer vostedes, porque, evidentemente, esta interpelación vai de Urgencias, pero —como lle trasladamos na primeira das cuestións—, preguntámoslle se a Xunta ten valorado a necesidade de mellorar os planteis dos traballadores nos centros públicos co fin de reducir as saturacións de Urgencias.

Nós sostemos dende o principio non só desta lexislatura, senón dende sempre, que é a globalidade do sistema —como estean as plantas de hospitalización, como estea a atención primaria, como estean os puntos de atención continuada— o que dá a medida de como están as Urgencias do noso país.

Non me queda agora máis tempo e logo teño outra quenda. Gustaríame que vostede dese unha resposta a estas preguntas que lle trasladamos, porque hai cuestións, tamén, relevantes: ¿Que van facer co persoal de Radioloxía? ¿Que van facer co persoal dos laboratorios? Hai carencias en diversos hospitais. Pero, dende logo, que lles dese unha resposta a estas persoas que viñeron a propósito para poder escoitar que vai facer vostede para resolver ese conflito, que as teñen ameazadas a súa xerencia e tamén as compañías de Ourense e as compañías de Santiago de Compostela. Porque eu creo que non se pode insultar os profesionais sanitarios

e que a responsabilidade da Consellería de Sanidade é moi elevada e ten que dar vostede resposta a estas cuestións.

Máis nada polo de agora. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Solla.

Ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** Moitas grazas, presidente.

Señores parlamentarios, traballadores do Complexo Hospitalario de Vigo, moi bos días a todos.

O número de pacientes atendidos nos servizos de urxencias dos hospitais do Sergas no ano 2017 foi de 1.013.703, cunha media diaria de 2.777 pacientes. Por outra banda, a porcentaxe de urxencias ingresadas neste período foi do 17,7 %, datos similares aos acadados no ano 2016.

Se analizamos estes mesmos datos para o período de xaneiro e abril, obsérvase que no ano 2018 o número de pacientes atendidos nos servizos de urxencias dos hospitais do Sergas foi de 340.302, cunha media diaria de 2.836 urxencias atendidas. A porcentaxe de urxencias ingresadas neste período foi de 17,82, datos tamén moi similares aos acadados no ano 2017.

O tempo medio transcorrido desde que un paciente chega a Urxencias dun centro do Servizo Galego de Saúde ata que realiza a súa atención sanitaria —pre triaxe, triaxe e post triaxe, e coa conseguinte alta— no ano 2017 estivo arredor dunha hora e dezaioito minutos, e no período de xaneiro a abril de 2018 foi dunha hora e vinte e nove minutos.

Así mesmo, se analizamos o tempo medio transcorrido para o ingreso desde a súa indicación no Servizo de Urxencias ata que chega a unha cama da unidade de hospitalización, para os pacientes que acoden aos servizos de urxencias hospitalarias, aproximadamente, está arredor de catro horas e cinco minutos. Neste contexto, e segundo estes datos, a actividade dos servizos de urxencias hospitalarias mantense dentro de parámetros que poderíamos catalogar de constantes, con incrementos nas actividades puntuais. Cando se producen estes repuntes de actividade, actívanse os plans de continxencia dos servizos de urxencias e refórzanse os mesmos cos profesionais necesarios para garantir a asistencia sanitaria en tempo e forma dos pacientes.

Os datos tamén obxectivan que as esperas medias nos servizos de urxencias hospitalarias son aceptables, se ben seguimos a traballar para que sexan cada vez menores, de maneira que se optimice a atención recibida polos cidadáns. Pero, ademais, non podemos esquecer o importante papel que desenvolve a atención primaria tanto nas consultas de centros de saúde como nos puntos de atención continuada. Nestes dispositivos durante o ano 2017 foron atendidas 1.548.272 persoas, e nos catro primeiros meses deste ano —do 2018— levamos xa 521.000. É dicir, son dispositivos cunha alta actividade, porque son recoñecidos polos cidadáns.

O primeiro ideario de Urxencias, polo tanto, en 2017 foi de 4.242, cunha porcentaxe de resolución do 91,25 %; é dicir, que do total de urxencias vistas no PAC tan só o 8,75 % son derivadas ao hospital. O tempo de estadía no PAC non é moi prolongado e varía, segundo as tempadas de maior actividade e outras de menor actividade, entre corenta e tres e cincuenta e cinco minutos.

Teño que recordar que contamos con 469 centros de saúde de atención primaria, e incluíndo loxicamente os PAC, cunha actividade de 26 millóns de consultas no ano 2017 e unha capacidade de resolución superior ao 90 %.

Como vostede sabe, a onda de gripe —preguntábo dentro desa pregunta de xaneiro de 2017— presenta características diferentes cada tempada, por iso é necesario facer un seguimento puntual da súa evolución. A vixilancia da gripe estacional faise a través de cinco sistemas diferentes: o número de chamadas semanais ao 061 de gripe e mais infeccións respiratorias agudas —é ese o apartado que se establece por parte do 061— e os rexistros de gripes semanais declarados desde a atención primaria, que permiten identificar o momento de inicio da onda, coñecer a súa intensidade, comparalo coas tempadas previas, coñecer o grao de difusión do virus e axudar na predición do cumio e valorar a tendencia semanal. O sistema de vixilancia microbiolóxico, no que participan catro hospitais —CHUAC, Chou, o Chop e o CHUVI—, permite coñecer o virus gripal que predomina en cada tempada e o seu grao de difusión.

O sistema de vixilancia de ingresos con gripe confirmada, que permite coñecer a gravidade en termos de ingresos, paso á UCI e letalidade, o impacto sobre o sistema sanitario e identificar as características epidemiolóxicas das formas graves de enfermidade. O obxectivo fundamental é obter unha visión ampla do comportamento da enfermidade e dos virus gripais circulantes.

O Servizo Galego de Saúde conta, tamén, coa información elaborada e remitida polo Servizo de Epidemioloxía da Dirección Xeral de Saúde Pública sobre a vixilancia da gripe en Galicia, na que se recollen, entre outros, a información da actividade gripal con intensidade e tendencia á difusión da onda de gripe. Informe que se publica semanalmente mentres dure a mesma.

A vixilancia de gripe na tempada 2017-2018 iniciouse, por tanto, na semana corenta e rematou na semana once do 2018. O inicio da onda na última tempada foi, segundo o sistema de vixilancia dos rexistros de gripe e atención primaria, na semana corenta e oito, coincidindo, aproximadamente, co día 3 de decembro do 2017. Nese momento anunciouse que de seguir a evolución esperada o cumio sería entre as semanas segunda e terceira de xaneiro de 2018. A velocidade e desenvolvemento da onda desta tempada foi algo maior do esperado e o cumio acadouse finalmente na semana cincuenta e dúas do 2017, antecedendo un par de semanas sobre o cálculo estimado nun primeiro momento, con nivel de intensidade moi parecido ao das semanas primeira de 2018 e segunda de 2018. Nestas tres semanas o número de gripes declaradas roldou os 4.108 por semana.

Cos datos obtidos desde o inicio da tempada na semana corenta de 2017 ata os observados na semana terceira de 2018, o número de chamadas atendidas no 061 por gripe e mais in-

suficiencias respiratorias agudas descenderon por terceira semana consecutiva, polo que a tendencia se cualifica como decrecente e o nivel de intensidade pasa á baixa.

O sistema de vixilancia de microbioloxía permitiu identificar como virus predominante da tempada actual o virus da gripe B, predominando a linaxe Yamagata sobre a linaxe Victoria. Esta linaxe non circulou con certo predominio en Galicia dende a tempada 2012-2013.

Plan de continxencia que establecemos en todo o ámbito sanitario, tanto da atención primaria como hospitalaria. Dado o impacto que esta patoloxía e os cadros de infección e patoloxías respiratorias invernais teñen na demanda asistencial e o aumento da frecuentación dos servizos de urxencias hospitalarias, todos os anos poñemos en marcha unha serie de medidas para a campaña da gripe, ademais das medidas de prevención e os dispositivos desenvolvidos en atención primaria por mor desta patoloxía. O Servizo Galego de Saúde elabora anualmente, no mes de outubro, os plans de continxencias para a época de gripe por cada xerencia de xestión integrada. Os ditos plans teñen a función principal de deseñar e implementar as medidas necesarias que permitan anticiparse a un aumento de demanda asistencial e garantan unha adecuación sanitaria á poboación neste período.

Cómpre sinalar que para a súa elaboración contamos coa participación dos profesionais responsables e coa súa posta en práctica, asinados polos mesmos. Recóllense nestes plans controlar as consecuencias debido á aprobación do ano de infección, evitar que se produzan abrochos dentro dos centros sanitarios, planificar os posibles picos de demanda nos diferentes dispositivos, prestar a mellor asistencia posible nos pacientes con gripe tratando de minimizar a incidencia sobre o funcionamento dos centros sanitarios e describir os procedementos alternativos á orde habitual de organización, co fin de permitir ao máximo o normal funcionamento contemplado, as necesidades de habilitación de espazos específicos e a habilitación de recursos tanto estruturais como de persoal, segundo vaian crescendo as necesidades asistenciais durante a época invernal.

Hai que ter en conta, ademais, que aos servizos de urxencias hospitalarias acoden, tamén, pacientes con outras patoloxías non respiratorias, polo que aínda é posible planificar a demanda pola onda da gripe. A entrada nos servizos de urxencias está sempre suxeita a cambios e circunstancias non previstas, o que, engadido á descontinuidade característica da demanda urxente, pode provocar momentos punta da demanda.

En canto aos reforzos de persoal —é dicir, ao incremento de presenzas de persoal por quenda—, realizáronse os seguintes por categoría profesional —unha media diaria—: reforzos de persoal de urxencias hospitalarias, media diaria en persoal sanitario e facultativo, sen reforzos; non facultativo, 52 reforzos; persoal non sanitario, 12 reforzos. En canto aos reforzos de persoal de hospitalización —tamén media diaria—: en facultativos, 12 reforzos; non facultativos, 77 reforzos; e non sanitarios, 8 reforzos.

A situación de sobredemanda prodúcese de forma episódica nos servizos de urxencias hospitalarias de todos os servizos de saúde, tanto no ámbito nacional como internacional, desde hai décadas por distintos motivos, entre os que están as ondas epidémicas de gripe. O que non quere dicir que os servizos de saúde —e dentro destes os das urxencias— non evolu-

cionaran de forma moi importante nestes anos. A orixe das causas e o incremento da actividade é unha cuestión debatida desde hai anos: de carácter multifactorial, externas, aumentos da demanda, a afluencia discontinua, o envellecemento e pluripatoloxía, complexidade crecente. Causas intrínsecas, estruturais, probas diagnósticas ou causas propiamente hospitalarias como o circuíto de ingreso-alta e a situación dos servizos centrais, valoracións e demais.

Señorías, seguimos a traballar para que os nosos servizos sanitarios continúen prestando a asistencia sanitaria que nos demanda a sociedade. Somos conscientes de que poden xurdir complicacións sobre cuestións que en principio parecen previsibles, pero seguiremos no camiño de seguir mellorando o funcionamento do sistema sanitario...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** ...e os servizos ás persoas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor conselleiro.

Ten na rolda de réplica a palabra a señora Solla Fernández.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** Grazas, señor presidente.

Bueno, señor Almuíña, certo é —e eu trasladáballe cal era o motivo polo que traíamos esta interpelación hoxe aquí— que é unha interpelación antiga, pero nós estamos preocupadas ante o peche de consultas, ante o peche de camas e a redución de profesionais en atención primaria. E, home, se lle levou todo o tempo da primeira intervención contestar a estas pequenas cuestións, o resto das cinco preguntas da interpelación espero que lle dea tempo nos cinco minutos que lle quedan, polo menos iso.

Eu pregunteille tamén por outras situacións de actualidade en relación con esta interpelación, que é o motivo polo que a traemos. Temos as compañeiras de Santiago de Compostela mobilizándose porque vostedes non toman ningún tipo de medida. E, evidentemente, descende nesa enquisa que se daba pola mañá a satisfacción e a valoración coa atención do Servizo en Urgencias, señor Almuíña. E non é baladí, a realidade é que cando se teñen sen atender —porque vostedes non están xestionando— de maneira correcta a totalidade dos servizos, suceden estas cousas.

Se vostede quere cingirse á interpelación e non quere responderme ao que lle preguntei —e non quere falar para as compañeiras que están na bancada e que viñeron a propósito—, pero que ten relación con esta interpelación, cingase ás preguntas e responda se a Xunta ten valorada a necesidade de mellorar os planteis de traballadores e traballadoras nos centros públicos co fin de reducir as saturacións. E iso compete tamén aos planteis de compañeiras e auxiliares de enfermería, porque hai saturacións, porque hai déficit de profesionais nas plantas de hospitalización en Vigo e no resto de centros. Témolos traído aquí moitas veces: Monforte, que por

fin vostedes parece que queren escoitar, Verín e un montón de centros que teñen carencias de profesionais. ¿Vostedes non consideran unha preocupación a cronificación dos servizos de urxencias, non consideran que se ten elevado a carga de traballo?

Señor Almuíña, deu os datos aquí de espera media, e temos un problema, porque non coinciden cos que dan os profesionais que traballan nos servizos, ¡temos un problema! Complexo Hospitalario de Santiago de Compostela —e trasladámosllo nalgún outro debate—: en marzo dábannos once horas de media de estancia no centro, e non era un pico, non era un pico de gripe, polo que tamén lle preguntabamos, era un día normal. E o problema é cando vostedes están pechando consultas de atención primaria polas tardes —a partir de dentro dunhas semanas—, cando están pechando tamén consultas de especializada, cando van reducir o número de intervencións cirúrxicas e pechan camas... Por certo, un peche de camas sobre unha redución de camas que dá o Instituto Galego de Estatística, que di que estamos no número de camas máis baixo da serie histórica, dende que se miden, e no período de 2010 a 2014 vostedes reduciron, pero non reduciron de que as pechen, eliminaron 800 camas.

E claro, logo utilizan que o recurso cama xa non é tan importante. Moi ben, pero é que non hai persoal para atender a hospitalización a domicilio, señor Almuíña, non hai persoal, non hai profesionais.

Responda tamén que vai facer, por que non incrementan os profesionais en laboratorio e en radioloxía, que ten moito que ver con como están os hospitais.

Responda que vai facer, se incrementan ou se incrementaron os efectivos en atención primaria —é evidente que non— e nos puntos de atención continuada. ¿Que van facer con eses profesionais? ¿Cos seus dereitos? Non pode ser que se superen os máximos permitidos de horas traballadas; non pode ser que a xente non cobre por traballar unha fin de semana ao 100 %; non pode ser que non poidan coller un día porque lles morre o seu pai, un familiar ou teñen un problema. Iso é inhumano, é inhumano como están tratando as compañeiras de Vigo.

Vostedes falan de humanizar os servizos, escoitámolo o outro día na Comisión de Sanidade. Insultan os MIR en Ourense, insultan as compañeiras auxiliares de enfermería en Vigo. É o *modus operandi* habitual da Consellería de Sanidade. Iso non é humanizar, tratar os profesionais como números non é humanizar. ¿Como non se van ir os médicos residentes? ¿Como se van querer quedar aquí se tratan desta maneira os profesionais e se non hai contratos estables? ¿Cal é o seu plan, señor Almuíña? Porque esa é unha das cuestións, que medidas a curto, a medio e a longo prazo van tomar. Vén por escrito na interpelación, se non quere responder nada máis, polo menos responda ao da interpelación.

Non poden imputarlles ás profesionais competencias que non son delas; salvar unha concesionaria que ten un beneficio de máis de 130 millóns de euros e intentar sancionalas a elas, porque iso é indigno e non é humanizar, desde logo, señor Almuíña.

Pode que vostede hoxe non vaia responder, é bastante habitual, xa non llo vou achacar, evidentemente esa pregunta non está posta por escrito tal cal, pero podería ter un pouco de deferencia. E, por certo, acusar recibo dunha petición de reunión que lle fixeron hai bastante tempo. ¿Cantas semanas máis van ter que esperar estas compañeiras a que vostede conteste



un miserento correo electrónico? Xa non é que se reúna con elas —e remato xa—, é que nin sequera ten a ben contestar un correo electrónico. Así é como se goberna, sen o pobo.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Solla.

Ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** Grazas, señor presidente.

Mire, eu veño á interpelación que pediu vostede hai ano e medio e son moi respectuoso e trato, desde logo, de contestarlle ao que vostede pregunta por escrito hai ano e medio. Vostede o que pasa é que está utilizando esta interpelación para o que lle dá a gana e, sobre todo, para buscar o lucimento persoal, ¡o lucimento persoal! *(Aplausos.)*

Eu, se mo permite o presidente, vou intentar contestar á interpelación e despois podo contestar a outra serie de cousas que vostede deixou aquí, a maior parte delas mentiras, que é habitual en vostede, dicir mentiras e quedarse tan ancha. A verdade é que é complicada a súa situación.

Mire, estamos tratando de mellorar as urxencias, nunca falamos de que é perfecto. Precisamente os que levamos anos traballando en sanidade sabemos que temos un proceso de mellora continua. En sanidade non podemos parar e seguimos facendo e mellorando as infraestruturas sanitarias, tanto na creación de novos centros de saúde —trinta e dous nos últimos anos, e seguimos crescendo— como tamén nas ampliacións nos novos hospitais, onde un trato preferente se lles dá precisamente aos servizos de urxencias e a todo aquilo que derivan deles e que traballa con eles, como os servizos de radioloxía, laboratorio e demais.

Temos servizos novos de radioloxía con aparataxe de última tecnoloxía, con laboratorios dos mellores que hai en España, precisamente porque son os que nos axudan. Pero tamén potenciamos e reforzamos en persoal e en infraestruturas o resto de servizos, todos os servizos, porque sabemos que o Servizo de Urxencias, sexa de primaria ou sexa de hospitalaria, non funciona só. Polo tanto, nós imos seguir crescendo no CHUAC, no Salnés, no Gran Montecelo co proxecto novo, na ampliación de Ferrol, no Hospital da Mariña e tamén nos comarcais. Imos tratar de seguir mellorando as urxencias, e o resto todo que hai arredor, e potenciando a atención primaria, porque entendemos que é un piar básico e esencial.

Dicimos tamén que, ademais diso, non nos queremos quedar quietos, queremos seguir mellorando. E temos alternativas ao tratamento e ao seguimento dos pacientes como é o programa Telea, que imos chegar ao 50 % dos nosos centros de saúde para que haxa un control a distancia, un seguimento para os profesionais tendo datos en tempo real.

Tamén a hospitalización a domicilio. A hospitalización a domicilio segue crescendo, está en todas as áreas sanitarias e seguimos creando unidades. Neste ano crearanse novas unidades para reforzar as que xa temos. ¿Por que? Porque é un servizo que funciona esplendidamente,

que vai diminuír a hospitalización da xente, que pode estar no seu domicilio e, ademais, atendido polos seus familiares, que para nós tamén é importante.

E tamén é moi importante o 061, é un dos logros importantes de Galicia ter este 061, porque non só coordina todo o que son os servizos sanitarios, senón que tamén actualiza e fai consultas para poder mellorar a calidade do servizo sanitario. Polo tanto, esa coordinación do 061, atención primaria, como o punto de atención continuada e como os hospitais fan que, desde logo, a asistencia sexa mellor da que tiñamos, pero non imos parar. E os plans de continxencia o que veñen dicir é que hai que coordinar todos os servizos sanitarios en momentos que recibimos moitísima xente.

E dicimos que esta mañá o presidente non veu aquí para gabarse, o presidente veu dar os datos reais publicados polo Ministerio, tamén informes, precisamente, da Plataforma en Defensa da Sanidade Pública a nivel nacional, que destaca o compromiso do Servizo Galego de Saúde. Pero datos reais nos que, por certo, vostede se equivocou ou mentiu.

Falamos de que temos sesenta e seis días, sesenta e seis días de demora en intervencións cirúrxicas, esa é a media. E publicamos todos os datos e máis que o resto de comunidades autónomas, porque hai unha normativa estatal e facémola, pero o resto en moitas comunidades autónomas, por exemplo os métodos diagnósticos, non os publican, nós si, probas diagnósticas están publicadas. E facemos o que temos que facer. E dentro diso son verdades as estatísticas, son verdade e son iguais, e medimos igual que os demais.

Chamábame a atención —agora vou nomear tamén o portavoz, o señor Leiceaga— que dicía que aquí tomamos o rexistro desde que se chama para operar. Son falsidades, son falsidades. Seguimos os mesmos procedementos que toda España, e os datos son que a nivel cirúrxico estamos no cuarto lugar. ¿Que, evidentemente, nas de Vigo son peores as listas de espera? É certo, e por iso se fixo a remodelación que se está levando a efecto como unha das mellores reorganizacións sanitarias de toda España.

E seguimos mellorando, pero a día de hoxe non é o espírito catastrofista que vostede en todas as súas intervencións nos quere expor.

E, desde logo, miren, non vou utilizar, como vostede utiliza, esta interpelación para sacar un problema aquí e outro alá, evidentemente...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** ...hai equipos directivos, hai representantes sindicais que están para saber como hai que negociar e como hai que mellorar en cada un dos sitios. Pero moitas veces os profesionais son enganados, enganados por xente que lle di unha cousa ao sindicato representante na concesionaria e a contraria o mesmo sindicato aos traballadores.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** A realidade é que foron dando noticias que non eran verdade, asesoramentos xurídicos que non eran verdade, e hoxe estase facendo un labor, que é o labor que se pode facer para mellorar os servizos sanitarios nun área sanitaria concreta, pero, desde logo, as vías para reclamar calquera dos dereitos están abertas. Están abertas coa negociación, coa dirección dese centro, están abertas, pero, desde logo...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** ...o primeiro e o máis importante é que temos un contrato cos cidadáns de Galicia, e todos temos que cumprilo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Vázquez Almuíña.

Suspendemos a sesión ata as dezaseis horas.

Moitas grazas.

*Suspéndese a sesión ás dúas e trinta minutos do mediodía e retómase a sesión ás catro da tarde.*

**O señor PRESIDENTE:** Proseguimos a sesión coa interpelación das señoras Cuña Bóveda e Chao Pérez, do G. P. de En Marea.

**Interpelación de D<sup>a</sup> María de los Ángeles Cuña Bóveda e D<sup>a</sup> Luca Chao Pérez, do G. P. de En Marea, sobre a política do Goberno galego en relación coa protección do patrimonio cultural do Camiño de Santiago**

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a interpelación ten a palabra a señora Chao.

**A señora CHAO PÉREZ:** Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Como saben, dende o noso grupo parlamentario tratamos de facer fincapé neste pleno en asuntos vinculados coa lingua e coa cultura deste país. E, nese senso, nós queremos reivindicar unha vez máis que o Camiño de Santiago é moito máis ca un reclamo turístico. É un patrimonio cultural de inmenso valor que exige o máximo respecto e a maior protección institucional, o máximo compromiso das institucións, tanto pola súa relevancia histórica e artística como polo efecto que ten —e, sobre todo, podería ter— no desenvolvemento socioeconómico e na propia identidade dos territorios que atravesamos.

É por iso que a protección do seu legado patrimonial tería que ser unha prioridade para o Goberno da Xunta de Galicia. O patrimonio non se defende só, senón que precisa da implicación activa das institucións e da sociedade civil para garantir a súa conservación e a súa difusión. Son moitos os recoñecementos que subliñan a súa importancia. Xa no ano 1987,

como saben, o Camiño francés —que é o que percorren preto do 70 % das persoas que acoden peregrinando a Santiago de Compostela— foi recoñecido como o primeiro itinerario cultural europeo. Seis anos máis tarde, a ruta pasou a formar parte da lista do patrimonio mundial da Unesco. A dita lista foi ampliada no ano 1998 coa ruta que pasa por territorio francés, e en 2015 incorporáronse á declaración do patrimonio mundial da Unesco os camiños do norte, como extensión do ben anteriormente declarado en 1993. Seguindo na liña do recoñecemento, en 2004 o Camiño foi galardoado co premio Príncipe de Asturias da Concordia.

Nada disto parece importarlle o suficiente ao Goberno da Xunta, que leva moitos anos reducindo o papel do Camiño de Santiago e apostando por políticas que só inciden na súa explotación turística. Deste xeito semella que o Partido Popular concibe o Camiño coma un xigantesco parque de atraccións con motivos relixiosos que comeza en Francia e remata na nosa terra. O seu contido cultural, artístico e histórico ou ben lles escapa ou ben non lles importa o suficiente, porque non é, dende logo, no que se centran os esforzos. ¿Como entender, se non, os sucesivos danos patrimoniais que, por acción ou por omisión, consentiu o Goberno da Xunta de Galicia e levaron a que no ano 2010 o Comité Internacional de Itinerarios Culturais solicitase ao Comité Internacional Executivo do Icomos que se incluíse o Camiño de Santiago na lista de patrimonio mundial en perigo?

Son moitas as numerosas agresións que neste senso poderíamos citar. Mais o tempo é reducido, polo que imos centrarnos nalgúns das máis destacadas, como pode ser a construción dun polígono industrial e comercial no Pino a escasos metros do trazado do Camiño; a modificación do itinerario na Castañeda e en Burres, no concello de Arzúa; a aprobación do parque eólico sobre o monte Oribio, en Lugo; o asfaltado de varios tramos do Camiño en Reiriz, Refoxos e Pascais; a substitución da ponte de pedra por unha de formigón xunto ao muíño de Renxe; a tala de árbores indiscriminada no entorno do mosteiro do Concello de Samos, en Lugo; a construción de barracóns, hai moi pouco tempo, no monte do Gozo; o desvío do Camiño inglés para construír un campo de golf e unha urbanización entre Perbes e Vilanova de Miño, na Coruña; o Camiño portugués cortado nas Gándaras, no Porriño, Pontevedra. E poderíamos seguir, porque lamentablemente a lista é moi longa.

Parece claro, polo tanto, que o concepto de patrimonio se ten utilizado en demasiadas ocasións por parte da Xunta de Galicia unicamente como símbolo de prestixio, esquecendo as obrigas que supón esta denominación e sendo os casos comentados do Camiño de Santiago un gran exemplo desta situación.

Pois, ¿onde quedou en todos estes casos que comentamos a obriga da Xunta de Galicia de protexer o noso patrimonio? Non o sabemos. O que si sabemos é que lamentablemente as agresións ao Camiño non cesaron tras a devandita denuncia do Comité Internacional de Itinerarios Culturais. Non son, pois, unicamente cousa do pasado. Na actualidade, ao noso entender, o Camiño de Santiago continúa sen ter o apoio político e institucional que precisa para a súa conservación, como demostra a proliferación de obras públicas e privadas, os desenvolvementos urbanísticos, as explotacións agropecuarias, eléctricas, eólicas, solares ou mineiras na súa contorna, ou mesmo no seu interior. Explotacións mineiras tamén, e aquí debemos deternos, pois temos especialmente próximo un proxecto que, como denunciámos en numerosas ocasións neste Parlamento, nos preocupa especialmente. Falo, por suposto, do proxecto da mina de Touro, que,

como saben, se atopa moi próxima ao Camiño no concello do Pino; un proxecto no que non só debemos falar de protección ambiental senón tamén patrimonial, como é o asunto que hoxe nos ocupa. Extremo sobre o que o Goberno, casualmente, está a gardar un silencio, cando menos, sospeitoso. Tanto é así que non hai ningunha valoración sobre a gravidade do impacto desa mina sobre o Camiño. Porque nin a empresa nin a Administración tiveron a ben falar, ata o día de hoxe, do tema. Ten hoxe, señor conselleiro, unha magnífica ocasión para aportarnos un pouco de luz sobre o asunto, que dende logo lle agradeceríamos.

E, se falamos de protección do patrimonio, deberíamos falar especialmente dos últimos cen quilómetros, que transcorren integramente polo territorio galego. De todos é sabido que esta última fase se atopa en moi, moi, mal estado. Basta ir dar un pequeno roteiro un día calquera para atoparse con lixo abundante, destrución patrimonial, pintadas en obras que teñen valor patrimonial... Hai de todo.

Pero non só se trata de lamentarse da falta de protección por parte das administracións públicas, senón —e isto resulta aínda máis grave— das consecuencias das obras realizadas pola Axencia de Turismo de Galicia nos camiños de Santiago que discorren polo noso territorio. Numerosas obras realizadas con maquinaria pesada acaban dando como resultado un camiño moi diferente ao tradicional, un camiño moi diferente ao que deberíamos protexer. Referímonos a obras que transforman o camiño físico e o seu propio entorno, traballos de construción con orientación totalmente urbanizadora, abrindo espazos, colocando adoquíns, alterando o rasante do chan, usando mesmo todo tipo de materiais de construción, gravas, materiais artificiais e cementos. Hai numerosos exemplos, e déixenme amosar un par deles bastante claros. (*A señora Chao Pérez amosa unhas fotografías desde a tribuna de oradores.*) Son o «antes» e o «despois», unhas fotografías que deberían ser bastante coñecidas. Na primeira fotografía vemos como era, como é, o Camiño tradicional —exactamente o que se espera dun camiño—; e, despois, como logo da intervención da Axencia de Turismo acaba convertido nunha pista tradicional. Ou, máis grave aínda, vemos como en espazos de valor arqueolóxico mudaron o terreo tradicional por adoquíns. Sería interesante coñecer a opinión do conselleiro respecto do que supón isto, do impacto que supón isto, no patrimonio galego; un camiño histórico —insistimos— transformado en pouco menos que autoestradas e sen volta atrás.

Non se trata dunha chafallada, trátase da destrución do patrimonio histórico, cultural, natural, espiritual e a destrución das raíces da peregrinación xacobeá, que se mantiveron no tempo por máis de mil douscentos anos, na que se integra unha paisaxe natural excepcional e un patrimonio material e inmaterial que corre perigo. Tal e como denuncian os Amigos do Camiño, a conservación do Camiño debe e pode facerse doutra maneira. O que están facendo non facilita o tránsito dos peregrinos, nin mellora o estado das vías medievais, senón que destrúe totalmente o encanto do Camiño e da nosa terra, alén, por suposto, do seu valor tradicional.

Insistimos: ¿que valoración lle merece, señor conselleiro, este tipo de actuacións?

Por todos estes exemplos, vémonos na obriga de denunciar unha vez máis a falta de compromiso da Consellería de Cultura coa conservación do noso patrimonio. Ademais, consideramos que as súas políticas actuais non só están poñendo en perigo os tesouros culturais e artísticos do Camiño, senón que tamén comprometen a súa capacidade para dinamizar so-

cioeconomicamente os lugares polos que pasan as rutas. Tanto é así que as localidades que atravesan contan cada día con menos xente. O Camiño tería que conseguir dinamizar os concellos polos que pasa, pero isto non está sucedendo. Todos os concellos galegos polos que pasa viron diminuír a súa poboación nos últimos vinte e cinco anos, e, aínda que, por suposto, son moitas as causas que explican este devalo demográfico, non se pode obviar o feito de que o Camiño non está contribuíndo ao seu desenvolvemento social, socioeconómico. O impacto económico que ten nos municipios é moi leve e, en consecuencia, non está freando as dinámicas demográficas tradicionais do rural galego. Deste xeito, os datos infórmanos de que o impacto do Camiño só é significativo nas cabeceiras de comarca e, por suposto, en Santiago de Compostela. Isto ten que mudar, hai que apostar por políticas que repercutan dun xeito máis xusto en todos os concellos polos que pasa o Camiño. É dicir, que a actitude do goberno do Partido Popular está sendo neste extremo negligente.

Por todo iso, enunciámos as preguntas que ten por escrito: ¿que medidas pensa tomar a Xunta de Galicia para garantir que non se produzan danos ao patrimonio cultural do Camiño de Santiago que se atopa en territorio galego?, ¿que medidas adoptaron dende que no ano 2010 o mencionado Comité Internacional de Itinerarios Culturais solicitase ao Comité do Icomos que se incluíse o Camiño de Santiago na lista de patrimonio mundial en perigo?, ¿que mudaron?, ¿cantas desas medidas foron tomadas seguindo os consellos de persoas afíns ao Partido Popular que forman parte de asociacións moi próximas ao Goberno, como é sabido, como é a propia Academia Xacobeá?

Máis nada polo de agora. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Chao.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** Moi boa tarde, señor presidente.

Señorías.

Señora deputada, a verdade é que esta iniciativa parte dunha exposición de motivos algo confusa, ás veces contraditoria. Pero, bueno, como non hai mal que por ben non veña, pois vains permitir reafirmar nesta Cámara o compromiso non só da Consellería de Cultura senón do conxunto do Goberno galego coa preservación, difusión e promoción dos camiños de Santiago.

Este é un compromiso baseado no convencemento de que os camiños son unha das mostras do patrimonio cultural máis visibles e recoñecibles de Galicia, non só polos recoñecementos da Unesco históricos e internacionais, senón tamén polos seus valores históricos, artísticos e paisaxísticos cos que os galegos e as galegas nos recoñecemos como pobo. O Camiño é unha marca de Galicia dende o ano 1993, no que acadou a declaración de patrimonio da humanidade. E grazas ás xestións realizadas por diferentes gobernos autonómicos, fundamentalmente por gobernos autonómicos —e é xusto recoñecelo— do Partido Popular, a ruta xacobeá colocou a Santiago de Compostela e a toda Galicia no mapa de Europa e no mapa do mundo.

Para este Goberno o noso patrimonio cultural, e moi especialmente os camiños de Santiago, constitúen un elemento fundamental no progreso da comunidade e tamén, por suposto, no desenvolvemento socioeconómico, ao tempo que aseguran a cohesión territorial e social. Isto é porque, entre outras cousas, o percorrido do conxunto dos diferentes camiños abrangue unha parte significativa e importante do noso territorio. De feito, máis dun terzo dos concellos galegos teñen, cando menos, un tramo dalgún dos camiños dentro do seu territorio municipal.

O patrimonio cultural en xeral, e o Camiño en particular, foi transmitido, modificado e enriquecido por acumulación de estratos de xeracións e xeracións durante moitos séculos, estando, como vostede ben sabe, tamén moi vencellado á orixe da cultura europea.

A tarefa encomendada á Administración autonómica en relación co Camiño de Santiago é complexa. É buscar un equilibrio, un necesario equilibrio, entre a conservación como un ben patrimonial e paisaxístico e, ao mesmo tempo, a súa posta en valor como un recurso xerador de emprego, xerador de riqueza económica, de riqueza social e tamén dende o punto de vista demográfico, fundamentalmente en concellos rurais, en concellos moi rurais, onde practicamente é o principal elemento de dinamización socioeconómico. Cabería preguntarnos: ¿que pasaría se non houbera Camiño?

Estas ideas que acabo de dicir, en certa parte, señoría, son coincidentes coa súa exposición de motivos. Certamente, compartimos o inmenso valor, como vostede di, dos Camiños de Santiago e a exixencia do máximo respecto e a maior protección institucional, tanto pola súa relevancia histórica e artística como polo efecto que ten no desenvolvemento socioeconómico e na identidade de Galicia. Sen embargo, e pola contra, vostede prefere non recoñecerlles aos gobernos do Partido Popular os méritos e os traballos feitos na defensa e na potenciación do fenómeno Xacobeo; mesmo chega a atacar e responsabilizar — neste caso, a esta Xunta— dos efectos dunha herdanza recibida pois no ano 2009. Porque vostede, cando fala de que no ano 2010 o Comité Internacional de Itinerarios Culturais alertou ao Comité Internacional Executivo do Icomos de perigos, agresións e danos non contextualiza que esta situación foi derivada fundamentalmente de varios anos de inacción previos ao ano 2009, cando gobernaba, como vostede ben sabe, o Bipartito. Naquel momento non se actualizou para nada a normativa de protección, non se delimitou nin un centímetro cadrado do Camiño de Santiago e mesmo non se traballou en nada na preparación do xacobeo do ano 2010.

Citou exemplos concretos. Eu tamén lle vou citar, por exemplo, que o polígono do Pino foi aprobado definitivamente —e o proxecto de urbanización foi aprobado definitivamente— en marzo do ano 2007 —non gobernaba o Partido Popular—, ou o parque eólico do monte Oribio, en Lugo —que tamén foi aprobado definitivamente o proxecto de execución no ano 2007, o 31 de maio do ano 2007, cando tampouco gobernaba, señoría, o Partido Popular—.

A verdade é que, co regreso á Xunta de Galicia do Partido Popular, a situación de deterioración, desleixo ou parálise dos anos anteriores pegou un xiro favorable en positivo. ¿Cal foi este xiro en positivo? Citarei quince aspectos concretos, quince.

1. No ano 2015 decláranse como patrimonio mundial da humanidade o Camiño norte e o Camiño primitivo, que entran por Trabada e por Ribadeo, e entran pola Fonsagrada para comunicarse co Camiño francés.
2. No ano 2015 a Axencia Galega de Turismo aproba o Plan director do Camiño de Santiago, no que se fixan as liñas estratéxicas cara ao Xacobeo 2021.
3. No ano 2016 a Consellería de Cultura aproba a nova Lei de patrimonio cultural, que aporta unha nova regulación específica de protección para os camiños de Santiago, créanse novos camiños, incrementase a protección territorial e xera un maior recoñecemento legal aos camiños preexistentes.
4. Impúlsanse os traballos de delimitación das diferentes rutas xacobeas: Camiño francés, primitivo, do norte, inglés etc.
5. A Consellería de Cultura publica e edita unha guía de boas prácticas para as actuacións no Camiño de Santiago, recomendacións e indicacións para garantir o coidado do territorio histórico por parte dos diferentes axentes que interactúan e modifican este territorio.
6. O Plan básico autonómico incorpora dentro da súa regulación os camiños de inverno e portugués pola costa, anteriormente aprobados pola Lei, de 1996, de patrimonio de Galicia; novos camiños, regulación e protección inmediata.
7. Galicia ten e está recibindo un forte investimento en rehabilitación de bens patrimoniais, en monumentos. Por exemplo, o Goberno central está quizais coa maior rehabilitación da catedral da historia, un fortísimo investimento. Pero ao longo do Camiño hai moitísimos monumentos que están sendo rehabilitados: Vilar de Donas, catedral de Mondoñedo, Sobrado dos Monxes..., moitísimos e con cantidades económicas moi significativas.
8. Incorpóranse os camiños como elementos protexidos aos planeamentos urbanísticos, aos PXOM.
9. Inclúense os Camiños de Santiago nas directrices de ordenación do territorio.
10. Incorpóranse as rutas xacobeas ás directrices da paisaxe.
11. Faise un intenso e constante traballo administrativo preventivo das intervencións humanas no territorio. En torno a 1.500 expedientes ao ano tramítanse e autorízanse por parte da Dirección Xeral de Patrimonio.
12. Axilízanse as tramitacións administrativas reducindo aquelas intervencións de obras menores ou de obras de pouco alcance para facilitar a intervención e a mellora conxunta dos bens patrimoniais, e tamén dos bens non patrimoniais, do Camiño de Santiago.
13. No ano 2010 impúlsase un ARI conxunto do Camiño de Santiago, que pasa por máis de 450 parroquias de en torno a cen concellos, para poder ter axudas económicas para rehabilitar neste caso as vivendas por parte dos cidadáns que residen nesas vivendas.



14. Prohíbese — moi recentemente, coa aprobación da Lei de implantación empresarial— a venda ambulante no trazado do Camiño.

15. No 2017 asínase un convenio de actuación entre o Concello de Santiago e a Xunta de Galicia para mellorar a integración paisaxística dos Camiños dentro do termo municipal de Santiago, que se está executando neste momento con obras de integración paisaxística.

En definitiva, fun moi rápido para que me dera tempo dicilo, pero podería seguir enumerando actuacións de menor calado pero que son importantes para unha cuestión: para demostrar claramente —creo que a miña exposición o demostra claramente— que a Xunta de Galicia está activa e comprometida na importante, importantísima, tarefa de protexer e conservar o patrimonio, o rico patrimonio cultural, que significa o Camiño de Santiago, e, por suposto, tamén en preparar o vindeiro ano santo xacobeo do 2021. Porque, señorías, o uso dun ben patrimonial non implica unha fosilización da actividade económica do seu entorno. Nós temos que compatibilizar o recurso, a conservación do recurso, coa dinamización que ese recurso pode xerar no conxunto dos termos municipais polos que pasa e, en definitiva, en Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

Réplica da señora Chao.

**A señora CHAO PÉREZ:** Mire que fixemos tres preguntas moi concretas ás que non respondeu. Non é algo que nos sorprenda, pero imos probar sorte con algunha máis, a ver se na súa quenda nos responde a algunha.

Porque, mire —díciallo antes—, as agresións denunciadas eran unha mostra das máis graves; unha mostra, non unha listaxe exhaustiva nin moito menos. Quero dicir que poderíamos citar moitas outras. Realmente, resúltanos abraiante que non sexan principal motivo de preocupación para vostede en canto responsable último do patrimonio do país.

Porque si, podemos coincidir en que hai que buscar un equilibrio entre a conservación e a posta en valor. No que semella que non coincidimos é en como está funcionando ese equilibrio. Puxen uns exemplos pero podería poñer outros —que evidencian a inacción do seu departamento— sobre os que desexaríamos algunha información. E entenderá, señor conselleiro, que En Marea non gobernaba tampouco antes do 2009, e non nos compete a nós facer oposición a aquel goberno. Nós témoslle que preguntar sobre a súa acción, non sobre a doutros.

Son exemplos sobre os que lle pediamos unha valoración que non deu. Pero poderíamos falar doutros, como, por exemplo, das afectacións no Camiño por causa dos lumes. ¿Fíxose algunha valoración ao respecto? ¿Plantexáronse medidas para evitar novas afectacións no futuro? Porque é unha evidencia que en Galicia vai seguir habendo lumes. ¿Vai a Xunta poñer algunha medida sobre a mesa para protexer o Camiño? Polo que sabemos, parece que non.

En realidade, o problema fundamental que vimos denunciando é que o Goberno da Xunta deixa que sexa Turismo de Galicia quen ate e desate todo o que ten a ver co Camiño. Isto párecenos preocupante. É dicir, temos un ben cultural xestionado por un ente de explotación e promoción turística que en moitos casos defende intereses de empresas privadas. E é aí cando xorden os problemas. É unha anomalía absoluta nos países do noso entorno, que, como sabe, ten sido denunciada en comités internacionais.

¿É a Axencia de Turismo a máis indicada para protexer o patrimonio de Galicia? A resposta para o grupo de En Marea semella clara: non, non o é.

Así acontece que gastan, por exemplo, 2,5 millóns de euros nun macrofestival musical, dirixido en teoría a promocionar turisticamente o mesmo, coma se dun produto calquera de consumo se tratara. Nós non temos os datos, pero imaxine o útiles que serían eses 2,5 millóns de euros en protexer o Camiño por algún dos pobos de Galicia.

Outra cuestión que no tiven tempo de abordar na primeira intervención, e que consideramos preocupante, ten a ver coas delimitacións do propio Camiño. Sabe vostede, señor conselleiro, que a día de hoxe todas as delimitacións non están rematadas, e a Xunta debería telas publicado de todos eses camiños, pero algunhas delas, sinaladamente a do portugués, está nun caixón. ¿Cales son os motivos? ¿Pode compartilos? Porque, mire, sen delimitación é moi difícil ou imposible aplicar a lexislación de patrimonio histórico, e entón, unha vez máis, asáltannos as dúbidas. ¿O Goberno non sabe ou ao Goberno non lle interesa? Oxalá nos diga algo na súa seguinte quenda.

E, seguindo coas ausencias, quixeramos preguntar tamén polo Plan integral do Camiño, enunciado no artigo 82 da Lei de patrimonio de Galicia, que di literalmente: «A efectiva protección dos Camiños de Santiago requirirá a aprobación dun plan territorial integrado dos camiños de Santiago que estableza as liñas xerais para o mantemento e a conservación dos seus valores culturais e para garantir unha ordenación do territorio harmoniosa e integrada con eles».

¿Por que, señor conselleiro, a día de hoxe aínda non está dispoñible este plan? ¿Cando está previsto que o teñamos entre mans? Se ten algunha data, dende logo, agradeceríámoslle que a compartira.

Resulta un tema especialmente transcendente, pois nós consideramos que, se non existe un compromiso legal, non existe tampouco o compromiso práctico na preservación do Camiño, por moito que as súas palabras nos gusten a todos.

Dixo vostede que o patrimonio do Camiño só existe na medida na que se transmite de xeración en xeración, e estamos de acordo. Mais a pregunta sae soa cos datos que lle puxen antes enriba da mesa: ¿como pensan protexer o patrimonio se non son quen de garantir que as próximas xeracións vaian poder vivir no seu entorno? ¿Como pensa protexer o patrimonio cando continúan permitindo a construción de obras, ou o establecemento de industrias, que poñen en serio perigo o Camiño de Santiago, como parques eólicos ou as minas citadas, das que non dixo vostede absolutamente nada? Así é que agardo que na súa quenda sexa quen de explicarnos algo e responda especificamente a algunha das nosas preguntas. A resposta

a esta última, por exemplo, dende logo, agradeceríalla. ¿Ten algunha preocupación respecto do impacto que vai ter o proxecto da mina de Touro no Camiño de Santiago?

Máis nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Chao.

Peche da interpelación polo conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** Moitas grazas, señor presidente.

Pois, efectivamente, señora Chao, En Marea nin existía nin gobernaba antes do ano 2010. Pero vostede fai un relatorio de obras por escrito, de agresións ao Camiño de Santiago, segundo a súa opinión, que se desenvolveron nos anos previos ao ano 2010, cando, como vostede sabe, tampouco gobernaba este partido, co cal non nos bote a nós a culpa do que non a temos. Creo que lle dei datos concretos de dous exemplos que demostran que non hai responsabilidade. E díxenlle as accións —creo que moitas— de planificación urbanística, planificación territorial, planificación ambiental, que en certa medida deixan claro que a partir do ano 2009 houbo unha preocupación moi forte, tremendamente forte, por regular os camiños de Santiago e por velar por algo tan importante como é axustar a planificación á xestión, e como axustar a conservación coa dinamización.

E, mire, no Camiño interactúan —porque é un territorio moi amplo— moitos axentes administrativos moi diferentes: o Estado, os concellos, as comunidades autónomas e as deputacións. Todos interactúan e todos teñen unhas regras marcadas. Esas regras marcadas vostede intenta confundilas. Hai dous axentes administrativos autonómicos que teñen competencias no Camiño, diferentes e complementarias, pero diferentes. A protección é unha competencia da Dirección Xeral de Patrimonio. Xa lle dixen que se xestionan e se resolven en torno a 1.500 expedientes de intervención ao ano na comisión especializada para as intervencións no ámbito do Camiño. E a promoción lévaa a Axencia de Turismo. Non hai ningunha contradición, son cuestións complementarias que se xestionan dun xeito conxunto.

A verdade é que, despois de escoitala a vostede, tampouco sei moi ben se está a favor, por exemplo, de O son do Camiño, se lle gusta esa intervención ou non. Parece ser que non. Pero o que si lle podó asegurar, señoría, é que para esta Xunta os camiños de Santiago son un elemento fundamental, un elemento fundamental, no progreso integral de Galicia e no desenvolvemento socioeconómico do pobo galego, asegurando unha cohesión territorial e social. Pregúntese vostede o que podería pasar en moitos concellos do interior de Galicia, cunha enorme e fortísima ruralidade, se non houbera un elemento de dinamización económica como ten sido, é e será o Camiño de Santiago. Obviamente non vai transformar unha realidade territorial de xeito inmediato, pero si xera un elemento de dinamización e que, se non o houbera, a situación sería moito máis complexa.

E a verdade é que esta visión é compatible coa aposta que fai Galicia por un turismo respetuoso, por un turismo intelixente e por un turismo de calidade que permita, por unha parte,

preservar e potenciar o patrimonio e, pola outra, ofrecer unha mellor atención ao visitante. Non hai contradición. A boa política é compaxinar eses dous elementos.

Señoría, dende a Xunta continuaremos co traballo a prol da promoción e da protección dos elementos máis senlleiros do Camiño de Santiago, non o dubide. Seguiremos a planificar e a realizar obras de conservación e rehabilitación de bens destacados nos distintos tratados xacobeos, os BIC, pontes históricas, construcións emblemáticas... Continuaremos protexendo a riqueza patrimonial, histórica e paisaxística das rutas xacobeas, tendo en conta tamén un fito, que é o ano 2021, o seguinte ano santo. Pero, sobre todo, o que queremos facer é aproveitar o Xacobeo 2021 como unha oportunidade histórica que reforzará o Camiño de Santiago e actuará coma un dinamizador, fundamentalmente no ámbito cultural e económico, polos territorios polos que pasa.

Por isto, señoría, a Xunta traballa cunha perspectiva integral, e dende unha perspectiva integral, na protección, difusión e promoción do Camiño de Santiago; traballo que se verá reforzado pola acción da comisión organizadora do Xacobeo 2021, comisión organizadora que xa foi aprobada e que se vai constituír formalmente na próxima semana. Como saben, esta comisión é un órgano que se dedicará con estabilidade, permanencia e anticipación a preparar o vindeiro ano santo. A dita comisión posibilitará que todos os departamentos da Xunta —e, por suposto, do resto das administracións e institucións implicadas— traballen dun xeito coordinado. En concreto, as funcións desta comisión organizadora son, entre outras moitas, coordinar as actuacións das diferentes administracións públicas —en especial da Xunta de Galicia e dos concellos—, aprobar o Plan estratéxico do Xacobeo 2021 e os diferentes plans operativos anuais, aprobar a marca e o logo do Xacobeo 2021, buscar patrocinadores privados, xestionar as exencións fiscais, aprobar a programación; en definitiva unha serie de accións que van posibilitar compaxinar a protección coa promoción; un recurso patrimonial como un recurso tamén social, económico e de equilibrio territorial.

En definitiva, señoría, o Goberno galego, en defensa dos intereses do conxunto de Galicia, afronta a organización do Xacobeo 2020-2021 coa esperanza de que sexa un revulsivo no que poidamos consolidar a nosa comunidade como un referente cultural e tamén turístico.

Moitas grazas. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

Punto sexto da orde do día, preguntas ao Goberno.

**Pregunta de D. José Alberto Pazos Couñago e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para impulsar a participación de Galicia nos asuntos europeos nesta etapa de cambio**

**O señor PRESIDENTE:** Comezamos coa pregunta do deputado Pazos Couñago, do Grupo Parlamentario Popular.

Cando queira.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Grazas, presidente.

Boa tarde, señor vicepresidente.

O 25 de marzo de 1957, coa sinatura dos tratados de Roma, nacía o soño europeo dun territorio común polo que podían transitar libremente persoas e mercadorías. Un espazo de liberdade no que os europeos podíamos consolidar un proxecto baseado nos principios compartidos polos Estados democráticos europeos. España pulou por sumarse a ese proxecto dende o ano 1962, pero só coa chegada do réxime democrático de liberdades, nacido da Constitución de 1978, puido ter lugar un proceso de integración que finalizou coa incorporación efectiva do noso país á Unión Europea o 1 de xaneiro de 1985.

Democratización, modernización e europeización son elementos intrinsecamente ligados sen os cales resulta imposible comprender o proceso de converxencia social, económica e política do noso país coas grandes democracias occidentais. O balance destes trinta e tres anos de convivencia común no espazo europeo foi francamente positivo para o conxunto de España e, de maneira moi singular, para Galicia, que vén de experimentar unha evolución económica e social sen precedentes da man da vella Europa.

Pero sesenta anos despois da súa fundación, Europa está a atravesar un período de reflexión sobre o seu futuro, no que se albiscan algúns riscos pero tamén, sen dúbida ningunha, moitas oportunidades. O ano 2018 volverá ser crucial para o futuro da Unión Europea. O proxecto de construción europea afronta desafíos importantes, como a saída do Reino Unido, o novo enfoque das relacións da Unión con Estados Unidos ou con Rusia, a crise dos refuxiados ou a crise de seguridade e, ¿como non?, o auxe dos populismos, problema directamente relacionado con todos os anteriores, ás veces como a súa causa, ás veces como a súa consecuencia.

O auxe de forzas de ultradereita e ultra esquerda en distintos países da Unión levou a un debilitamento do sentimento europeísta, impulsado fundamentalmente por un discurso demagóxico que prendeu no campo abonado dunha sociedade europea castigada pola crise financeira, da que afortunadamente nos estamos recuperando. Europa está sufrindo os ataques do «populismo máxico», unha sorte de revisión dos pensamentos totalitarios nados a principios do século XX que presenta como novidasas e milagreiras as vellas e fracasadas ideas que conduciron ao mundo a algúns dos momentos máis escuros da historia da humanidade. Aínda esta semana escoitabamos a un ex-presidente ou a unha eurodeputada galega lexitimar o simulacro electoral que tivo lugar este domingo en Venezuela; e incluso manifestar o seu apoio a un sátrapa que non ten máis pretensión que perpetuarse no poder aínda que sexa a custa de levar o pobo venezolano a unha situación de absoluta miseria.

Ese modelo alternativo que algúns defenden nunca será o noso. A Unión Europea foi, é e debe continuar a ser un imprescindible referente na construción dun mundo máis social, máis xusto e máis libre. Porque a historia ten demostrado que, a máis Europa, máis democracia. E por iso entendemos que Galicia non pode baixar do tren do europeísmo. E é por iso que lle formulamos hoxe esta pregunta: ¿que pensa facer o Goberno galego para impulsar a participación de Galicia nos asuntos europeos nesta etapa de cambio?

Máis nada, moitas grazas. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Pazos.

Resposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Pazos, efectivamente, vostede dicía que pulamos durante moito tempo para estar en Europa —España, e Galicia dentro de España—, porque nos interesaba e moito. Despois demostrouse que, con todos os inconvenientes que tivo esa entrada—que tamén os tivo—, o balance creo que é moi positivo, claramente positivo. E non se pode discutir. Quen o discuta, realmente, non o pode facer con datos obxectivos. Polo tanto, interésanos seguir en Europa e interésanos seguir cada vez con máis presenza e cada vez con máis influencia. Sobre todo nesa Europa das rexións, onde non todas as rexións pesan o mesmo e as que saben facer a política axeitada obteñen evidentes vantaxes.

E por iso agora, que volvemos estar nun momento de encrucillada en Europa e que algúns poñen en cuestión a mesma idea de Europa, creo que é momento de volver apostar outra vez por Europa e polas súas vantaxes. Coas transformacións que faga falta —que algunhas fan falta— hai que seguir estando aí. E agora que estamos no momento crucial do *brexit*, con todas as consecuencias que pode traer, estamos nun momento —como vostede dicía— onde as correntes xenófobas, onde os populismos, onde moitas cousas que poden poñer en perigo a idea de Europa requiren dunha actuación decidida a prol de seguir estando nesa asociación de nacións que tantas vantaxes trouxo para España e para Galicia. E, polo tanto, aí imos seguir, e a acción continuada de Galicia en Bruxelas coa visita recente do presidente así o amosa.

Estivo —como todos vostedes coñecen— hai moi poucos días, entre o 15 e o 16 de maio. E tivo reunións ao máis alto nivel, e agardamos que certamente efectivas. Estivo co presidente do Parlamento, con Tajani; estivo coa comisaria de Política Rexional, Corina Crețu. Aproveitou para celebrar a presenza de Galicia en Bruxelas na Fundación Galicia Europa, con presenza dende hai trinta anos e con presenza efectiva —e así o poden acreditar todos os que van alí e requiren dos seus servizos—. E tamén foi protagonista do ditame que se presentou no Comité de Rexións sobre o Fondo Europeo da Pesca —sobre o seu futuro, máis ben, que tanto interesa a Galicia—.

E no tempo que teño, por darlle un resumo —xa coñecido, por outra parte— do que alí fixo o presidente co presidente Tajani, direille que falou de asuntos concretos que interesaban moito a Galicia: o corredor atlántico de mercadorías e ese nó ferroviario que queremos facer en Ourense, que tamén interesa, por certo, a unha parte moi importante de Castela-León e que podería ser a porta de entrada e saída dos portos galegos de mercadorías cara a Europa e dende Europa; falamos tamén do avellentamento da poboación e da necesidade de que iso sexa un criterio á hora de obter fondos; falamos tamén do presente e, sobre todo, do futuro das axudas da PAC e tamén do impacto que pode ter o *brexit*.

E sobre o avellentamento demográfico —por dar algún detalle máis— está claro que durante toda esta década se discutiu en Europa das súas consecuencias, e agora xa é hora de falar das súas solucións. E diso estivo falando o presidente, entre outros temas que lle dixen, e creo que cunha boa acollida do presidente Tajani.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS EXUSTIZA (Rueda Valenzuela):** E a mostra é —e recalcámolo (...)—...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor vicepresidente.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** ...a súa presenza na comparecencia...,

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** ...cousa nada habitual (...).

Moitas grazas. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Réplica do señor Pazos.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Moitas grazas, vicepresidente.

O certo é que os galegos estamos acostumados a que nas viaxes do presidente se aborden cuestións relacionadas con temas de importancia para o conxunto do país. E por iso nos gustaría que na réplica, se é posible, nos informase de como se desenvolveu o resto desa viaxe.

Alégranos, iso si, saber que nesa reunión mantida co señor Tajani se analizaran cuestións centrais para Galicia, como o corredor atlántico de mercadorías, o *brexit*, as axudas da PAC ou o devalo demográfico que afecta a Europa, en xeral, e a Galicia, en particular.

Para nós é motivo de satisfacción saber que Europa coñece de primeira man cales son as expectativas dos galegos en relación coa Unión Europea. Porque Europa sempre foi sensible ás nosas necesidades e por iso entre os anos 1986 e o 2015 o PIB galego —considerado en paridade de poder de compra— reduciu en 18 puntos a diferenza coa Europa dos quince, os países máis avanzados da nosa contorna. E é por iso que queremos máis Europa. E é por iso que seguiremos a criticar a aqueles que pretenden substituír o modelo de liberdades da Unión Europea polo modelo autocrático bolivariano. É por iso que nos avergoña que representantes públicos do noso país, sexan eurodeputadas, sexan ex-presidentes do Goberno, colaboren no lavado de cara dun réxime ditatorial, lexitimando unhas eleccións—se mo permiten— aínda menos fiables que a consulta sobre o «chaletazo» do señor Iglesias e da señora Mo-

reno. A min a verdade é que non me estraña que algunha dirixente de Podemos se queixe da falta de garantías nos procesos de consulta, se coñecen de primeira man como son capaces de manipularlos, ¡claro que si!

Esta mesma mañá un deputado acusaba a este Grupo Popular de utilizar a ditadura venezolana como unha bala de prata. Tendo en conta que as balas de prata se utilizaban para acabar con vampiros e o lobishome, debo confesar que a metáfora me parece moi acaída. Pero nós, para evitar que nos chupen o sangue e para evitar que nos impoñan o medo, (*Risos.*) confiamos moito máis nas institucións democráticas que nos amuletos (...).

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Pazos.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

(*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

¡Silencio, por favor! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Fortes murmurios.*)

¡Non empecemos! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Teño un firme propósito neste pleno: non chamarlle a atención a ninguén por respecto a xa saben vostedes quen. (*Murmurios.*) Por tanto, pídolles, por favor, colaboración.

Teño ese propósito. ¡Vámolo cumprir! Polo menos pola miña parte.

Turno de peche desta pregunta.

Señor vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Moitas grazas, señor presidente.

Pois, seguindo coa visita do presidente a Bruxelas da semana pasada, estivo conmemorando —como lle dicía antes— os trinta anos da Fundación Galicia Europa, que é unha porta de entrada. E aproveito este foro, igual que intento aproveitalo sempre que teño ocasión en todas partes, para reivindicar a función fundamental que fai a Fundación Galicia Europa, que a fixo sempre. Bruxelas e a burocracia europea todos sabemos que son un mundo complicado e que necesita unha porta de entrada de expertos que saiban a onde hai que ir en cada momento e con quen hai que falar. E a Fundación Galicia Europa está á disposición non só do Goberno galego, non só dos grupos parlamentarios, senón tamén de calquera institución, calquera asociación, calquera colectivo galego que queira ir alí e utilizar os seus servizos. Polo tanto, era de xustiza conmemorar ese 30º aniversario. E así o fixo o presidente coa súa presenza.



Estivo, seguidamente, coa comisaria de Política Rexional, Corina Crețu. Unha visita importantísima porque non só aínda están en execución os fondos de cohesión deste período, senón que xa se está falando dos do período seguinte. En Europa sempre dicimos que as cousas se teñen que facer con tempo, e con tempo hai que pedir que Galicia siga tendo esa consideración de rexión onde os fondos europeos son absolutamente fundamentais. Con independencia de que, segundo os parámetros que se utilicen para medir o noso PIB, esteamos ou non esteamos nuns estadios ou noutros, necesitamos os fondos de cohesión e seguímolos necesitado. Necesitamos, ademais, que eses fondos de cohesión sigan tendo unhas características que beneficien a Galicia, como, por exemplo, que o envellecemento sexa un criterio determinante. Europa ten un problema demográfico, España e Galicia téñeno especialmente; e, polo tanto, isto non se pode ignorar á hora de que este criterio sexa determinante non só na cuantificación senón tamén na distribución e na asignación de fondos comunitarios. Iso foi o que lle foi contar o presidente da Xunta á comisaria Corina Crețu.

Falamos tamén do Fondo Social Europeo. Ten que seguir sendo un fondo de distribución, nos seus criterios e na súa execución, de marcado carácter rexional. En Galicia fai moita falta e, polo tanto, este carácter rexional ten que seguir manténdose, e así o trasladou o presidente da Xunta á comisaria Crețu.

E tamén invitamos a comisaria a que visite Galicia, a que coñeza de primeira mano que se está facendo cos fondos e o que queremos facer. E todo indica que esa visita pode ser posible, o cal ten o seu mérito tendo en conta que invitacións estou seguro de que non lle faltan en absoluto. E o seu criterio de selección seguro que vai en función do bo uso dos fondos e do futuro deses fondos á hora da súa utilización cando se asinen novamente. Polo tanto, se viñera aquí a comisaria Crețu —como parece ser que vai ser— sería unha boa noticia e, sobre todo, un bo sinal.

E, por último, o presidente tivo ocasión de, en nome de todas as rexións de Europa, defender o ditame sobre o futuro da pesca, no que o que dixemos é que o Fondo Europeo Marítimo da Pesca, o FEMP, segue sendo tamén absolutamente necesario para Galicia, igual que o resto dos fondos, se queremos seguir desenvolvendo as zonas marítimo-pesqueiras non eminentemente urbanas, que é ao que se dedica este fondo. E, ademais, ten que seguir sendo compatible co resto dos fondos aos que aspiramos a seguir sendo destinatarios e, se pode ser, a aumentar a súa contía.

Polo tanto, seguimos apostando por Europa. En Bruxelas hai que estar. E non é o mesmo ser...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** ...unha eurorrexión influínte e con presenza que non selo.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** E Galicia ten que estar aí.

Moitas grazas. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor vicepresidente.

Debátense agora, de acordo co Regulamento, dúas preguntas de xeito acumulado por referirse ao mesmo tema.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a valoración do Goberno galego respecto dos cambios previstos pola Dirección da CRTVG na programación da Radio Galega a partir do mes de setembro de 2018**

**Pregunta de D. Luis Villares Naveira e trece deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre a opinión do Goberno galego respecto das modificacións que se pretenden introducir na grella de programación da Radio Galega**

**O señor PRESIDENTE:** Comeza formulando a pregunta a señora Rodil, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Boa tarde, conselleiro. Como saberá, a dirección da CRTVG vén de anunciar que serán suprimidos os informativos locais da Radio Galega, roubándolle á veciñanza de todas as cidades deste país a posibilidade de informarse do que pasa, do que acontece, nos seus concellos a través da radio pública. E esta decisión de cargarse os informativos locais na Radio Galega —¡oh! ¡que casualidade!— tómase a un ano das eleccións municipais.

A televisión e a radio públicas cústanlles ás galegas e aos galegos 100 millóns de euros cada ano, que saen dos petos das traballadoras e dos traballadores deste país. ¿Quere explicarnos, señor conselleiro, señor Rueda, despois de pagar as galegas e os galegos 100 millóns de euros polos medios públicos, por que se pretende que teñan que ter acceso á información das súas localidades só sintonizando unha emisora privada?

A televisión e a radio públicas de Galiza constitúen un servizo fundamental e un dereito básico para a poboación do noso país, e a súa razón de ser é garantir unha información próxima, unha información plural, que poña o foco na realidade galega, que contribúa a normalizar a lingua propia e a promocionar e difundir a cultura do noso país.

Paradoxalmente, dentro desa reforma da programación da Radio Galega, tamén anunciaron que o *Diario Cultural* —programa histórico da Radio Galega— desaparece como espazo informativo propio.

Por todo iso, conselleiro, preguntámoslle, ¿cre o Goberno que estes cambios, e especialmente cre que a supresión dos informativos locais da Radio Galega é compatíbel coa obriga de servizo público que ten este medio, que —insisto— lles custa ás traballadoras e aos traballadores deste país 100 millóns de euros ao ano? (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodil.

Pregunta, agora, de dona Ángeles Cuña.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** Boa tarde, señor conselleiro.

Dixo Ana Romaní nun emotivo discurso: A cultura non é unha axenda de actos nin o reconto dunha oferta de espectáculos; ten que ver co enfoque, co lugar, coa forma, coa lectura, coa análise, coa reflexión, co horizonte que abre. Dixo Ezra Pound: a noticia está no poema, no que sucede no poema.

No inicio dos 28 anos de vida profesional dedicados ao programa *Diario Cultural*, Ana Romaní alimentaba co seu equipo facer un programa que fose orgullo das xentes da cultura, do país e da audiencia. Así é, ¡e vaia se o fixo! Ela e todo o seu equipo deron, están dando e esperamos que continúen dando o máis alto nivel profesional; unha audiencia fidelizada; portas e ventás abertas á creación, á crítica, hospitalarias coa escoita. Necesario para sentir que temos un espazo que nos nutre; comunicación plural, nidia; espazo de referencia, de encontro. Un programa que fose un proxecto colectivo, e así é; permeable ás distintas sensibilidades e discursos; que se fixese cargo, dende o rigor e as exixencias, da esforzada vitalidade da cultura galega.

Fíxonos partícipes, si, e esperamos que siga facéndonos, porque nós tampouco ficaremos caladas. Axudounos a ter clara a cartografía de onde estamos, sumando a paixón das creadoras e creadores, as moléculas de entusiasmo e a forza mesmo do desencanto.

Sentimos moita, moitísima inquietude do acoso e derribo dos espazos de reflexión, da vertixe. Non imos amuar, nos momentos de maior desprotección é máis necesario non condenar os ouvintes e espectadores ao ostracismo cultural. Un país ten sentido cando o seu relato se mantén no tempo. As representantes da cidadanía temos a obriga de estar á súa altura. A paciencia e a resistencia de creadoras e de creadores e da propia audiencia está a impedir que este país salte polos aires. O *Diario Cultural* é unha casa de convivencia e ten que seguir albergándonos.

Ana alimentou un proxecto colectivo, permeable, si. Sentimos orgullo. O respecto e a consideración foi sempre un deses motores. As marcas que vostedes van utilizar para dicir solapadamente que se vai expandir e diluír, é o mesmo idioma dos mercaderes. Se houbese máis políticas intelixentes e con criterio, non sería tan doado que se producisen catástrofes e atentados culturais. Cando a tele e a radio galega son unha conquista e son públicas —e como ben acaba de dicir a compañeira, pagámolas todas e todos—, non podemos permitir que un feixe de desaprensivos nolas secuestren.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Cuña. Grazas, terminou o seu tempo.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** Seguirei despois.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Resposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Moitas grazas, señor presidente.

Señoras deputadas, o Goberno sabe deses anuncios igual que saben todos vostedes e sabe a cidadanía en xeral a estas alturas, porque foron anunciados pola Compañía da Radio e Televisión de Galicia e polos profesionais que decidiron eses cambios na programación, porque aquí estamos falando de cambios na programación.

Vostedes, no texto das súas preguntas, falan de culturicidio —creo recordar—, falan de atentado contra a liberdade de expresión, falan de falla de sensibilidade, e do que estamos falando —e creo que é bo que se saiba para poñer as cousas no seu lugar— é dunha proposta que aínda non se ten materializado —por certo, é a partir do 1 de setembro— de cambio de programación na radio pública de Galicia decidida polos que teñen a competencia para facer eses cambios de programación.

Vostedes traen aquí o Goberno para preguntar máis ben. Nin sequera falan do que non lles está gustando, falan do que non lles vai gustar, por uns anuncios que fixo a radio pública de Galicia —insisto—, e pídeme que como membro do Goberno lles explique por que son estes cambios. Pero en realidade non queren esa explicación, o que queren é que o Goberno interveña nos medios públicos para decidir, en contra dos criterios dos profesionais, (*Murmurios*.) cal ten que ser a programación. ¡Iso é o que nos están pedindo!

Eu recordo que xa estiven aquí unha vez, por solicitude dun grupo parlamentario da oposición, para que o Goberno reprobara a un profesional da radio pública galega simplemente porque non lles gustaran as súas opinións. Pretendían que o Goberno o reprobara, o condenara publicamente, e xa non sei que máis cousas...

A resposta que lle din naquel momento vale tamén para agora: liberdade de expresión, respecto aos profesionais dos medios públicos de Galicia, que son os que deciden a programación. Non conten co Goberno galego para esa interferencia nos medios de comunicación. A compañía pública ten os seus propios medios de control, que, por certo, están basicamente radicados neste Parlamento; non é o Goberno quen ten que interferir, polo menos non este goberno. Este goberno considérase democrático. Se outros gobernos tiñan pensado facer iso, dígolles unha cousa: ¡que ben que vostedes non gobernen!

Moitas grazas. (*Aplausos*.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor vicepresidente.

Réplica, señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Vostede sabe perfectamente, aínda que queira facerse o *longui* aquí e agora, que os medios públicos deste país, alén do que xa dixen na primeira intervención, que están financiados no groso con 100 millóns de euros públicos que saen dos petos das traballadoras e dos traballadores deste país, dos orzamentos da Xunta de Galiza, están rexidos por unha lei, a 9/2011, polo tanto, teñen unha serie de obrigas, de obxectivos, como relataba tamén na miña primeira intervención. E por iso é polo que o BNG lle está preguntando hoxe aquí.

Repítolle outra vez a pregunta, señor Rueda: ¿Parécelle que as reformas que se pretenden introducir na programación —nomeadamente a supresión, que se carguen os programas de información local— atenden aos criterios que rexen nesa Lei 9/2011 os medios públicos deste país?

E a pesar desta retórica que ten vostede aquí e agora, ¿sabe que está detrás da intencionalidade —¡oh casualidade!, a un ano das eleccións municipais— de cargarse a única fiestra de información directamente local? Precisamente a intención de ocultar a existencia de gobernos que non son do Partido Popular. Esa é a explicación que hai detrás da supresión dos servizos informativos locais, a supresión das desconexións locais.

Volvo repetirlo de novo e pídlle, por favor, se pode, que se centre algo máis na súa segunda intervención, señor Rueda. Hai uns obxectivos, hai un mandato e unha obriga legal de cumprir como servizo público e, polo tanto, atender á información de proximidade. Repítollo outra vez: ¿cre que suprimir os informativos locais, pechar a única fiestra que teñen a veciñanza das cidades do noso país, de todas as cidades do noso país, de ter unha información local de proximidade, atende aos criterios de servizo público que deben rexer os medios —e insisto— financiados polo conxunto da poboación deste país, polas traballadoras e os traballadores, con 100 millóns de euros cada ano? (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodil.

Réplica, señora Cuña.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** Ben, estamos totalmente en contra da supresión do *Diario cultural* e das desconexións locais. Estamos vivindo un tratamento mesquiño e subalterno da cultura. Nós cuestionamos a liña de programación, naturalmente, con todo o dereito do mundo, e vostede desvíaa cínicamente cara a un tema de liberdade de expresión. Están sometendo a cultura á minoración e ao mercado. Están atacando frontalmente a lei. A Radio Galega cada vez é menos galega, non foi creada para traducir axendas e contidos das cadeas estatais. Non imos ficar calados, insisto. Ese é o nome dun manifesto que está xa asinado por moitísima xente da cultura e, seguramente, por moitísima cidadanía. Os medios públicos son patrimonio de toda a cidadanía. Ningunha dirección é propietaria, neste caso, do *Diario cultural*. É claramente unha medida, unha manobra, sen precedentes para controlar a información, para servir os intereses a poucos meses das eleccións. Os medios públicos deben ser plurais, os medios públicos deben ser transparentes, e cando vostede fala do programa do señor Luis Ojea, xa que volve sacar o tema, permítame dicirlle que o modelo do ABC xa o ten a liña privada do ABC, e se Luis Ojea representa esa liña e vostedes é o que queren potenciar, está claro nun programa que existe todos os días.

Negociemos, modifiquemos, sen tacticismos, sen xogos tramposos. Quen non teme a realidade do poleiro, sabe que tamén pode ser paraíso do gran teatro do mundo, pode ser flexible para evitar que este espazo, necesario como a auga, desapareza. É función da oposición, e debera ser función do Goberno, que os medios públicos...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** ...sexan realmente de todas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Cuña.

Turno de peche destas preguntas, señor vicepresidente e conselleiro de Presidencia e Administracións Públicas.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Grazas, señor presidente.

Señora Rodil e señora Cuña, vostedes dinme que a razón da súa pregunta e de traer aquí o Goberno é que os medios públicos deben ser transparentes, deben ser plurais. E despois din —ou iso entendín eu, pero entendino porque o dixeron claramente— que a lei que regula a Compañía de Radio e Televisión de Galicia o que di é que o control do Goberno debe exercerse sempre que non lle guste unha programación, ou, neste caso, non lles guste aos grupos da oposición, e o que hai que facer é intervir desde o Goberno e dicir: ese cambio non se pode facer porque non nos gusta, porque non estamos de acordo, porque cremos... E claro, cando un lle ve un nesgo político a todo... Ás veces era un pouco difícil de entender, porque oía, señora Rodil, non desaparece a información local, o que se fai é unha reformulación, diríxese a outro espazo (*Murmurios.*) e dáselle máis amplitude aínda a esa información local que se fai. O que pasa é que vostede pensa que lle pode prexudicar politicamente.

Claro, cando os medios públicos —na súa concepción— son simplemente un instrumento para tirar rédito político, se ve que ese cambio non lles vai beneficiar —vostede saberá por que—, é cando di que o Goberno interveña para que o rédito político que eu estou sacando se manteña. Pero é que os medios públicos non están para iso, e o Goberno non está para iso. Vólvolle dicir que aquí, no Parlamento, onde reside a soberanía do pobo galego, é onde se teñen que facer eses mecanismos de control. ¡Non conte co Goberno para iso!

Igual que, señora Cuña, en canto ao *Diario cultural*, aquí non se está discutindo nin a súa calidade nin a súa utilidade nin a súa vixencia no momento actual, ata que os que fan a programación na radio e na compañía de Radio Televisión Pública de Galicia, na Radio Galega concretamente, decidiron cambiar o formato. Vostede sabe que agora se amplía incluso a minutaxe diaria, que se leva a unhas edicións e conexións en directo na fin de semana; outra cousa é que a vostede non lle guste. Pero tamén vostede estará de acordo en que os profesionais... ¡Un respecto para os profesionais! Igual que eu o pedía para o señor Ojea, vexo que vostede volve outra vez a discutir incluso o seu dereito a publicar a súa opinión nun medio porque non lle gusta tampouco ese medio, polo tanto, tampouco se pode... Entón hai que ir a por el e traer a pregunta ao Parlamento. Volve outra vez ao mesmo, a cometer o mesmo erro. Iso trasládalo outra vez aos cri-

terios que teñen que ter os programadores profesionais da Radio e Televisión Pública de Galicia para decidir a programación. Claro, se non lles vale para os intereses políticos porque pensan que nas municipais hai que ter intereses, hai que dicirlle ao Goberno que dea a orde para que o cambie. ¡Non conten con nós para iso! Hai mecanismos de control que non son o Goberno, nos medios públicos. A lei non di que o Goberno ten que intervir cando non lle gusta unha programación, e moito menos cando non lle gusta á oposición. Nin nun caso nin noutro.

Mire: *Los medios de comunicación tienen que tener mecanismos de control público. ¿Está vostede de acordo? Nós non. Vostede supoño que si porque isto dío o señor que está de actualidade por outras cousas, agora por unhas compras hipotecarias que fixo, pero cando dicía isto tiña que estar de actualidade. Si el Gobierno depende de ti, tienes que exigir un número de horas. (Murmurios.) Nos medios públicos estamos falando. Eso vale más que la Consejería de Turismo. (Murmurios.) Para ti la Consejería de Turismo, a nosotros danos los telediarios. Señora Cuña, señora Rodil, Pablo Iglesias dixit. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) ¡Menos mal —insisto, por moitas razóns— que vostedes non gobernan!*

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor vicepresidente.

Continuamos... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Silencio, por favor.

**Pregunta de D. Marcos Cal Ogando e D. Antón Sánchez García, do G. P. de En Marea, sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia, na defensa do dereito á vivenda, para afrontar a burbulla do alugamento**

**O señor PRESIDENTE:** Cando queira.

**O señor CAL OGANDO:** Grazas, presidente.

Boa tarde, señora conselleira.

Onte 3 quilómetros de retencións en Rande e as barreiras baixadas. Non teñen vostedes ningunha credibilidade, señora conselleira.

O dereito á vivenda afronta unha nova ameaza no territorio galego: a burbulla do alugamento. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Faille gracia a vostede!

Arrendar un piso é cada día máis caro e exíxelle maiores sacrificios á cidadanía, cun poder adquisitivo menor. Prezos de alugueiros máis altos e cidadanía máis precaria.

Un recente informe da OCDE sinala que Galicia ten das vivendas máis caras de todos os países desenvolvidos en relación cos salarios existentes. Os prezos soben, mentres a capacidade adquisitiva da xente ten minguado. Datos que dan boa conta disto din que case o 30 % das galegas están en risco de exclusión ou en situación de pobreza, ou que 300.000 asalariadas cobran menos do salario mínimo interprofesional.

Debido ás políticas aplicadas polo Partido Popular nos últimos anos, o drama dos desafiu- zamentos e a imposibilidade de miles de galegas de acceder a unha vivenda digna, lonxe de solventarse, volve asomar a cabeza como problema de primeiro nivel.

Podo falar máis alto, presidente, pero preferiría que non estiveran murmurando por aí.

Tanto a lexislación como os orzamentos son insuficientes para afrontar con éxito a solución a este problema se non hai un cambio drástico nas políticas da Administración. Incremen- táronse os desafiu- zamentos en 2017 un 4,6 %, ata chegar aos 2.493. A tendencia é clara e precisa dunha intervención urxente por parte da Administración para defender este dereito; unha administración que vén aplicando en materia de vivenda políticas de desafiu- zamento e de especulación.

Dende que chegou ao Goberno galego o seu goberno do Partido Popular no 2009, reduciron nun 90 % o investimento en promoción de vivenda pública, partida clave para a contención dos prezos e para asegurar o dereito á vivenda das que menos teñen.

A partidas adicadas a facilitar o acceso a unha vivenda digna son ridículas, e a maioría prac- ticamente non se executan. Rehabilita, a gran aposta do Partido Popular nas súas políticas de vivenda, tan só se executou nun 15 %.

Mentres na maioría dos países europeos o parque de vivenda pública supera o 10 % do total, en Galicia está por debaixo do 1 %. Tan só 3.500 vivendas do total son promoción da Xunta de Ga- licia, cunha lista de agarda de 10.100 persoas que cumpren cos requisitos para acceder a elas.

Mentres que nalgúns países europeos se adican orzamentos próximos ao 2 % a políticas de vivenda, en Galicia a cifra baixa do 0,1 %. Cómpre recordar que estamos a falar dun dereito fundamental contemplado na Constitución española, esa que se saca e se agocha en función do interese do Partido Popular. Dío a Carta de dereitos humanos, ratificada polo Estado es- pañol, e dino as directivas europeas e as normativas de todos os países da nosa contorna. Un dereito fundamental e unha obriga que a Xunta de Galicia ignorou tamén hai uns días, cando desaloxou dunha vivenda de protección oficial en réxime de alugamento, titularidade do IGVS, en Santiago de Compostela, unha unidade de convivencia composta por tres per- soas, sen terlle conseguido alternativa habitacional, tendo coñecemento a través do Concello de Santiago das dificultades de convivencia da familia...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Cal.

**O señor CAL OGANDO:** ...da falta de habitabilidade desa vivenda dende hai ano e medio.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Terminou o seu tempo.

**O señor CAL OGANDO:** Formúlolle a pregunta, e na miña réplica gustaríame que houbera un pouco máis de silencio, señor presidente.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)



**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

**A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle):** Presidente.

Eu, señor Cal, voulle contestar á pregunta, especialmente á que me formulaba por escrito, que era a máis relacionada co alugamento. Vexo agora que fai un remix de moitas cousas.

En calquera caso, eu alégrome de que me faga esta pregunta, que xa lle formulou tamén ao director de Vivenda no mes de marzo, para aclarar sobre todo algún concepto e tamén algún dato.

En primeiro lugar, como saben todos, o mercado de alugamento é libre. A Xunta ten capacidade para regular o prezo do alugueiro en vivendas protexidas, e así o está a facer, non en calquera tipo de vivenda. Non sei que pensa vostede que pode facer a Xunta de Galicia. ¿Que pode facer a Xunta de Galicia? O que está facendo. E o que está facendo a pesar das trabas, a pesar das reticencias, de concellos —sábeo moi ben vostede— compañeiros do partido seu, como o Concello da Coruña e o Concello de Santiago. Teño que dicilo porque o certo é que é así.

Dende o Goberno galego estamos a impulsar políticas públicas en materia de vivenda para dar facilidade ao acceso á vivenda: o bono alugueiro social ou o Programa de vivendas baleiras. Logo, se quere, profundamos máis sobre o Programa de vivendas baleiras. As vivendas cedidas polas entidades financeiras, incrementando o parque público de vivendas da Xunta de Galicia. As novas axudas do Plan estatal de vivenda que estamos a poñer en marcha... Polo tanto, non estamos de brazos cruzados, estamos traballando para incrementar as facilidades e para mellorar o acceso á vivenda na comunidade autónoma de Galicia.

En canto aos datos que menciona, polo menos na pregunta que ten escrita, eu creo que —como toda serie histórica que se analice— debe ter unha serie cun período longo, non períodos, ao mellor, dun mes. Polo tanto, as series históricas hai que avalialas cun tempo longo e nun contexto global. E non é certo que de forma xeneralizada estean incrementándose os alugueiros.

Compartirá comigo algo que é moi sinxelo. Non é o mesmo que suba un prezo cando o prezo está moi alto, que que o faga cando o prezo acaba de baixar durante moitos anos consecutivos e está máis baixo. Un máis dous, igual a tres, quero dicir. É algo sinxelo de entender.

Falando de datos do Observatorio da Vivenda, do Ministerio de Fomento, con base en contratos reais, polo tanto, datos reais, no terceiro trimestre de 2017 os alugueiros foron bastante inferiores aos do ano 2007, polo tanto, dez anos atrás. Terceiro trimestre do 2017, por exemplo, en Vigo.

Estou trasladando, polo tanto, datos de contratos reais. Un 9,9 inferior ao de dez anos antes. Ferrol, 16 % menos en 2017 que en 2007. Polo tanto, eu aconséllolle series históricas longas, como debe ser.

Podo falar tamén de fianzas como as que ten o IGVS nas grandes cidades galegas. Nos tres anos anteriores, baixou o alugueiro comparado co ano 2017. Eu insisto...,

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Ten outro turno despois, conselleira. Grazas.

Réplica, señor Cal.

**O señor CAL OGANDO:** Grazas, presidente.

Pídlle un pouquiño máis de seriedade. Vostede non pode empezar a súa intervención dicindo que o mercado de alugueiro é libre e que que queremos que faga. A Xunta de Galicia ten a competencia en vivenda, e o dereito a unha vivenda digna é un dereito fundamental contemplado na Constitución española e na Carta de dereitos humanos. ¿Como que que queremos que faga? ¡Que cumpra coa súa obriga! ¡É o que queremos que faga! Que aplique normativas e políticas que faciliten e que fagan que o dereito á vivenda estea garantido en Galicia. É o que queremos e o que se agarda de vostede como conselleira de Vivenda. Polo tanto, non me veña con estas historias de que queremos que fagan. Que fagan o seu traballo, señora conselleira, iso é o que queremos que faga.

Os datos son claros, non houbo pola súa parte ningunha autocrítica, ningún recoñecemento do drama que supoñen os desafiuzamentos, ningunha proposta para camiñar e para poder mudar esta situación. Coas súas políticas, nos últimos anos están subindo os prezos do alugueiro, e é unha tendencia clara. Subiron un 4,6 % os desafiuzamentos, están subindo os alugueiros. A OCDE sinala que Galicia ten as vivendas máis caras con relación aos seus salarios, e non o di tan só En Marea. Os salarios da xente que estaba traballando en 2008 reducíronse nun 8 %, e os da xente que perdeu o seu traballo durante a crise e o recuperou agora, nun 20 %. E o nivel adquisitivo dos pensionistas e as pensionistas tamén se recortou, e os prezos dos alugueiros soben.

A tendencia é clara, señora conselleira, temos 300.000 traballadoras que cobran menos do salario mínimo profesional. O paro e os contratos precarios son a norma coas súas reformas laborais, coas súas políticas de recortes. No Estado español está unha de cada tres vivendas baleiras de toda Europa; en Galicia 300.000, e vostedes non están aplicando ningunha política para mobilizar ese parque de vivendas. Temos tan só 3.500 vivendas de promoción da Xunta e a máis de 10.000 persoas en lista de agarda.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Cal.

**O señor CAL OGANDO:** Diga os datos de cantas vivendas fixeron e canta xente accedeu ás súas políticas... *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Terminou o tempo. Grazas.

Peche da pregunta, conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

**A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle):** Grazas, presidente.

Señor Cal, nós estamos traballando para garantir o dereito á vivenda, pero, como sabe, non só ten competencias a Xunta de Galicia, é un tema colectivo de moitas administracións. Os concellos onde gobernan tamén poderían traballar en vez de facer o contrario de garantir o dereito á vivenda, poñendo trabas e impedindo que impulsemos vivenda pública. *(Aplausos.)*

En calquera caso, eu estoulle dando datos de contratos reais de alugueiro. Vostede trae aquí datos de web de inmobiliarias. Pero, en calquera caso, se hai que tirar de datos de web inmobiliarias, tamén pode vostede ver que os contratos de alugamento dende o ano 2008 ata o ano 2017 descenderon un 25 %. Polo tanto, sáqueme tamén datos das web inmobiliarias e revise estes datos que trae vostede.

Falando de vivenda —insisto—, estamos a traballar para facer vivenda protexida en Galicia. ¿Que pasa en Vigo? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* En Navia temos un concello que nos está impedindo desenvolver 1.600 vivendas protexidas. En Coruña, o Ofimático. Señor Cal, ¡por favor!, o Concello incumprindo máis dun ano o cronograma pactado e acordado entre todos. Polo tanto, o Concello de Coruña impedindo que poidamos desenvolver un proxecto estratéxico de 1.100 vivendas protexidas.

Outro exemplo máis. Por certo, Santiago ten solo da súa propiedade para desenvolver —insisto en que é un tema colectivo, tócame a intervención a min agora— e non fai nada por conseguir que promotores cooperativistas desenvolvan as súas vivendas.

¿Cal é a súa política de vivenda? Reclamar aos demais sen facer nada vostedes. Esa é a política de vivenda. E temos moitos exemplos da súa política de vivenda, por suposto que si. ¿Verdade que temos moitos exemplos? Comprar inmobles afíns sen o criterio que corresponde, sen criterios específicos.

E non falemos do caso Plon, dos líderes das Mareas de Podemos, *(Aplausos.)* que é a vivenda que poñen vostedes de moda. *(Interrupcións.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Exemplos para garantir o dereito á vivenda digna en Galicia?

**O señor PRESIDENTE: Silencio.**

**A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle):** As medidas da Xunta de Galicia, señor Cal. Bono alugueiro social; 350 bonos, 2 millóns de euros. Por certo, quen non executa as partidas de vivenda pode preguntar ao Concello de Santiago e pode preguntar ao Concello da Coruña...

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor, señor Cal.

Señor Cal, xa formulou vostede a pregunta.

**A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle):** O Plan estatal de vivenda, axudas para o alugueiro a mozos; 10 millóns de euros para programa de fomento etc., Programa de vivendas baleiras... Pregúntelle ao alcalde da Coruña por que rexeita o Programa de vivendas baleiras da Xunta de Galicia; por que mobiliza vivenda social

cun alugueiro limitado. ¿Por que impide que o fagamos? E tamén ao Concello de Vigo, que non quere. O Concello de Santiago asina, crítica que poñamos o límite en 350, pero logo saca un programa co límite en 625 euros mensuais, ¿que lle parece a vostede?

Polo tanto..., consellos vendo pero para min non teño. Menos falar e máis traballar. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora conselleira.

**Pregunta de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a valoración do Goberno galego respecto da inauguración o día 30 de decembro de 2017 das obras de ampliación da ponte de Rande, antes de que estivesen rematadas**

**O señor BARÁ TORRES:** Grazas, presidente.

Señora conselleira, preguntámoslle de novo polas obras na ponte de Rande e tamén polos atascos continuos e reiterados que, como sabe, se producen como consecuencia destas obras.

Sei que lle incomoda a pregunta, xa dixo outras veces que non era un asunto da súa competencia, aínda que teñen unha comisión bilateral de seguimento diario, pero vostede di que non é da súa competencia.

Mire, eu sei que a vostede lle incomoda, pero a quen verdadeiramente lle incomoda é ás 50.000 persoas que teñen que pasar todos os días por Rande (*Aplausos.*) e pasar por ese suplicio, por ese pesadelo, dos atascos continuados. Unha situación, ademais, que leva xa máis de dous anos e medio e que cada vez é máis grave.

Se isto fose unha serie de televisión, sería unha serie medio de suspense, de terror e tamén de piratas, porque nesta serie tamén hai piratas; os piratas que veñen roubar o tesouro de Rande, como sabe, ¿non?

E se tiveramos que poñer un título, sería Atrapados en Rande, ou mellor aínda, atracados en Rande, porque isto é realmente un auténtico atraco, pois por riba de pasar polos atascos, polas retencións, polos atrasos de tempo, aínda temos que pagar unhas peaxes auténticamente abusivas, e a empresa recada máis de 50 millóns de euros todos os anos da peaxe entre Pontevedra e Vigo, ¡un auténtico escándalo! E todo isto coa complicitade, coa complicidade e coa pasividade do Goberno da Xunta e do Goberno do Estado do Partido Popular. Porque, reiteradamente, vostedes opuxéronse aquí a aprobar medidas propostas polo BNG, por exemplo, para o levantamento das barreiras con retencións de máis de un quilómetro e tamén para que se abra un expediente sancionador á concesionaria polo mal servizo que presta. Vostedes votaron en contra destas medidas e agora parece que queren dicir non sei que outra cousa.

Estamos a falar dun auténtico atraco, dunha estafa. Por certo, un atraco e unha estafa que deu lugar xa —hoxe soubémolo— á intervención da Fiscalía. A Fiscalía vai investigar, esperemos que tome medidas serias, os atascos de Rande. E ademais dunha estafa é tamén unha burla, unha falta de respecto e un auténtico desprezo, empezando por esa auténtica

inauguración vergoñenta, esa inauguración de mentira do 30 de decembro coas obras sen rematar. Cinco meses despois estamos sufrindo esas obras interminables.

Isto deu lugar, desde logo, a unha resposta de indignación e de clamor. E o que lle queremos preguntar, señora conselleira, é que ten que pasar para que tomen medidas. ¿Que fai falta que pase? ¿En que condicións pensan levantar as barreiras? Exiximos unha vez máis, señora conselleira, que lle planten cara a Audasa; que defendan os intereses deste país e das persoas usuarias; que deixen de poñer excusas; que actúen con contundencia e non con compracencia; que exixan responsabilidades e que exixan, sobre todo, solucións para acabar con este pesadelo das obras de Rande.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

**A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle):** Grazas, presidente.

Señor Bará, por suposto que non me incomoda, pero reconeza vostede que non é competencia da Xunta de Galicia. Eu alégrome de estar aquí contestando dentro do que non son as nosas competencias. E dende logo que non me incomoda e non teño maior problema en responder a esta cuestión que me plantexa vostede sobre Rande, da que xa temos falado aquí.

Recoñecerá vostede que o que está a acreditar —sempre me pregunta por temas do Estado— é avalar a boa xestión da Consellería de Infraestruturas —teño que volver a dicilo— e, dende logo, da Xunta de Galicia nas nosas competencias.

Teñen un afán tremendo en falar de temas do ministerio. Iso será como consecuencia de que vostedes non teñen representación no Congreso e teñen que utilizar este Parlamento. Teño que dicilo porque é certo, e espero que non lle incomode a vostede.

En calquera caso, eu vou ser moi clara: os usuarios da AP-9, os que utilizamos a AP-9, temos todo o dereito a ter un servizo de calidade, e o contrario non é admisible. Polo tanto, iso é moi claro e xa llelo temos trasladado ao Ministerio de Fomento e a Audasa, e dende logo personalmente, por suposto que si. Témosllo demandado ao Ministerio de Fomento insistindo en que teñen que acabarse canto antes estas molestias, en que teñen que acabarse canto antes estas obras. Temos insistido e teñen tomado nota dende o Ministerio de Fomento, trasladando que os traballos de afección ao tráfico acabarán o próximo día 31 de maio, polo tanto, practicamente dentro dunha semana, por iso eu creo que xa chega un pouco tarde vostede.

Todos estamos de acordo en que a ampliación de Rande é unha actuación moi complexa. É a primeira ponte atirantada que se amplía no mundo, e sen cortar o tráfico. Isto hai que recoñecelo. Dende logo, é unha certeza da enxeñería civil. En calquera caso, vimos reclamando celeridade, vimos reclamando que os usuarios non poden ter esas molestias e poñendo o

acento na calidade do servizo da AP-9. A circunstancias excepcionais, medidas excepcionais. Témolos reiterados e pedidos nos foros onde corresponde.

As obras que se están realizando a día de hoxe xa estaban anunciadas antes do 30 de decembro, señor Bará; vostede ben o sabe. As obras que se fixeron e que remataron o 30 de decembro —se non o sabe dígollos eu por quinta vez, supoño— son de ampliación. Carrís exteriores que se precisaban para facer a actuación na ponte vella, para incrementar a vida útil, porque vostede comprenderá que se os atascos agora lle parece que non son asumibles, ¡imaxine vostede cos carrís exteriores pechados! Entón non sabía de que estabamos falando. Ao mellor era o que quería vostede: o colapso total.

Os dous carrís laterais era preciso que estiveran abertos ao tráfico, e eu insisto, reclamando axilidade nos traballos, reclamando esforzos para minimizar e que se eviten esas molestias. E calidade no servizo, dende logo, para todos os usuarios da AP-9.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora conselleira.

Réplica, señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Di vostede que non é un asunto da súa competencia. Xa lle dixen unha vez que é un asunto da súa incompetencia, ¡da súa incompetencia! (*Aplausos.*) Porque di vostede que levan semanas e meses pedíndolle medidas ao Ministerio de Fomento e non se tomou nin unha soa medida. Polo tanto, da súa incompetencia.

O BNG leva meses e anos traendo aquí este tema dende que se iniciaron as obras, e nesta lexislatura en varias ocasións. E con vostedes votando en contra das medidas que propuxemos. O que lamentamos é o papel que está desenvolvendo o Partido Popular, de complicidade, de xustificación, de defensa dos intereses da concesionaria, de Audasa e do capital corsario. E por se non estaba claro, deixouno claro o outro día a nota do Ministerio de Fomento despois desa reunión á que vostedes nin sequera foron convocados. ¡Fíxese que ninguneo! Teñen unha comisión de seguimento e non os convocaron. Deixouno claro o señor portavoz do Partido Popular, o señor Fernández Prado, que dicía: «Ás veces dependen dunha camiseta ou outra», cando lle preguntaban pola transferencia da AP-9. Hai que ter en conta que é necesario defender os intereses xerais.

¿Que pasa aquí? Que vostedes levan a camiseta do Ministerio de Fomento e a camiseta de Audasa, e nós pedímoslles que poñan a camiseta dos intereses do noso país, a camiseta das persoas usuarias, señora conselleira.

Tal e como están as cousas, nós imos facer unha proposta aquí, no Parlamento. Imos propoñer que se lle cambie de nome á ponte de Rande, que se chame «ponte do morrazo» polo gran morro, polo extraordinario morrazo que lle bota o Partido Popular, a Xunta e o Ministerio de Fomento ás obras da ponte de Rande. (*Aplausos.*) Polo morrazo, polo gran morro co que insultan, aldraxan e estafan día a día ás máis de 50.000 persoas que pasan pola ponte

do Morrazo. Polo gran morro co que desprezan os gobernos municipais, que nin sequera se reúnen con eles e que lles plantan as reunións. Polo morrazo do señor Íñigo de la Senra, do señor Rajoy e tamén das súas declaracións, e do señor Feijóo, señora conselleira, ¡xa está ben! Xa estamos fartos de aturar estes abusos e esta estafa; da súa complicitade, da súa incompetencia. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.

Peche, conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

**A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle):** Grazas, señor presidente.

Vostedes só buscan titulares, e o certo é que os do Morrazo son os que utilizan a ponte de Rande de xeito gratuíto, pagando o ministro de Fomento, grazas a esta Xunta de Galicia incompetente para vostedes e competente para moita xente, que foi a que conseguiu eliminar 400 millóns de euros que deixaron vostedes con «*el partido blindado*». *(Aplausos.)* E o Consello de Estado fala de enriquecemento inxusto a Audasa. *(Murmurios.)* Si, si que é así; si que é así. En calquera caso, traballo constante e preocupación constante.

Señor Bará, o BNG volve chegar tarde, ¡volve chegar tarde! Chegaron tarde cando falaban de coordinación entre Rande e O Morrazo. Menos mal que a Xunta de Galicia xa se anticipou hai tempo —esa Xunta de Galicia que para vostede, por titulares, é incompetente—, moito antes de que chegase vostede tarde, para conseguir que os usuarios do Morrazo poidan utilizar indistintamente os carrís exteriores e o tronco. Iso foi grazas á anticipación da Xunta de Galicia, porque o BNG chegou tarde. E volve chegar tarde con isto, e non sabe como remediar que vostedes cheguen tarde.

En calquera caso, iniciativa da Xunta de Galicia para modificación da ponte, co fin de permitir mellor servizo aos usuarios do Morrazo. Puxemos en servizo os 7 quilómetros o pasado día 11. Avisamos con antelación ao Ministerio de Fomento de que se ía abrir o Morrazo o día 11, por iso solicitamos insistentemente que se adoptaran medidas e máxima dilixencia para resolver esas situacións excepcionais.

Dende o Ministerio de Fomento tomaron nota. Puxeron un dispositivo especial; dende o 16 ao 21 de maio abríronse 5 carrís en vez de 6, non sei se o sabe vostede. Volvo insistir en que os usuarios da AP-9 merecen un servizo de calidade, e outra cousa, dende logo, non é admisible. Dende o domingo pola mañá estiveron abertos os 6 carrís. E medidas adicionais, señor Bará. Para medidas excepcionais tamén se abriu a porta á posibilidade de levantamento das barreiras. E puxeron data para a fin das obras que afectan ao tráfico: o próximo 30 de maio.

Polo tanto, o Ministerio de Fomento tomou nota da insistencia da Xunta de Galicia. E volvo insistir en que os usuarios da AP-9 teñen dereito a un servizo de calidade, e o contrario non é admisible. pero volvo dicir que chega tarde vostede, non sabe como remediar que cheguen sempre tarde. En calquera caso, eu podo dicirlle que representantes do BNG si confían en que acaben os prazos o próximo 31 de maio —que xa coñecía vostede de antemán, por iso

trae isto vostede tarde —, e tamén alcaldes do BNG recoñecen e poñen como exemplo o traballo da Xunta de Galicia na autovía do Morrazo, leal, colaboración, coordinación... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Un alcalde do BNG. ¡por favor! ¡Tiren de hemeroteca! Un alcalde do BNG foi quen o dixo.

Pola miña parte nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora conselleira.

**Pregunta de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego respecto do inicio da segunda fase da conversión do aeródromo de Rozas nun centro tecnolóxico e industrial de avións non tripulados, así como as solucións elixidas para as licitacións de mellora dos servizos públicos**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra o señor Tellado.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** Grazas, señor presidente.

O pasado 11 de maio tivemos ocasión de visitar o aeródromo de Rozas para coñecer de primeira man o proxecto do polo tecnolóxico de avións non tripulados. Foi unha visita, temos que dicilo, certamente interesante. Puidemos coñecer un proxecto que se está a converter en realidade e que está a supor unha gran oportunidade de futuro para toda a provincia de Lugo e para o desenvolvemento dun sector industrial de enorme valor engadido, no que Galicia xa está posicionada.

Neste asunto, como noutros moitos, as Mareas de Podemos teñen un discurso moi contradictorio. Puidemos comprobalo alí mesmo. Hai uns anos, Podemos dicía que os políticos non podían vivir en chalés, que iso era casta. A semana pasada descubriron que cadaquén pode vivir onde lle pete se é capaz de pagar a hipoteca. ¡Todo un avance! É a filosofía de «fai o que eu digo, non o que eu fago», e é aplicar aquilo que dicían moito os señores das Mareas de Podemos, de: «*ni gente sin casa, ni casa sin gente*», e decidiron empezar a aplicalo por eles mesmos, por Pablo e Irene.

Hai uns meses, as Mareas de Podemos negáronse neste mesmo Parlamento a condenar os *escraches* de políticos, cando aínda dicían que era *jarabe democrático*. E esta semana, cando os que se sentiron acosados foron eles, escandalizáronse e dixeron que o acoso a políticos é inaceptable (*Murmurios.*) (*Protestas.*) Foi, dende logo, todo un avance.

Do mesmo xeito, hai uns anos as Mareas de Podemos, cando aínda se chamaban AGE, pedíanos paralizar o proxecto do aeródromo de Rozas argumentando que queriamos montar unha base da OTAN e acusándonos de pouco menos que querer bombardear civís en Lugo. Iso era o que dicían dende esas filas, *maniobras secretas de la OTAN en Castro de Rei*, descubertas pola sagacidade política das Mareas de Podemos. (*Aplausos.*)

O certo é que esta semana vimos un novo avance, e dende as Mareas de Podemos, ou de Puidimos ou como se chamen, agora xa non están en contra de Rozas, senón que están a favor, e o que reclaman é celeridade e que se garanta o cumprimento do emprego.



¡Eu alégrome de que As Mareas de Podemos abracen por fin os principios liberais (*Risos.*) de respecto á propiedade privada, de respecto á intimidade e de volver á vida persoal en paz e sen ser acosados por ninguén! (*Murmurios.*) Eu agradezo que abracen os principios liberais, e tamén me alegro de que As Mareas de Podemos abracen proxectos que traen prosperidade, futuro e desenvolvemento económico para o proxecto de Rozas. Esta vez corrixen e acertan, eu creo que está moi ben.

Son as súas propias contradicións, vémolas todos os días. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Eu agardo que nestas contradicións non lles teñan que romper a vostedes os espellos retrovisores para cambiar de opinión sobre ese asunto.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Tellado, rematou o seu tempo.

Terminou o seu tempo, señor Tellado. Grazas. Non, non, terminou o seu tempo. (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Silencio. Non, perdón, ao acabar a pregunta. Non, non, non. Silencio. ¡Silencio! ¡Tranquilidade! Primeiro imos substanciar a pregunta e despois vostede... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Non, non, non. Perdón. Perdón porque suspendo o pleno. Non, non, non. Imos controlarnos todos e, se non, suspendo o pleno. Non, non ten vostede o uso da palabra. De momento imos substanciar a pregunta e despois vostede, como portavoz, poderá pedir a palabra e eu valorarei se lla darei. ¡Silencio! (*Murmurios.*) Señores, señores, estamos no Parlamento. (*Protestas.*) Non, non.

Perdón, señora Santos, non vou discutir este tema. (*A señora Santos Queiruga pronuncia palabras que non se perciben.*) Non, non, silencio. Non quero chamar á orde a ninguén; non a vou chamar á orde hoxe. Non, porque non quero. Silencio. Silencio. Teño outros motivos para non chamala á orde. Imos substanciar a pregunta e despois vostede poderá formular cal é a cuestión. Silencio.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

Non é bo enfangarse neses asuntos. Non convén nin aquí nin aquí. Non convén nin aquí, nin aquí. Non se enfanguen, por favor.

Silencio, silencio. Señor Villares, despois vostede poderá formular... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non. Silencio, señora Santos. ¡Silencio!

Señor conselleiro, resposta.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Tellado, agradézolle a oportunidade de centrar o debate desta tarde na política (*Murmurios.*) industrial do Goberno, e, polo tanto, nese sentido é unha política que vai orientada á creación de emprego de calidade e, sobre todo, para posicionar a Galicia non só no eido industrial,

senón nomeadamente en sectores estratéxicos e en novos sectores emerxentes, como neste caso é o sector aeroespacial, que está creando novas oportunidades, e neste caso o Goberno galego estea intentando compaxinar a aposta pola industria, a aposta por un sector emerxente e tamén a aposta, neste caso, polo desenvolvemento de dúas provincias en concreto, que son Lugo e Ourense, dúas provincias do interior que están vinculadas a este proxecto.

A realidade de Rozas é que non son palabras, senón que son feitos, iso é o verdadeiramente importante nestes momentos. En Galicia están traballando 185 empresas autorizadas pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea. Estanse desenvolvendo empregos vinculados a este proxecto, preto dos douscentos. Hai vinte iniciativas de I+D que están desenvolvendo tanto Indra como Babcock, colaborando con pequenas e medianas empresas do noso tecido produtivo, con universidades e tamén con centros tecnolóxicos. E estanse desenvolvendo dez licitacións, que se van adxudicar nos próximos meses, que van permitir mellorar os servizos públicos tanto no eido da xestión do territorio como na seguridade da frota pesqueira ou ben na prevención de incendios.

En definitiva, son cifras claras de emprego, cifras claras de participación de pequenas e medianas empresas en proxectos de I+D, e son exemplos claros de desenvolvemento de compra pública innovadora e, polo tanto, de prestación de servizos públicos.

Galicia tomou a dianteira, está na vangarda no desenvolvemento deste sector e está a permitir, loricamente, xerar estas expectativas e estas realidades en positivo, ademais nun contexto no que o Goberno de España tamén está apostando por este sector co desenvolvemento do novo decreto que regula a fabricación e o uso de aeronaves non tripuladas, pero, sobre todo, tamén coa aprobación por parte do Ministerio de Fomento do Plan estratéxico de drones, que vai ter un impacto económico na actividade de máis de 1.200 millóns de euros no ano 2035 e que vai permitir superar os 1.500 millóns de euros no ano 2050.

Unha aposta, polo tanto, por un centro de investigación como é o de Rozas, que está acompañado non só pola participación das pequenas e medianas empresas, co desenvolvemento dos diferentes contratos, senón que tamén no plano académico están desenvolvéndose proxectos importantes a través da Escola de Enxeñaría Aeronáutica, desenvolvendo o grao de Enxeñaría, e tamén o ciclo superior de mantemento do Centro de Formación Profesional das Mercedes, en Lugo.

Seguiremos traballando e impulsando o emprendemento a través da creación dunha *bussines factory* aeronáutica, tamén en Lugo. E, por suposto, o desenvolvemento e o compromiso da Xunta de Galicia para poñer todos estes resultados á disposición dos servizos públicos e, polo tanto, mellorar o noso tecido produtivo pero tamén a prestación de servizos públicos na comunidade autónoma.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señor Tellado.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** Grazas, señor presidente.

É evidente que hoxe é un día movido nalgunha formación política, porque están de consultas. (*Murmurios.*) Están consultando, están decidindo se Pablo e Irene (*Murmurios.*) se mudan ou non a la mansión. (*Murmurios.*) Están decidindo se se vai Quinteiro, se se vai Villares ou se se van os dous. (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** E eu entendo que isto das consultas está moi ben. (*Murmurios.*) Pero a min o que me sorprende é que dúas conselleiras do Partido Popular figuren nese censo das consultas. ¡Se non militan nesa formación! (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** Eu creo que iso fala ás claras... (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio! ¡Silencio!

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** ...da transparencia e da solvencia dese sistema de votación. (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Rozas, Rozas.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** Mire, señor conselleiro, como vostede non o contou, vou contalo eu, sobre esa visita, (*Aplausos.*) porque algún quería falar desa visita (*Murmurios.*) e por iso sentíase aludido e pedía a palabra. Pero é que eu non citei o señor Villares nin o vou citar. (*O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE:** Señor Villares, silencio.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** Mire, nesa visita representantes dalgún grupo da oposición que foi criticaron abertamente o proxecto de Rozas: que ía moi atrasado, que non se xeraba o emprego. E eses representantes da oposición que foron alí tiveron que escoitar a voz da xente do común. E falou o director do Instituto de Formación Profesional de Las Mercedes, de Lugo. ¿E que dixo o director? Que alí se creou un novo ciclo de FP II, que nese ciclo hai catro novos profesores —que antes non había—, (*Murmurios.*) que agora hai vinte rapaces facendo prácticas, que o ano que vén vai haber outros vinte. E ese representante da xente do común o que dixo é que non entendía as críticas que acababa de escoitar, que non entendía as críticas que se facían sobre Rozas e que, se alguén tiña unha idea mellor, a puxera enriba da mesa. E algúns tiveron que marchar de Rozas porque nin tiñan unha idea mellor, e o que tiñan era auténtica incoherencia sobre o que dixeran e o que facían, que é o de sempre. (*Aplausos.*) E os galegos están fartos desa incoherencia.

E, polo tanto, como non se pode dicir unha cousa e a contraria, eu tampouco lle vou dar o gusto, señor Villares, de citalo para que pida alusións. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** Señor conselleiro,...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Tellado. Terminou o seu tempo.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** ...eu pediríalle que nos fale desa segunda fase de Rozas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Tellado. Terminou o seu tempo.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

*(Murmurios.)*

Silencio, silencio. ¡Silencio! *(O señor Pazos Couñago e a señora Santos Queiruga pronuncian palabras que non se perciben.)*

Señor Pazos e señora Santos, por favor, ¡por favor! *(O señor Pazos Couñago e a señora Santos Queiruga pronuncian palabras que non se perciben.)*

Señor Pazos e señora Santos, por favor. ¡Vostedes verán! Se non, suspendemos un momento para que haxa un pouco de calma. *(O señor Pazos Couñago e a señora Santos Queiruga pronuncian palabras que non se perciben.)*

Non, non, pero, ¡señores!, xa dixeran que hoxe non ía chamar á orde a ninguén, por respecto a unha persoa. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pero, se me apuran, eu suspendo. Non vou chamar á orde a ninguén. É algo persoal que teño hoxe. Pero, se queren, suspendo. Téño claro.

Entón, por favor, colaboren un pouco se queren, porque, se non, parece que o obxectivo é pór en dificultades a Presidencia. ¡Dedíquense a outras cousas, por favor, que hai cousas máis interesantes!

Señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Tellado, imos seguir falando das realidades, porque falar de Rozas é falar de realidades, non só pola participación de Indra e de Babcock con eses vinte proxectos de I+D, senón tamén a través da participación das dezaioito pequenas e medianas empresas que xa están traballando no desenvolvemento do proxecto e os trece centros tecnolóxicos en universidades, senón que na segunda fase estamos desenvolvendo a compra pública innovadora, un contrato de 24 millóns de euros que vai permitir desenvolver dez proxectos de compra pú-

blica innovadora. E nestes momentos hai noventa e cinco candidatos. Quere dicirse que hai unha realidade do noso tecido produtivo que está vinculada co proxecto Rozas, que pode aportar moito valor engadido. E, polo tanto, imos seguir abrindo esas oportunidades.

Por certo, das noventa e cinco candidaturas máis da metade son galegas e preto do 90 % son novas e interésanse por primeira vez nesta iniciativa, o que dá unha idea moi clara de que, efectivamente, Rozas, ademais de ser unha realidade, está xerando novas oportunidades para moitas empresas que estaban traballando noutros sectores pero que agora se están achegando ao sector aeronáutico.

Seguimos traballando co Goberno central e, concretamente, tanto co Ministerio de Economía, Industria e Competitividade como co Ministerio de Defensa e tamén co Ministerio de Fomento. E o resto das consellerías están tamén traballando para identificar servizos públicos que se poden mellorar a partir do uso dos vehículos non tripulados, unha realidade que vai permitir a Galicia ser pioneira non só no desenvolvemento do sector industrial senón tamén na prestación de servizos públicos.

Saben que Rozas tivo o Premino nacional de innovación, que é unha boa mostra de que, efectivamente, estamos liderando unha iniciativa de compra pública innovadora que nos está situando no eido da I+D e no desenvolvemento tecnolóxico ao lado do crecemento e do emprego. E, loxicamente, dende o punto de vista do desenvolvemento da política económica e a política industrial, seguiremos.

Recentemente o Consello da Xunta de Galicia aprobou a II edición do Programa da fábrica intelixente, que vai permitir a mobilización de 70 millóns de euros en sectores estratéxicos, e que esperamos que tamén o sector aeronáutico teña aquí un protagonismo. E, finalmente, impulsaremos tamén o *hub* de innovación dixital, que vai permitir que tamén o sector aeronáutico se poida permitir desenvolver novas iniciativas.

En definitiva, hai motivos non só para marcar a realidade do desenvolvemento do proxecto senón tamén para ser optimista no desenvolvemento da política de innovación que permita que Galicia teña unha economía máis diversificada dende o punto de vista industrial e que loxicamente se poida desenvolver a través dunha colaboración activa entre o tecido industrial, as universidades e os centros tecnolóxicos, en colaboración coa Administración.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

(*O señor Villares Naveira pide a palabra.*)

¿Si, señor Villares? ¿Para que quere a palabra?

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Si,...

**O señor PRESIDENTE:** Perdón, ¿cal é a cuestión?

**O señor VILLARES NAVEIRA:** A cuestión é que...

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** ...durante máis da metade do tempo da intervención inicial do señor deputado non se estivo referindo para nada ao tema que era obxecto da pregunta. (*Protestas.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** O cal... (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio! (*Murmurios.*) ¡Silencio, por favor!

**O señor VILLARES NAVEIRA:** ...merece... (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor. (*Murmurios.*) ¡Silencio!

**O señor VILLARES NAVEIRA:** ...a reprobación do señor presidente noutras ocasións. E non entendemos por que non mereceu a reprobación nesta.

En segundo lugar, tampouco entendemos por que o presidente permite que o señor deputado se refira a este grupo parlamentario dunha forma diferente a como é o nome oficial deste grupo.

E a terceira cuestión: tampouco entendemos como unhas veces o señor presidente se ofende polas insidias que entende que se poden lanzar contra o seu partido e contra os seus deputados, aos que vostede pertence... (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** ...e despois non chama a atención... (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Perdón. Vou chamar a atención. (*Murmurios.*)

**O señor VILLARES NAVEIRA:** ...nin tutela os dereitos destes deputados e deputadas cando se verte algunha insidia con relación a algún deles ou delas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Villares.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Polo tanto, esas son situacións que con toda cordialidade... (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** ...lle quero facer constar, que me parece que non supoñen unha boa dirección deste exercicio parlamentario. (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Tomo boa nota. Grazas.

*(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non, non, non. Non vou dicir nada. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non. *(Murmurios.)* Non, non, está claro, nas formulacións... *(Murmurios.)* Non, non, nas exposicións... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, non vou dar a palabra. Non, non..., *(Murmurios.)* ¡Silencio! *(Protestas.)* ¡Silencio! ¡Silencio! *(Protestas.)* Non, non vou dar a palabra a ninguén.

Eu creo que nas formulacións das preguntas hai unhas exposicións de motivos, *(Murmurios.)* e frecuentemente escápanse do que é o contido da pregunta. *(Murmurios.)* ¡Tereino en conta! *(Murmurios.)* Tereino en conta para todo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non, terminouse o asunto, terminouse o asunto. *(Murmurios.)*

Seguinte pregunta.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Teresa Egerique Mosquera e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as circunstancias e condicións do traslado desde Bos Aires a Galicia do cadro de Castelao *A derradeira leición do mestre* para a súa exhibición no museo da Cidade da Cultura**

**O señor PRESIDENTE:** Cando queira.

**A señora EGERIQUE MOSQUERA:** Grazas, presidente.

A verdade é que a oposición aquí, sobre todo as Mareas de Podemos, ten a pel moi fina, *(Murmurios.)* porque utilizan produtos abrasivos contra os demais e, cando a algún se lle fala de chaletazo ou de consultas —que é o problema que teñen— *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)*, a verdade é que teñen a pel bastante, bastante fina, *(Aplausos.)* *(Murmurios.)* ¡bastante fina!

Vou ir ao tema. *(Aplausos.)* *(Murmurios.)*

Tantas veces teño escoitado... *(Murmurios.)* *(Pausa.)*

Máis fina do que pensaba, señor presidente.

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)*

*(A señora Santos Queiruga pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Señora Santos, silencio.

*(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Por favor, non me poña na tesitura de ter que chamala á orde. (*Murmurios.*) ¡Déixeme ser fiel ao meu compromiso! (*Murmurios.*) Quero rematar este pleno sen chamar á orde a ningún. ¿É tan difícil que vostedes poidan facer iso? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, dígoos para todos. ¿É tan difícil? (*Murmurios.*)

¡Por favor, imos rematar o pleno! (*Murmurios.*)

¡Silencio, por favor!

Señora Egerique, prosiga.

**A señora EGERIQUE MOSQUERA:** Ben, grazas, presidente.

Grazas, conselleiro, por acudir a falar hoxe, a contestar unha pregunta sobre cultura que ten moito que ver con este pobo, coa realidade de Galicia e coa nosa historia. E imos falar hoxe dunha obra moi importante, imos falar hoxe do cadro de Castelao *A derradeira lección do mestre*, que se non o coñecen vostedes, isto é unha fotocopia, unha reprodución (*A señora Egerique Mosquera mostra un documento.*). A verdade é que esta obra —e tristemente neste caso— está na Arxentina, está en Bos Aires. Castelo saben vostedes que naceu en Rianxo pero morreu alí en 1950. En 1945 pintou alí este cadro alí, en Bos Aires, e alí quedou.

Polo tanto, eu persoalmente non coñezo o cadro, hai moitos galegos que si que puideron estar no Centro Galego de Bos Aires e velo en persoa. Pero, como todo o resto dos galegos, vou ter a sorte de poder coñecelo aquí, en Galicia, porque ese cadro vai cruzar o Atlántico e vai estar aquí na terra galega.

A verdade é que isto todo é grazas a un convenio entre o Centro Galego de Bos Aires e a Xunta de Galicia, a Consellería de Cultura. E, polo tanto, quería preguntarlle... (*Murmurios.*) (*Pausa.*)

*A derradeira lección do mestre* é un óleo de 2 metros de altura e —como dixeron— atópase no Centro Galego de Bos Aires e, polo tanto, o seu traslado confire unha serie de dificultades técnicas e terá unhas condicións, como pasou tamén co pergamiño *Vindel*, que estivo en Galicia unha tempada pero que tamén tivo que ser sometido a un estrito control tanto na súa estancia aquí en Galicia como no traslado dende Nova York.

Nese cadro retrátase un mestre asasinado entre dous nenos que lamentan conmocionados o sacrificio dun mestre por querer ensinar os nenos. Polo tanto, é moi importante non soamente que estea aquí o cadro para Galicia senón tamén polo simbolismo.

Nós queríamos preguntarlle, conselleiro, unha vez que está xa ese convenio asinado: ¿cales son as condicións que ten que ter este cadro para a seguridade, estándares profesionais e todo o que ten que cumprir tanto técnica como fisicamente para que este cadro estea aquí en Galicia?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.



Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** Moitas grazas, señor presidente.

Señora deputada, como vostede ben dixo, este cadro, *A derradeira leición do mestre*, un cadro pintado polo xenial Castelao e que está no Centro Galicia de Bos Aires, vai vir a Galicia por primeira vez ao longo da súa historia. Vai ser a peza principal, vai ser a clave de bóveda dunha exposición que levará como nome «Castelao maxistral», que está sendo comisariada por Miguel Anxo Seixas, un especialista en Castelao, que acaba de defender a súa tese doutoral sobre a figura de Castelao e á súa vez é vicepresidente da Fundación Castelao.

Certamente, a xestión que posibilitou a posta en marcha desta exposición foi unha negociación e unha xestión complexa, real, pero complexa e dura, que comezou hai aproximadamente un ano, a mediados do ano 2017, durante a Feira do Libro de Bos Aires, onde comezamos a falar cos representantes, cos presidentes do Centro Galicia, para poder sacar adiante este proxecto. Posteriormente, en febreiro do ano 2018, asinamos un acordo, asinamos un convenio que posibilitou que se poida traer a Galicia esta peza única. E novamente en Arxentina, hai aproximadamente unhas semanas, tamén tivemos a ocasión de ter unha reunión coa directiva do Centro Galicia para ultimar cuestións técnicas que son complexas dende o punto de vista técnico para traer unha peza de tanto tamaño a Galicia para poder pór en marcha esta exposición no mes de outubro; en concreto, está planificada a inauguración da exposición para o día 5 de outubro.

É certo que se xerou un certo debate social no eido cultural sobre se esta peza, que é fundamental para a cultura galega, debe volver, debería volver a Bos Aires ou non. Dende sempre deixamos moi claro que esta é unha obra de arte que é propiedade dos galegos da Arxentina. A obra vai vir prestada a Galicia e voltará aos seus lexítimos propietarios, que é o Centro Galicia de Bos Aires. Segue estando en Galicia, só que no Centro Galicia de Bos Aires, que tamén podemos consideralo que é Galicia, porque alí hai galegos que se senten e que actúan como tales.

Co cal esta cesión temporal, este préstamo vai posibilitar, como vostede ben dixo, que moitos galegos que non tiveron a posibilidade de ver este cadro *in situ* —é impactante dende o punto de vista emocional— poidan ver en Galicia, na Cidade da Cultura, a partir de outubro, esta peza e poidamos colectivamente coñecer mellor o noso pasado, sen melancolía, sen mirar para atrás, pero si coñecer o noso pasado, aprender dos erros do noso pasado, para evitar, sobre todo, que se repitan no futuro, porque, afortunadamente, a Galicia de hoxe é moi diferente á Galicia daquela. Hoxe vivimos nun país de liberdade...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Grazas, conselleiro. Ten outro turno despois.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** ...nun país de progreso e nun país de convivencia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Réplica, señora Egerique.

**A señora EGERIQUE MOSQUERA:** Grazas, presidente.

Quería volver ensinar o cadro (*A señora Egerique Mosquera mostra un documento.*). A verdade é que vostede, conselleiro, que tivo a oportunidade de velo en persoa, di que é imponente e impresionante. Como dixen, ten 2 metros de alto e, para facer unha brincadeira, creo que quedaría moi ben en grandes chalés con grandes paredes como os que teñen algúns (*Murmurios.*) políticos españois. Si, a verdade é que quedaría moi ben. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Para nós, señor conselleiro, ten un significado moi importante, ten un significado moi importante para este Grupo Parlamentario Popular e para toda Galicia, porque, así como facía referencia antes ao pergamiño *Vindel*, que si que sabemos que estivo, que se escribiu aquí en Galicia e viaxou e se perdeu e agora está na Morgan Gallery en Nova York, o cadro de Castela si que está pintado alí e nunca, nunca estivo en Galicia e, polo tanto, vai ser moi emocionante para moitos galegos, tamén especialmente para moitos galegos que están hoxe nesta Cámara.

Por iso, por este espírito, este espírito que di vostede de que estamos noutro momento, pero que reivindicamos a nosa historia e que todos queremos que este cadro estea aquí e é un gran logro, pois polo tanto temos que felicitalos.

Pero eu, antes, non quería rematar o meu turno sen dicir e sen insistir en que eses insultos e esa pel fina da que falaba ao principio non é o espírito que queremos construír aquí. Parece que o que hoxe molesta aos señores de Podemos, ás Mareas de Podemos, ademais das consultas, será a churrascada de inauguración que se estará celebrando agora baixo o sol en Galapagar. Pode que sexa iso, señor presidente, moitas grazas, e que non estean invitados. (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE:** Peche da pregunta, señor conselleiro.

Silencio, por favor.

Peche da pregunta, señor conselleiro. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Silencio, silencio. Xa estamos acabando, silencio. Tranquilidade, tranquilidade, xa estamos acabando. Silencio.

Peche da pregunta, señor conselleiro. (*Murmurios.*)

Adiante. Silencio, por favor. Silencio. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Silencio, silencio!

¡Veña, señor conselleiro! Silencio.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** A verdade, señoría, é que esta peza, esta obra de arte ten un enorme sig-

nificado, en moitísimas facetas, na faceta, por suposto, cultural, social, histórica e política. E nas diferentes facetas pensamos que o cúmulo de todas elas vai facer que esta sexa unha exposición moi significativa, que, igual que a do pergamiño *Vindel*, vai posibilitar que pezas significadas da nosa cultura que están fóra do noso territorio poidan voltar a Galicia, poidan estar en Galicia e, dalgún xeito, poidan ser vistas polo conxunto dos galegos.

Dicía que hai diferentes facetas. A primeira creo que é unha oportunidade para seguir co recoñecemento que se debe prestar a un dos máis grandes creadores de Galicia como ten sido Castelao. Como xa dixeran, a súa visión e a súa forza simbólica, a súa magnitude, é certamente impresionante e, sen dúbida, é unha das grandes creacións de Castelao, que, xunto con *Sempre en Galiza*, os expertos din que son dúas das pezas principais producidas dende o punto de vista intelectual e creativo por parte de Castelao.

Tamén, en segundo lugar, creo que é importante a faceta de lanzar unha mensaxe en certa medida de reconciliación. Certamente, este cadro é unha referencia afectiva, é unha referencia persoal para moitas xeracións, tanto as que están en Galicia como as que están fóra de Galicia; xeracións moitas delas que sufriron unha dureza, a dureza dunha guerra, que sufriron represión e que xerou sen dúbida este cadro unha forte pegada no noso imaxinario colectivo. E traela hoxe aquí, traela a unha Galicia que nada ten que ver con aquela, porque hoxe estamos nunha Galicia libre, democrática, con autogoberno, pode contribuír a, coñecendo o noso pasado, mirar para diante sendo conscientes do que fomos para non volver caer nos mesmos erros.

En terceiro lugar, hai outra faceta que tamén nos interesa, que é a faceta —digamos— como a homenaxe á educación. O nome «Galicia maxistral» ten ese dobre sentido, «maxistral» de excelencia, de creación, pero tamén «maxistral» de maxisterio, de mestre. Aí había un mestre desgraciadamente falecido. E tamén nos vincula co papel da emigración... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) e a importancia que tivo a emigración para dotar de infraestruturas educativas, de escolas, as famosas escolas de indianos, que son, foron fundamentais para o presente e para o futuro do noso país.

E, en cuarto lugar, unha faceta tamén moi importante é o recoñecemento aos nosos emigrantes, á Galicia do exterior. Dicía antes que Galicia é moito máis que un territorio, que as catro provincias no noroeste da península Ibérica. Aí onde hai galegos que queren ser galegos, que se senten galegos e que queren a Galicia, aí está Galicia. E parte do noso patrimonio cultural está feito en centros da colectividade, como pode ser o Centro Galicia, que teñen salvagardado e protexido este patrimonio cultural.

Co cal, como xa dixeran...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro, terminou o seu tempo.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** ...a partir do 5 de outubro, todos os galegos, por suposto tamén... (*O señor conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Rodríguez González, pronuncia palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro, terminou o tempo.

Non, non me complique máis, terminou o tempo.

*(Aplausos.)*

Non me complique xa a xornada de hoxe...

Magnífico cadro, por certo, impresiona velo. Xa llo digo.

Seguinte pregunta... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Perdón, acabo de dicir unha cousa que non creo que poida molestar a ninguén; non sei se a vostede a molestou. Dixen que o cadro impresiona velo. Se a molesta iso, non sei a que nivel estamos. Eu vin o cadro, estiven alí e vino. Non quixen dicir outra cousa, ¡eh! ¡Vaia por Deus! É que xa chegamos a uns niveis que non sei... *(Murmurios.)*

Pasamos á seguinte pregunta.

**Pregunta de D<sup>a</sup> María de los Ángeles Cuña Bóveda e D<sup>a</sup> Luca Chao Pérez, do G. P. de En Marea, sobre as previsións da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto da reformulación do Centro Dramático Galego tendo en conta todos os axentes das artes escénicas implicados**

**O señor PRESIDENTE:** Cando queira.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** Ben, non é casualidade. Hoxe tócame a min, con moita emoción, dicir que non se pode facer chanza dese cadro. Ese cadro, *A derradeira lección do mestre*, pintado por Castelao, da mesma maneira que o libro citado polo señor conselleiro, *Sempre en Galiza*, están adicados a unha persoa que dá a casualidade de que persoalmente era o meu avó. *(Aplausos.)* Pediría respecto. E non temos amnesia, temos memoria *(Murmurios.)* e non é un home que pasaba, un mestre pobriño que pasaba por alí e faleceu e os alumnos están mirando. Chámanlle o «Guernica galego» —por algo será—. E simboliza —non sei se saben— a transcendencia que ten para moitas das persoas que estamos aquí. Non falo a nivel persoal, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* falo a nivel de toda Galicia, a nivel de todos os defensores e defensoras da memoria histórica democrática deste país. ¡Por favor! *(Aplausos.)* Paréceme absolutamente indignante que unha señora utilice este cadro para dicir que podía estar nun piso. ¡Pero isto que é! ¿Onde imos chegar? *(Murmurios.)* ¡Que nivel, que talla política!

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** Estes son os responsables... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, silencio. Silencio, por favor. ¡Silencio! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**A señora CUÑA BÓVEDA:** Vale, eu non quero entrar...

**O señor PRESIDENTE:** Señora Cuña... Silencio, silencio... *(Murmurios.)* Silencio, por favor. ¡Silencio! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**A señora CUÑA BÓVEDA:** Teño a palabra.

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor. *(Murmurios.)*

Señora Cuña, por favor, á pregunta.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** Si, vou baixar o ton. *(Murmurios.)* Eu creo...

**O señor PRESIDENTE:** Á pregunta, señora Cuña. *(Murmurios.)*

Silencio, por favor.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** Si, non quero... *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio. Señora Prado, silencio. ¡Silencio!

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**A señora CUÑA BÓVEDA:** Non sei que me queren dicir.

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

Señora Cuña, á pregunta.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** Eu farei... *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Á pregunta.

*(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)*

Señora Prado, silencio.

Á pregunta, señora Cuña.

*(O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.)*

Silencio. Señor Pazos, por favor. Silencio, todos. Xa está ben. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Ben, suspendemos... *(Murmurios.)* Silencio, silencio.

Señora Cuña, á pregunta.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** Pediría eu primeira sosego, serenidade e que recuperemos o ton...

**O señor PRESIDENTE:** Correcto.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** ...neste Parlamento, que somos representantes da xente que nos elixiu para resolver os problemas e non para lanzar, para converter isto... (*Murmurios.*) (*Prónúncianse palabras que non se perciben.*)

Si, pero entenda que non podo obviar...

**O señor PRESIDENTE:** Correcto. (*Murmurios.*) Silencio. Formule a pregunta, por favor.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** Si, non, claro.

(*Murmurios.*)

Eu...

**O señor PRESIDENTE:** Silencio. Imos rematar este pleno. Silencio.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** Ben, a cuestión que traemos aquí é unha cuestión importante. Ten que ver co Centro Dramático Galego. O Centro Dramático Galego é unha institución, como tantos centros —hai un case en cada comunidade autónoma—, que prestixia o país e que é un espazo necesario para visibilizarnos.

A Asociación de Actores e Actrices de Galicia denunciou non atopar receptividade e tam pouco vontade para atender as súas reivindicacións. Critícanse os procesos de selección e a tendencia burocratizante que está adquirindo, a falta dun orzamento. Realmente, eu non sei se son conscientes da importancia que ten o sector cultural, os traballadores e traballadoras da cultura. Son moi importantes para calquera país que teña un mínimo de conciencia. Un teatro público non pode reducirse a un espectáculo anual, non pode reducirse a un elenco raquíutico. Non é unha contratación pública máis. Hai outros criterios que deben ser considerados. É necesario reformulalo, é evidente. Hai que dotalo de entidade xurídica propia, de autonomía real, de mecanismos de distribución imprescindibles. As críticas son moitas, as fórmulas tamén poden selo, simplemente é necesaria vontade e realmente diálogo, realmente esa hospitalidade da escoita que tanta falta nos fai, en todos os espazos públicos fundamentalmente.

Non abordamos aquí a cuestión da calidade ou non da compañía, que neste momento está facendo *Divinas palabras*, nin entramos a considerar a propia produción. Si necesitamos saber se dende a Consellería teñen pensado reformular o centro, tendo en conta todos os axentes das artes escénicas implicados.

Teño moitísimo máis que dicir, pero, como o tempo remata...,

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, grazas, señora Cuña, grazas.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** ...seguiremos. (*Aplausos.*)

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** Moitas grazas, señor presidente.

Señora Cuña, respectando claramente as connotacións persoais de cada caso, desta obra de arte, que ten un simbolismo e unha dureza que ninguén descoñece e que creo que todos somos conscientes dos tráxicos momentos que supuxo todo o contexto social, histórico e político daquel momento, tamén non é menos certo que por parte desta consellería, cando se puxo en marcha este proxecto, sempre se plantexou como unha oportunidade para que fósemos conscientes do noso pasado, para que o coñeceramos, para que dalgún xeito fósemos conscientes dun dos peores momentos históricos, que, afortunadamente, non son agora comparables: a Galicia de hoxe non ten nada que ver, afortunadamente, con aquela Galicia; e tampouco España, tampouco o contexto mundial.

E creo que hoxe temos unha oportunidade para ser conscientes, colectivamente e como país, de que houbo un momento na nosa historia que oxalá nunca tivese pasado, pero que pasou e que supuxo moita dor para todos, en diferentes ámbitos, sen dúbida. E creo que en todas partes se poderían topar moitos elementos que nos fan sentir vergonza colectiva a todos, eu creo que dunha área e doutra área, dun bando e doutro bando. Creo que iso é algo do que debemos ser plenamente conscientes e isto o que nos vai permitir é coñecer o noso pasado para saber o que fomos e para evitar que se volva repetir, pero facelo, sempre, mirando para adiante, coñecendo o que pasou e mirando para adiante, insistindo en (*Aplausos.*) que vivimos hoxe nunha Galicia absolutamente, afortunadamente, libre, unha Galicia democrática e unha Galicia —digamos— de convivencia, que creo que debemos estar colectivamente tamén orgullosos de ser capaces de vivir nunha sociedade así.

E entrando no que vostede plantexa, hai unha cuestión básica, aínda que agora temos pouco tempo, pero seguramente na segunda parte llo poderei concretar máis. Hai unha cuestión básica respecto do que estaba vostede dicindo, e é que o Centro Dramático Galego, que depende da Agadic, forma parte da estrutura pública. É o teatro público, como vostede ben di, e os seus procedementos están sometidos á lexislación pública; é dicir, estase xestionando diñeiro público e hai unha regulación pública que regula todo o que está pasando ou o que pasa no Centro Dramático.

Hai cuestións nas que, obviamente, eu con concordo nin podo concordar, non polo papel político, senón mesmo porque aí hai grandes profesionais desenvolvendo o seu traballo, grandísimos profesionais que en certa medida teñen unha autonomía plena, e vostede está cuestionando este traballo.

Fala de externalización. Aquí o que hai é unha contratación a un grupo de referencia no ámbito teatral, como vostede ben sabe, que desenvolve unha acción e que puido dalgún xeito

facer unha contratación de persoal, parte tendo en conta a liberdade creativa do propio director, que vostede coñece perfectamente —estou seguro—, e outra parte cun proceso de concorrencia competitiva en base á igualdade de condicións dos diferentes actores. Eu creo que todos teremos que darlles oportunidade aos actores.

Fala de esmorecemento. Vostede sabe que non é certo. Hai un incremento da actividade en moitos ámbitos: na coprodución, residencia e formación, etc.

E fala de desconexión do público. Cando vostede fala de desconexión do público, está dicindo que a programación artística e a organización artística e cultural do Centro Dramático Galego está funcionando mal. Eu creo que aí si que a cuestiona vostede. Creo que vostede...,

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** ...co afán de facer crítica política, está desprestixiando os bos profesionais que están dirixindo o Centro Dramático.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Ten outro turno despois, conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** Houbo corenta e unha actuacións —creo que moi interesantes, e que están tendo moi bos resultados—, que cuestionan esa visión, se se quere, un pouco alarmista que se está plantexando aquí.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Réplica, señora Cuña.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** Aquí hai dúas preguntas cruzadas. Menos mal que o señor conselleiro é licenciado en Historia. A historia pódese narrar de moitas maneiras. Dende logo, o relato oficial ten que ser tamén revisado, e non houbo dous bandos: houbo unha sublevación ilexítima e unha represión brutal. Isto non é tema que eu traía aquí nin é porque eu sexa persoalmente neta da persoa representada. Eu creo que Alexandre Bóveda é un símbolo para todos e todas as galegas que teñen conciencia e representa algunha maneira o sufrimento de tantas e tantos que foron represaliados neste país tamén.

Entón, como non podo falar cruzadamente, porque o que me trae hoxe aquí é o tema do Centro Dramático, seguiremos insistindo e seguiremos pedindo que desaparezan todos os símbolos franquistas, que se cumpra a Lei de memoria histórica. Algunhas das cousas non requiren nin sequera cartos, xa que se alardea de que cero euriños para cumprir a lei.

E con respecto ao Centro Dramático Galego, como comprenderá, eu tiven a honra de dirixilo efemeramente e de ser convidada tamén nunha das súas producións. Amo o teatro, o teatro



é media vida miña, se non máis. E creo que unha das maiores críticas céntrase en algo que acaba de dicir vostede, que adoita ser moi triunfalista —e non entendemos moi ben por que—. Realmente é un dos sectores que están na franxa da pobreza e o sector cultural e vostedes tamén teñen moita responsabilidade nisto.

A distribución para *Divinas palabras* son once funcións en Galicia, á marxe de tres semanas no Salón Teatro e a súa estancia no Teatro Español.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** Xa non teño máis tempo.

Volverei con outra iniciativa na que poida expresar mellor cales son as irregularidades detectadas, e temos bastante documentación para avalalo. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Cuña, grazas. Terminou o seu tempo. Grazas.

Peche desta pregunta, señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** A verdade, señora Cuña, eu a vostede sabe que a respecto como profesional do teatro absolutamente. Creo que quizais este debate se desvirtuou pola cuestión da anterior pregunta e creo que o importante é que falemos do que vostede veu aquí plantexar, sobre o funcionamento do Centro Dramático Galego, sobre o que, como vostede ben dixo, a nosa responsabilidade é plantexar solucións aos problemas que hai na sociedade. E, certamente, se falamos do Centro Dramático Galego, como xa dixen, non comparto as súas críticas.

Vostede plantexa un panorama tremendamente escuro, que quizais ao mellor tamén pode ser excesivamente brillante, pero seguramente está nun termo intermedio. E nas críticas que plantexa fálanos dunha especie de externalización das compañías. Aí o que se fai —e vostede o sabe porque forma parte do sector— é que unha compañía, compañía de prestixio, normalmente, ou unha directora de prestixio como foi o ano pasado, plantexa un espectáculo que normalmente o sector privado, as empresas privadas, non o poden facer, porque implica un número moi amplo de membros ou de actores ou actrices, e o sector privado non ten capacidade para facelo, —digamos— as compañías privadas.

Ese é un dos principais elementos que ten que ter unha compañía pública: non competir tampouco en segmentos ou en funcións coas compañías privadas. E aquí estamos falando —vostede dixo vinte funcións en Santiago— de corenta e unha funcións, porque tanto en Madrid como en diferentes concellos do país hai vinte e unha funcións. Hai un número moi importante de espectadores que están vendo estas funcións.

Despois tamén, cando falou de que está esmorecendo, eu diríalle unha cousa: a actividade medrou, afortunadamente medrou nos últimos anos, houbo anos moi difíciles —pensemos nos anos máis profundos da crise—, houbo anos moi difíciles onde obviamente o país estaba

por pinzas en todos os sectores, e máis no sector cultural, onde, obviamente, houbo moitas dificultades e aínda as hai, pero que obviamente estamos nunha liña progresiva de mellora.

E o CDG non só fai programacións, fai coproducións, fai residencias, fai publicacións, fai formación. Vostede sábeo perfectamente.

E tamén hai un traballo que se está facendo, e creo que aí a nova dirección está facendo un gran traballo, e, por certo, sen ningunha inxerencia política —insisto: sen ningunha inxerencia política—. Está facendo un traballo sobre todo para captar máis público, públicos xoves, etc., e creo que iso é tremendamente importante.

Vostede fala de autonomía. Efectivamente, nós entendemos que o teatro ten autonomía organizativa de programación e de funcionamento practicamente plena. Non existe inxerencia política. Agora, se vostede entende que unha persoa xurídica independente ou descolgada do mapa administrativo da Xunta de Galicia vai posibilitar maior autonomía, tamén lle direi que aí estamos xestionando ou xestionaríanse diñeiros públicos e tería que estar sometido á lexislación pública. Co cal, en cuestións como vostede di, ¿como se pode contratar persoal sen proceso? Pois sería como nos procesos selectivos, porque sería...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, grazas, conselleiro. Terminou o seu tempo.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** ...ir en contra das normas públicas que rexen para os centros públicos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Pasamos á seguinte pregunta.

**Pregunta de D. José Antonio Quiroga Díaz e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as razóns do Goberno galego para non ampliar o prazo de presentación de alegacións en relación coa tramitación do expediente para declarar a Ribeira Sacra como ben de interese cultural, coa categoría de paisaxe cultural**

**O señor PRESIDENTE:** Cando queira.

**O señor QUIROGA DÍAZ:** Boa tarde, presidente.

Deputadas e deputados, conselleiro.

Imos ver logo se nos damos centrado no tema, porque nós acreditamos que que a Ribeira Sacra poida ser patrimonio da humanidade vai traer consigo non só un incremento do sector turístico, e, polo tanto, unha mellora económica e a activación dos investimentos na zona, senón que tamén axudará a poñer freo a un dos problemas fundamentais que ten este país, nomeadamente o das terras do interior, que é o despoboamento.

A revitalización económica tradúcese tamén en revitalización social e, polo tanto, en máis e mellores oportunidades para que o rural se manteña; todo isto sen esquecer o patrimonio inmaterial, material, paisaxístico, que se vería reforzado, valorado, mellorado, rehabilitado, con mellor atención en definitiva.

Hai que ter en conta que a Ribeira Sacra non é un monumento, un edificio, unha cidade; é un territorio vivo, dinámico e poboado. E, pese a isto, sobre a importancia de declarala como patrimonio da humanidade hai unha clara falta de información entre os veciños afectados pola delimitación. Recordemos: son 113 quilómetros cadrados, son 172 parroquias, 646 núcleos entre zona BIC e zona de amortecemento.

Xa sei que me vai contestar que houbo reunións nos Peares, en Castro Caldelas, no parador de Monforte, en Santiago, para alcaldes, que foron case todos, pero as asociacións moi poucas concorreron, as empresas unha mínima parte e do Consello de Denominación de Orixe, 11 persoas de 1.700 viticultores censados. Polo tanto, a inmensa maioría da poboación afectada está *in albis*.

Fronte a isto, nós mantemos a tese de que o factor da información á poboación en xeral é un elemento clave ou vai ser un elemento clave. A ninguén se lle escapa que unha poboación implicada e identificada co proxecto vai transformarse nun axente activo para conseguir os obxectivos propostos e que unha poboación escéptica ou á contra vai ser a mellor tarxeta de presentación de que non imos lograr os obxectivos que nos gustaría a todos.

A falla de información implica unha menor concienciación e, polo tanto, menor participación na evolución deste proceso, tanto por parte do tecido socioeconómico como dos axentes socioculturais e medioambientais e da sociedade en xeral.

A realidade é que a maior parte da poboación afectada directamente non está informada da transcendencia e consecuencias que ten a zonificación como BIC e zona de amortecemento. A nosa motivación para pedir a ampliación no seu día foron as eivas detectadas, o desconcerto da poboación sobre o que facer e fundamentalmente a falta de información —repito e incido— na poboación afectada.

E proba deste aspecto é que nos últimos días quedaban temas fóra do que é a declaración de BIC...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor QUIROGA DÍAZ:** ...tan importantes como o Folión de Carros, de Chantada, a zona de Sobrecedo ou San Pedro de Cela, que é un xacemento moi importante.

Por todo isto, os deputados que firmamos...

**O señor PRESIDENTE:** Xa coñece a pregunta. Grazas. Xa a coñece o señor conselleiro.

**O señor QUIROGA DÍAZ:** ...pediamos a ver por que non se ampliou e máis información para os veciños.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** Señor deputado, eu creo que a súa pregunta é polo menos sorprendente, porque parte dunha premisa falsa. Vostede argumenta toda a súa exposición en que non houbo información e plantexa que se amplíe o prazo de exposición pública. ¡Home! Eu entendo que intente sacar mérito político en certa medida a un proceso de gran relevancia. Vostede deu os datos. Estamos falando dunha magnitude para declarar BIC, un proceso cultural como nunca houbo —creo— en España, en Galicia por suposto, pero creo que en España non houbo un proceso cultural de semellante extensión que vaia ser declarado BIC, paso primixenio e necesario para poder ser declarado patrimonio da humanidade.

Coincidimos nos valores, na importancia, na transcendencia, en todo; niso coincidimos. Vostede intenta, dalgún xeito, meter unha pequena cuña, intentar sacar mérito ou valor ao proceso que se está facendo, que non é un mérito só da Consellería, senón que é un mérito colectivo dos cidadáns e das institucións do conxunto da Ribeira Sacra.

Di que se leva ampliado o prazo. Voulle dicir unha cousa: nunca un expediente BIC tivo tanta exposición pública; catro meses. Catro meses e medio houbo de exposición pública para que todos os cidadáns tivesen a oportunidade de coñecer este proceso e de alegar se quixeran.

E tamén nos fala de falta de información. Vostede tamén citou que houbo reunións. Efectivamente, houbo un inxente número de reunións con diferentes colectivos —eu estiven personalmente nalgunhas—: con alcaldes, coas deputacións, coa DO da Ribeira Sacra, co consorcio, con empresarios, con asociacións culturais, con asociacións de protección do patrimonio, co sector hostaleiro, con guías turísticos, con etnólogos. Houbo unha enorme cantidade de reunións con colectivos, que, por certo, aportaron cuestións sempre en positivo e que moitas delas foron incorporadas ao expediente.

Aquí tamén hai que dicir unha cuestión. Antes da incoación do expediente, en decembro do ano 2019, houbo un proceso de traballo cos colectivos máis importantes desde o ámbito da Ribeira Sacra para que nos suxerisen o que tiñamos que plantexar, por exemplo coa D.O. ou, por exemplo, co Consorcio de Turismo, que nos deron moitas indicacións e moitas cuestións que posteriormente incorporamos en todo o proceso de declaración de BIC.

Creo que houbo un gran traballo de concienciación, un potente traballo de buscar complicidades cos axentes do territorio, e creo que ao final este proceso tivo, como xa dixen, o maior período de exposición pública que houbo nun BIC —máis de catro meses e medio—; non se pode dicir que non houbo información, e ademais eu —que a min me gusta a Ribeira Sacra e paseo por aí— en varios establecementos de turismo rural, ou simplemente en bares das zonas rurais, vin que había moitos carteis de partidos políticos que ían informar sobre o proceso de BIC, e víase nos medios de comunicación.

Co cal, dicir que non hai información, realmente, señor deputado, creo que non é recoñecer toda a verdade, e non é recoñecer todo o bo traballo que se fixo neste expediente. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro, rematou o seu tempo. Grazas.

Réplica, señor Quiroga.

**O señor QUIROGA DÍAZ:** Bueno, señor conselleiro, penso que estamos falando de cousas distintas, eu non neguei a información, e mesmamente lle describín moitos dos actos que tiveron lugar, pero eu estoulle falando de información á poboación en xeral, non a colectivos específicos, e creo que lle amentei un caso concreto que revela esa falta de información. Vostedes informaron o consello reitor da denominación de orixe, e eu dígolle que hai máis de 1.700 viticultores, e que os informados son 11, ¿vale?

Entón, estoulle explicando, por outros procesos que se teñen posto en marcha ao largo e ancho deste mundo, que cando a poboación —a poboación, non só os colectivos— está informada, está implicada e está a favor, os proxectos van moito mellor porque conseguen esa complicidade e transformar a poboación local en axentes activos. A iso me estou referindo, creo que non me entendeu, e eu vivo a pé de obra, e seino porque todos os días falo cos veciños. Non só estamos falando —repito—, non mo tome polo lado dos colectivos, porque nós o que lle estamos pedindo é que se baixe a escala e se baixe á escala da cidadanía que vive nesas zonas, ou que ten propiedade nesas zonas.

Entón, entendemos que son cousas distintas, e entendemos que se necesitan pór en marcha mecanismos de información para chegar ao colectivo máis amplo de cidadáns, de habitantes, deses 646 núcleos, que á fin e ao cabo van ser os habitantes que manteñan vivo despois o tecido paisaxístico e patrimonial da Ribeira Sacra.

Ese é o motivo e o obxectivo da nosa proposta e da nosa pregunta, e da nosa afirmación de que a información non chegou a esas capas, e iso mantéño aquí, porque todos os días convivimos con esa realidade. Entón, son dous planos distintos. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Moitas grazas, señor Quiroga.

Peche, señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** Señor deputado, eu creo que a inmensa maioría dos veciños e da xente da Ribeira Sacra está a favor deste proceso, non escoitei nunca unha declaración en contra, nunca, e vostede entenderá que a Administración fale cos representantes e cos colectivos, obviamente nós falamos coa D.O., moitas veces falamos coa D. O., moitas veces, non imos falar un por un con todos os viticultores, é imposible, pero coa D.O. falamos moitas veces.

Eu, persoalmente, varias veces, e todos os plantexamentos que nos fixeron os cumprimos. ¿Para que? Para que esta declaración non afecte a actividade agraria. Deixamos mensaxes por activa e por pasiva nesta cuestión, para que non afecte o que é a produción dun dos elementos

máis senlleiros na Ribeira Sacra, como pode ser o cultivo da vide, que se cultiva nunhas condicións que todos coñecemos e que lle dan un valor extraordinario á viticultura heroica, que todos coñecemos, co cal creo que é fundamental que haxa unha complicidade, pero creo que hai unha moi boa complicidade.

¿Sabe polo que vexo que hai esa complicidade coa sociedade local? Polo número de alegacións. Voulle confesar unha cousa, cando empezamos este expediente tiñamos medo na Consellería de que houbera un inxente número de alegacións por parte dos cidadáns. Pois tivemos moi poucas, grazas a que houbo un traballo de concienciación fortísimo. Tivemos vinte e oito alegacións, vinte e oito alegacións nun proceso que, como vostede dixo, vinte concellos, moitísimas parroquias, moitísimos núcleos rurais de poboación, miles de parcelas, miles de parcelas, e á parte as alegacións son en positivo, a maior parte, e plantexan que se incrementen bens para protexer tanto na parte central como nos outros ámbitos. Algo tremendamente positivo, iso quere dicir que as persoas que alegaron queren que haxa máis bens protexidos. ¡Perfecto!

Despois tamén hai as típicas alegacións de «saque a miña finca ou meta a miña finca». Cuestións, entre comiñas, máis concretas. Á parte son alegacións presentadas por colectivos, por asociacións culturais, por concellos, e sempre cunha perspectiva positiva de conseguir que a Ribeira Sacra sexa un paraíso —que xa o é—, pero que, dalgún xeito, sexamos capaces de facer deste espazo un elemento tractor e de dinamización económica para este territorio, fundamental, que, por desgracia —como vostede ben sabe—, ten unha forte debilidade produtiva en moitos sectores e ten uns riscos demográficos moi elevados, co cal isto pode ser un revulsivo importantísimo, como foi —ou como é— para moitos concellos o Camiño de Santiago, e niso estamos. Vinte e oito alegacións, só vinte e oito alegacións cando as persoas afectadas son moitísimas, e todas tiñan —a inmensa maioría tiña— coñecemento, porque todos os días nos medios de comunicación se falaba destas cuestións.

¿Que temos que facer agora? ¿Que se vai facer agora? Agora toca resolver as alegacións, solicitar os informes aos órganos sectoriais correspondentes, neste caso a Universidade, o Consello da Cultura Galega ou a Academia de Belas Artes, e posteriormente xa incoar definitivamente, aprobar a incoación do expediente e declarar BIC este ben.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** ¿Cando o faremos? Arredor de finais do ano 2018 ou a principios do 2019...

**O señor PRESIDENTE:** Entendido, xa quedou claro, xa quedou claro. Grazas.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Noela Blanco Rodríguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego respecto da oferta de prazas en escolas públicas infantís da Comunidade Autónoma de Galicia para o vindeiro curso 2018-2019**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra a señora Blanco.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** Moitas grazas, presidente.

Moi boa tarde, señorías. Moi boa tarde, señor conselleiro.

Un dos recursos públicos máis importantes para loitar contra esta sangría demográfica á que nos enfrontamos, e tamén a prol da igualdade de oportunidades entre toda a cidadanía, pero tamén en particular entre homes e mulleres, son as escolas infantís, en particular as escolas infantís públicas, que son ás que nos referimos nesta pregunta que lle facemos hoxe.

¿Que fixeron vostedes con este recurso tan importante dende a chegada do señor Feijóo? Bueno, pois o primeiro foi cambiarlles o nome por revanchismo político, o segundo foi unha suba de prezos de máis do 19 % ao pouco tempo de chegar, incluso multiplicar por dous os prezos do servizo de comedor con incrementos de máis de corenta euros.

En 2015 estableceron, como grandes novidades, os concertos con escolas infantís privadas, algo que non se fixera ata o de agora nesta Comunidade Autónoma. Pero houbo algo que fan de maneira reiterada, cos orzamentos, en campaña electoral, nos debates do estado de Autonomía e en moitos consellos da Xunta, que é intentar emborrachar toda a cidadanía con cifras de creación de novas prazas de escolas públicas. En 2010 eran 4.500; en 2011, 2200; en 2015, 1871; en 2016, 1.000. Non sei se hoxe nos vai dar unha nova cifra de creación.

O certo é que estas máis de trece mil —que eu atopei en hemeroteca— promesas de prazas en escolas públicas se equiparan, aproximadamente, co número de solicitudes que houbo para o vindeiro curso, que se acaban de resolver agora mesmo. Aproximadamente materializáronse un terzo destas prazas, e téñolle que dicir, aínda que non lle guste, que a gran maioría delas eran proxectos que se deixaron feitos nese malo, malísimo, Bipartito de goberno do señor Touriño en coalición co Bloque Nacionalista Galego.

Si que incrementa a bo ritmo o número de prazas concertadas en escolas privadas, a razón do dobre cada ano respecto ao anterior. A este enganabobos hai que engadirlle tamén o fiasco das escolas, esas escolas prometidas en polígonos industriais, cunha execución nas dúas últimas convocatorias que houbo estes dous últimos anos que quedou sen executar un 78,6 %, vostede nos explicará por que. O resultado destas políticas é que hai agora mesmo 3.800 familias en toda a comunidade autónoma que non teñen unha praza pública para o vindeiro curso e que teñen unha gran incerteza porque non saben o que vai acontecer con este tema.

Seguramente volverán facer unha vez máis esa derivación a escolas privadas, e todo isto acontece nunha comunidade autónoma cun gravísimo problema demográfico, onde se pode ver nesta gráfica do INE, perfectamente, que se diminuíu a poboación menor de tres anos nestes últimos cinco anos en máis de...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Blanco

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** ¿Que valoración fai desta situación?

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Blanco.

Resposta do conselleiro de Política Social.

**O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela):** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, señora deputada.

Pois eu concordo con vostede en que unha rede pública de prazas en escolas infantís é un recurso esencial para as familias, e que tamén é un recurso esencial para a conciliación, fundamentalmente para a conciliación, que é un dos eixes de futuro para conseguir unha Galicia mellor, unha Galicia onde as familias poidan desenvolverse, onde as familias poidan ter fillos, que poidan ter tempo para coidar os seus fillos e que poidan ter tempo para desfrutar dos mesmos.

Polo tanto, o primeiro que lle digo é que este goberno nin escatimou nin vai escatimar en apoios ás familias, nin escatimou nin vai escatimar en apoios á conciliación.

Galicia contará para o vindeiro curso escolar 2018-2019 con 10.264 prazas en escolas infantís da rede A Galiña Azul, para nenas e nenos de 0-3 anos. Máis do dobre das que existían no ano 2009. Eu, de verdade, non pretendo emborrachar con datos, pero eu estoulle dando un dato que está recollido todos os anos na convocatoria que se publica no *Diario Oficial de Galicia*. A convocatoria do último curso 2008-2009 era de 5.035 prazas, a do próximo curso 2018-2019, as da Xunta de Galicia da rede A Galiña Azul, 10.264 prazas. Polo tanto, o dobre de prazas que existían naquel momento.

As familias terán ao seu alcance máis prazas na rede pública da Galiña Azul no próximo curso escolar, con novas escolas infantís en Santiago, Lugo, Ourense, A Estrada e Mos, un incremento do número de prazas públicas da rede pública do 4,7 %, e en setembro, no próximo curso escolar, teremos incrementado nun punto o obxectivo que nos plantexabamos para toda a lexislatura.

Mire, nós falamos e o importante dos gobernos é dicir sempre o mesmo, tamén nos momentos electorais. Mire, tróuxenlle aquí o programa electoral, por se non o coñece, de Feijóo «En Galicia Si», o programa do 2016, que di: «Continuar impulsando unha rede de recursos para nenos e nenas de 0-3 anos, co fin de chegar a final de lexislatura a unha ratio de cobertura do 40 %, e aumentar o bono Concilia para garantir no curso escolar lista de espera cero nas escolas de 0-3 anos.» Pois xa temos cumprido, e no próximo curso cumpriremos eses dous obxectivos.

En canto á lista de agarda, 3.800 nenos. Mire, esta lista, como vostede sabe, é provisional, esta lista presenta duplicidades, nesta lista prodúcense renuncias a prazas que obteñen prazas —na maior parte das ocasións prazas públicas—, por exemplo, en escolas municipais, que son a segunda fonte de prazas públicas ofertadas en Galicia.

Moitas grazas. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.



Réplica da señora Blanco.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** Moitas grazas, presidente.

Non soamente, señor conselleiro, para que os que están aquí poidan coidar dos seus fillos e fillas, que vostedes sempre o esquecen, senón tamén para que volva toda esa mocidade (*Aplausos.*) e todo ese talento que está agora mesmo en moitos países europeos, disfrutando, por certo, non dunha caixa finlandesa, senón, en moitos casos, de políticas finlandesas, que é o que deberamos de poñer en marcha.

Di vostede que non escatiman, entón menten, menten porque o presidente da Xunta de Galicia en campaña electoral dixo que o seu obxectivo para esta lexislatura era facer escolas infantís en todos os polígonos industriais. Ben, señor conselleiro, van dous anos e tres escolas infantís, o seu Goberno necesitaría trinta anos máis para cubrir as necesidades de todos estes centros de traballo.

E é máis, dixeron en todos, pero é que no 2016 —no discurso de investidura, que eu tamén me molestei en repasar o do señor Feijóo— eran 400, e é que resulta que o último anuncio eran 250, porque é un verdadeiro fiasco porque non están contando cos axentes sociais para pactar e para levar a cabo e organizar este tema de ningunha maneira, por iso estamos cunha execución— como lle dicía— que está por debaixo do 30 %, o cal debería de avergoñalo, señor conselleiro.

E mire, volvemos ao de sempre, deixamos máis de tres mil prazas proxectadas, son máis do 80 % do que vostedes fixeron nestes últimos anos. E eu non sei se o señor Amancio Ortega é conselleiro deste goberno, porque resulta que as escolas de Ourense, de Santiago —se non me equivoco de Santiago tamén— e de Lugo están financiadas por esta fundación.

E vostede puxo como exemplo, tamén, a escola da Estrada, tanto que presumen de ratio da Unión Europea. Cando se constrúa esta escola na Estrada van seguir por debaixo da ratio mínima exixida, por debaixo do 15 %, menos da metade do que exige a propia Unión Europea. Así que pouco ou nada do que presumir.

¿E que lles dicimos a estas familias que confían, que queren levar os seus fillos a escolas públicas...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** ...e que, por culpa do que están facendo, van ser derivados...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** ...a escolas infantís privadas?

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Blanco.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** Máis nada e moitas grazas, presidente. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Peche da pregunta, señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela):** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Blanco, a verdade é que o primeiro que temos que facer cando estamos nunha Cámara é, como comprenderá vostede, dar datos que poidan obxectivarse, non falar de vontades.

Mire, o Goberno..., a min non me gusta, de verdade, botar a vista a atrás, pero de verdade que cada vez que fan unha pregunta son vostedes os que evocan, precisamente, ese bipartito. Pois mire, había 5.000 prazas públicas da Xunta de Galicia nese bipartito, no último curso escolar dese bipartito; con este goberno —que parece que está retrocedendo tanto en políticas de apoio á familia, de apoio á conciliación— o dobre, máis de 10.000 prazas.

Vostede falta á verdade cando fala de derivación a centros privados. Non hai ningún tipo de concertación con centros privados. O que damos é a posibilidade de que todas aquelas familias que se quedan en lista de agarda nun centro público poidan ter os recursos económicos para elixir o centro ao que van levar os seus fillos. Nin vostede, nin eu, nin ningún deputado desta Cámara; son as familias as que elixen a que centro queren levar os seus nenos e as súas nenas, de verdade. *(Aplausos.)*

Con respecto á promesa de todos os polígonos, de verdade, non viu vostede o noso programa, vírono a maioría dos galegos e a maioría das galegas que nos deron a súa confianza maioritaria. *(A señora Blanco Rodríguez pronuncia palabras que non se perciben.)* Mire, está aquí, está aquí o programa. *(A señora Blanco Rodríguez pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, por suposto, está subraiado e todo. *(A señora Blanco Rodríguez pronuncia palabras que non se perciben.)*

«Consolidación de escolas infantís de 0–3 anos en grandes empresas e polígonos industriais de Galicia», iso é o que pon o programa. «Acadar unha ratio do 40 % da atención»; a recomendada pola Unión Europea, 33 %, a que teremos no próximo curso escolar, 41 %. Na metade da lexislatura teremos conseguido o obxectivo de toda a lexislatura, pero non nos imos conformar con iso. *(Aplausos.)* E imos seguir traballando ata o ano 2020 para seguir aumentando esa ratio de atención aos nosos nenos e ás nosas nenas, ás nosas familias. Porque eles son, de verdade, o futuro de toda Galicia. E imos conseguilo cos recursos de todos os galegos e de todas as galegas.

E mire, señora Blanco, si temos axuda de entidades de carácter social, como da Fundación Amancio Ortega, que vostede parece que se ri das aportacións... *(A señora Blanco Rodríguez pronuncia palabras que non se perciben.)* Que unha fundación voluntariamente para todos os galegos —non para un goberno— promova a construción de escolas que despois son xestionadas con carácter público por empregados e empregadas da Xunta de Galicia, alá vostede e alá o seu grupo. Nós cremos no desenvolvemento de Galicia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.


Antes de suspender o pleno quixera comentar dúas cousas. A primeira, non hai moita información —eu non a teño, polo menos—, pero produciuse un accidente en Tui, en Guilla-rei. E, en todo caso, como non teño moita información, nestes casos o mellor é non dala. O que si trasladar a nosa solidariedade e apoio, por este accidente que se acaba de producir, a todos os veciños. E isto é en nome de todos os deputados do Parlamento.

Agora, a título persoal, eu quéroilles dar as grazas porque este pleno o terminamos sen ningunha chamada á orde. E tampouco houbo moito motivo para chamar á orde; a verdade é que foi un pleno que tivo as súas cousas, pero non houbo demasiados incidentes para chamar á orde. Polo tanto, doulles as grazas por todo iso. Non vai por min, vai en memoria dese señor, de Carlos López Crespo. A el dediqueille, precisamente hoxe, o non chamar á orde a ninguén.

E nada máis. Moitas grazas por todo. (*Aplausos.*)

Levántase a sesión. (*Aplausos.*)

*Remata a sesión ás seis e trinta e seis minutos da tarde.*



PARLAMENTO  
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25